



XIV CONGRESO INTERNACIONAL DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

LIVRO DE RESUMOS

17-20 ABRIL | UNIVERSIDADE DO MINHO

CARLOS PAZOS-JUSTO, ALBERTO PAZ-FELIX &
ANA CRISTINA CARNEIRO SILVA (ORGANIZADORES)

ENTIDADES ORGANIZADORAS



ENTIDADES COLABORADORAS



ÍNDICE

APRESENTAÇÃO.....	2
PRESENTACIÓN.....	3
COMISIÓNS	4
ENTIDADES	6
SÉSIONS PLENARIAS.....	7
17 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	8
18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	9
19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	10
20 ABRIL – CENTRO CULTURAL VILA FLOR (GUIMARÃES)	11
COMUNICACIÓNS E PANEIS.....	12
17 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	13
18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	39
19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR	82
20 ABRIL – CENTRO CULTURAL VILA FLOR (GUIMARÃES)	138
PROGRAMA SOCIAL.....	146

APRESENTAÇÃO

O XIV Congresso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) terá lugar na Universidade do Minho (Braga/Guimarães, Portugal), de 17 a 20 de abril de 2024. A comissão organizadora convida as pessoas associadas e, em geral, a comunidade científica das Ciências Sociais e Humanas, para participar nesta nova edição do congresso da AIEG.

Sob o título Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonia, o XIV Congresso da AIEG pretende ser um espaço para a reflexão da relação entre a Galiza e os estudos galegos com o que se tem denominado de Lusofonia. Como se sabe, já nos inícios da irrupção do galeguismo cultural (e político) no século XIX – e, portanto, em boa medida, também do início do que podemos entender por estudos galegos – Portugal e a sua cultura – o mundo em português em geral – ocuparam uma posição não menor nas elaborações dos galeguistas. Com o passar dos anos, se a chamada questione della lingua, problematizou polemicamente o encontro, o relacionamento, hoje, num novo contexto marcado, entre outros fatores, pela construção europeia, as relações de variado signo aos dois lados do rio Minho ou mesmo do oceano Atlântico e doutras latitudes, experimentam um novo fôlego, muito provavelmente inédito na Época Contemporânea.

Neste quadro, sob uma diversidade de abordagens, pretendemos promover o debate sobre as relações culturais e outras entre a Galiza e a Lusofonia que podem partir de questões como: estamos na atualidade perante um novo tempo nas relações de variado tipo entre Galiza-Portugal-Lusofonia?; a chamada Euro-região Galiza-Norte de Portugal é uma entidade com dimensão cultural?; quais são os elementos culturais (língua, história, paisagem, etc.) em que se apoia(va)m as iniciativas de inter-relação?; em que medida os Estudos Galegos devem/podem estabelecer pontes com o espaço poliédrico da Lusofonia?

Com as comemorações dos 50 anos do 25 de Abril como pano de fundo, convidamos a comunidade académica a submeter propostas que integrem análises críticas sobre os relacionamentos no espaço cultural, académico e institucional delimitado. Terão cabida propostas em linha com os dois grandes âmbitos temáticos sintetizados a seguir:

1.º Âmbito geral de Estudos Galegos: linguístico, literário, histórico, económico, antropológico, filosófico, sociológico, artístico, etc.

2.º Estudos galegos e/na Lusofonia:

- Políticas culturais e linguísticas e Lusofonia na Galiza;
- Estudos Galegos nos países de língua portuguesa;
- Mobilidades laborais, turísticas, académicas, etc. Galiza-Lusofonia;
- Património(s) materiais e imateriais partilhados;
- Desfronzeirização e Euro-região Galiza-Norte de Portugal;
- Lusofonia e pós-colonialismo
- Línguas do congresso: galego e português (a comissão organizadora poderá aceitar propostas noutras línguas).

PRESENTACIÓN

O XIV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) terá lugar na Universidade do Minho (Braga/Guimarães, Portugal), do 17 ao 20 de abril de 2024. A comisión organizadora convida as persoas asociadas e, en xeral, a comunidade científica das Ciencias Sociais e Humanas, para participar nesta nova edición do congreso da AIEG.

Baixo o título Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía, o XIV Congreso da AIEG pretende ser un espazo para a reflexión sobre a relación entre Galiza e os estudos galegos co que se ten denominado Lusofonía. Como se sabe, xa nos inicios da irrupción do galeguismo cultural (e político) no século XIX – e, polo tanto, en boa medida, tamén do inicio do que podemos entender por estudos galegos – Portugal e a súa cultura – o mundo en portugués en xeral – ocuparon unha posición non menor nas elaboracións dos galeguistas. Co pasar dos anos, se a chamada questione della lingua, problematizou polemicamente o encontro, a relación, hoxe, nun novo contexto marcado, entre outros factores, pola construción europea, as relacións de variado signo aos dous lados do río Miño ou mesmo do océano Atlántico e doutras latitudes, experimentan un novo folgo, moi probabelmente inédito na Época Contemporánea.

Neste cadro, baixo unha diversidade de abordaxes, pretendemos promover o debate sobre as relacións culturais, e outras, entre Galiza e a Lusofonía que poden partir de cuestións como: estamos na actualidade perante un novo tempo nas relacións de variado tipo entre Galiza-Portugal-Lusofonía?; a chamada Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal é unha entidade con dimensión cultural?; cales son os elementos culturais (lingua, historia, paisaxe etc.) en que se apoia(ba)n as iniciativas de interrelación?; en que medida os Estudos Galegos deben/poden establecer pontes co espazo poliédrico da Lusofonía?

Coas conmemoracións dos 50 anos do 25 de Abril como pano de fondo, convidamos a comunidade académica a someter propostas que integren análises críticas sobre as relacións no espazo cultural, académico e institucional delimitado. Terán cabida propostas en liña cos dous grandes ámbitos temáticos sintetizados a seguir:

Ámbito xeral de Estudos Galegos: lingüístico, literario, histórico, económico, antropolóxico, filosófico, sociolóxico, artístico etc.

Estudos galegos e/na Lusofonía:

- Políticas culturais e lingüísticas e Lusofonía en Galiza.
- Estudos Galegos nos países de lingua portuguesa;
- Mobilidades laborais, turísticas, académicas etc. Galiza-Lusofonía.
- Patrimonio(s) materiais e inmateriais compartidos.
- Desfronxeirización e Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- Lusofonía e poscolonialismo.
- Linguas do congreso: galego e portugués (a comisión científica poderá aceptar propostas noutras linguas).

COMISIÓNS

COMISIÓN DE HONRA

- Kathleen March (Universidade de Maine)
- John Rutherford (Universidade de Oxford)
- Burghard Baltrusch (Universidade de Vigo)
- Débora Campos (Universidade de Buenos Aires)
- Carmen Mejía (Universidade Complutense de Madrid)
- Pere Ferré (Universidade do Algarve)
- Antonio Carreño (Universidade de Brown)
- Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

COMISIÓN ORGANIZADORA

- Alberto Paz-Félix
- Ana Tarrío
- Antón García
- Carlos Pazos-Justo (coord.)
- Iria Domínguez Márquez
- Héctor Pardo Álvarez
- María Jesús Botana Vilar
- María Alonso
- Marco Paone

COMISIÓN CIENTÍFICA

- Álex Alonso Nogueira (Universidade da Cidade de Nova Iorque)
- Álvaro Iriarte (Universidade do Minho)
- Ana Garrido (Universidade de Varsóvia)
- Ana Luna (Universidade de Vigo)
- Antón Corbacho (Universidade Federal de Goiás)
- Attilio Castellucci (Universidade de Roma 'La Sapienza'.)
- Bernardo Sakanene (Escola Superior Pedagógica do Bengo)
- Carlo Pulsoni (Universidade de Perugia)
- Carmen Villarino (Universidade de Santiago de Compostela)
- David Miranda-Barreiro (Universidade de Bangor)
- Elisa Fernández Rei (Universidade de Santiago de Compostela)
- Eva Moreda (Universidade de Glasgow)
- Gabriel Rei-Doval (Universidade de Wisconsin-Milwaukee)
- Inocência Mata (Universidade de Lisboa)
- Iolanda Ogando (Universidade de Extremadura)
- Johannes Kabatek (Universidade de Zurich)
- Jorge Baptista (Universidade do Algarve)
- José Gabriel Andrade (Universidade do Minho)
- Katarzyna Moszczyńska-Dürst (Universidade de Varsóvia)
- Maria Aldina Marques (Universidade do Minho)
- María Alonso Alonso (Universidade de Santiago de Compostela)
- María Jesús Botana Vilar (coord.) (Universidade do Algarve)
- María Xesús Lama López (Universidade de Barcelona)
- Martín Veiga (Universidade de Cork)
- Micaela Ramón (Universidade do Minho)
- Mirian Tavares (Universidade do Algarve)
- Paula Godinho (Universidade Nova de Lisboa)
- Pedro Dono (Universidade do Minho)
- Rebeca Blanco-Rotea (Universidade do Minho)
- Ricardo Pichel (Universidade de Alcalá)
- Sandra Boto (Universidade do Algarve)
- Silvia Bermúdez (Universidade de Santa Bárbara)
- Uli Reich (Universidade de Berlín)
- Vítor Míguez (Universidade de Santiago de Compostela)
- Xerardo Pereiro (Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro)
- Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

ENTIDADES

ENTIDADES ORGANIZADORAS

- Asociación Internacional de Estudos Galegos
- Centro de Estudos Galegos da Univ. do Minho
- Centro de Estudos Galegos da Univ. do Algarve
- Centro de Estudos Galegos da Univ. Nova de Lisboa
- Cátedra de Estudos Galegos da Univ. de Lisboa

ENTIDADES COLABORADORAS

- Universidade do Minho
- Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas
- Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho
- Centro de Investigação em Artes e Comunicação
- Xunta de Galicia
- Consello da Cultura Galega
- Câmara Municipal de Braga
- Câmara Municipal de Guimarães
- Canto D'Aqui

SÉSIONS PLENARIAS

17 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

AUDITÓRIO B1 (CPII)

11:30 – 12:45

CONFERENCIA DE ABERTURA

Título	GALIZA – NORTE: COOPERAÇÃO OU IRMANDADE?
Orador	ANTÓNIO CUNHA (CCDRN)
Moderador/a	ÁLVARO IRIARTE (UMINHO)

16:30 – 18:30

MESA REDONDA

Título	INICIATIVAS ALÉN E AQUÉN MIÑO
Oradores	SANTIAGO VELOSO (PONTE NAS ONDAS) ÁNGEL MIRAMONTES (CEER) JAIME TORRES (CONVERGÊNCIAS PORTUGAL-GALIZA E FESTIVAL CASTRO GALAICO) XOSÉ LAGO GARCÍA (OBSERVATORIO DA LUSOFONIA VALENTÍN PAZ ANDRADE)
Moderador/a	DANIEL PALAU (IGADI)

18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

AUDITÓRIO B1 (CPII)

11:30 – 12:45

CONFERENCIA PLENARIA

Título	O GALEGO EM PORTUGAL, 2.0
Orador	MARCO NEVES (UNL)
Moderador/a	MARÍA JESÚS BOTANA VILAR (UALG)

17:30 – 19:00

MESA REDONDA

Título	A AIEG E OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR. HORIZONTES DE FUTURO
Oradores	ATTILIO CASTELLUCCI (SAPIENZA) BURGHARD BALTRUSCH (UVIGO) THAYANE GASPAR (UFRJ) DÉBORA CAMPOS (UBA)
Moderador/a	MARÍA XESÚS LAMA (UB)

19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

AUDITÓRIO B1 (CPII)

11:15 – 12:30

CONFERENCIA PLENARIA

Título	RODEIRAS E RETOS DOS ESTUDOS DE XÉNERO E SEXUALIDADE NOS ESTUDOS GALEGOS
Orador	PROF. HELENA GONZÁLEZ (UB)
Moderador/a	ANA BESSA CARVALHO (UMINHO)

20 ABRIL – CENTRO CULTURAL VILA FLOR (GUIMARÃES)

PEQUENO AUDITÓRIO

11:30 – 13:45

CONFERENCIA PLENARIA

Título	A GALIZA E A LUSOFONÍA, E VICEVERSA. UNHA CONVERSA.
Oradores	ROSARIO ÁLVAREZ (CCG) JOÃO NEVES (ILLP)
Moderador/a	MICAELA RAMÓN (UMINHO)

COMUNICACIÓNS E PANEIS

17 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

14:15 – 16:00

AUDITÓRIO B1 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a	HÉCTOR PARDO (UNL)
--------------------	--------------------

Autor/a	DIEGO SANDE VEIGA (USC)
----------------	--------------------------------

Título	AS RELACIÓNS COMERCIAIS DE GALICIA COA COMUNIDADE DE PAÍSES DE LÍNGUA PORTUGUESA
---------------	--

Resumo A publicação da Lei Paz Andrade e da Lei sobre a Acção Externa da Galiza marca um ponto de viragem nas relações económicas internacionais da Galiza com a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Por esta razão, a Galiza deve moldar e desenvolver uma nova estratégia em termos de relações comerciais com este grupo de países, com os quais tem uma afinidade cultural histórica. Este artigo analisa o estado actual destas relações comerciais a fim de elucidar os aspectos estratégicos que precisam de ser trabalhados no futuro a fim de desenvolver a regulamentação actual. A análise proposta (através do estudo de dados de várias fontes oficiais e institucionais, etc.) procura identificar oportunidades de melhoria da acção institucional externa e da acção das empresas galegas em relação à Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Os resultados mostram que a situação em cada país é diferente, pelo que seria apropriado combinar diferentes medidas para aprofundar as relações comerciais com estes países.

CV Diego Sande Veiga (Santiago de Compostela) é coordenador da Liña de investigación en Economía do IGADI. É profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Economía e Empresa. É ademais funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. As súas liñas de investigación principais céntranse no impacto das políticas públicas de innovación en Galicia, na xestión e aplicación dos Fondos Europeos para o desenvolvemento rexional e na innovación tecnolóxica medioambiental. Colabora co Grupo de Investigación ICEDE (Innovación, Cambio Estrutural e Desenvolvemento) da Universidade de Santiago de Compostela e co IGADI (Instituto Galego de Documentación Internacional). Forma parte do Consello de Redacción da Revista Tempo Exterior. Participou en numerosos congresos nacionais e internacionais e publicou libros e numerosos artigos en revistas científicas e técnicas, ademais de colaborar con diferentes medios de comunicación.

Autor/a	RUY FARÍAS (UNSAM)
Título	DONAS DE SEU? EXPERIENCIAS LABORAIS E DE INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS EM BOS AIRES (SÉCULO XX)
Resumo	A muller é un suxeito histórico fundamental dentro das migracións ultramarinas galegas. Ningún destino americano foi para elas tan importante como o arxentino, onde centenaes de miles viviron, traballaron, conservaron e transmitiron a súa cultura. Con todo, os estudos migratorios han invisibilizado as súas dinámicas particulares e experiencias, véndoas tradicionalmente como meras acompañantes dos seus paisanos ou parte de fenómenos de reagrupación familiar, o que dificultou a comprensión da súa realidade e deu orixe a estereotipos e minusvalorizacións. Aínda que nas últimas tres décadas os nosos coñecementos acerca dos emigrantes de Galicia na Arxentina experimentaron notables avances, continúa sendo pouco o que sabemos sobre a problemática particular das mulleres desa orixe. É necesario avanzar no coñecemento das súas realidades individuais e colectivas, visibilizando os cambios (ás veces drásticos) que a emigración puido xerar na súa vida cotiá. A partir da información consignada en diversas fontes cualitativas e cuantitativas (biografías, autobiografías, libros colectivos de testemuños, ensaios e contos baseados en experiencias reais, testemuños orais, arquivos de fábricas, etc.), o presente traballo busca botar luz sobre a experiencia de integración destas persoas na área da cidade de Buenos Aires ao longo do século XX.
CV	Ruy Fariás (Bos Aires, 1972). Profesor de Ensiñanza Media e Superior en Historia pola Universidad de Buenos Aires (con Diploma de Honor) e Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, USC (Premio Extraordinario de Doutorado). Investigador Independente do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas (CONICET), con sé de traballo no Laboratorio de Investigación en Ciencias Humanas (CONICET – Universidad Nacional de San Martín, UNSAM), docente da Licenciatura en Historia e Director Académico da Cátedra Galicia-América (ambalasdúas na UNSAM). É, ademais, membro da Comisión de Relacións Institucionais e Acción Exterior do Consello da Cultura Galega, colaborador do Laboratório de Estudos de Imigração (Universidade do Estado do Rio de Janeiro) e do Grupo de Investigación de Historia política y de los Nacionalismos (HISPONA, USC). Especialista en migracións e exilios españois na Arxentina, contemplando aspectos que van dende os factores macroestructurais ós microsociais, e dos indicadores da integración ós imaxinarios colectivos, representacións, etc. Autor de máis de 30 artigos en revistas especializadas e de divulgación, así como de dúas decenas de capítulos en volumes colectivos. Compilou u organizou os libros Bos Aires galega (2010), Novos olhares sobre a imigração ibérica em América Latina (ss. XIX-XX) e Entre os trópicos e o Rio da Prata. Estudos comparados de imigração galega no Rio de Janeiro e em Buenos Aires (os dos últimos, de 2013 y 2022, xunto a Érica Sarmiento). É también coautor de Los “gallegos” en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa (2008, junto a María Rosa Lojo y Marina Guidotti de Sánchez), e autor de La inmigración gallega en el Sur del Gran Buenos Aires, 1869-1960 (2010).

Autor/a	CARME SILVA-DOMÍNGUEZ (USC)
Título	DA MOBILIDADE ACADÉMICA AO RETORNO TRANSXERACIONAL: ANÁLISE DO PROGRAMA DE BOLSAS BEME DA XUNTA DE GALICIA (2017-2022)
Resumo	A comunicación centrarase na análise das bolsas BEME (Bolsas Excelencia Mocidade Exterior), iniciativa do goberno galego que procura tanto a promoción do retorno transxeracional (Durand 2006), ou retorno ás raíces (Oso Casas et al. 2008) como un retorno clásico, de primeira xeración. Para o traballo terase en conta o crecente interese no estudo da mobilidade académica internacional (Raghuran 2013, Börjesson 2017, Riaño et al. 2018, Sandra 2020), e nas políticas de retorno desenvolvidas, coma esta, por diferentes instancias institucionales (Rovetta Cortés 2018; Tsuda & Song 2019; González-Martín & Pumares, 2021, Pinho et al. 2022). Propónse estudar o papel que xoga o entramado cultural ligado á lingua galega na decisión de transformar a inicial mobilidade académica en retorno transxeracional. A análise utilizará como material 30 entrevistas semidirixidas a bolseiros/as BEME e partirá do modelo de cinco fases no proxecto migratorio empregado en Capote Lama e Fernández Suárez (2021), que permite observar a cuestión desde unha perspectiva evolutiva. BIBLIOGRAFÍA Börjesson, M. (2017) "The global space of international students in 2010", <i>Journal of Ethnic and Migration Studies</i>, 43 (8), 1256-1275, https://doi.org/10.1080/1369183X.2017.1300228 Capote Lama, A. e Fernández Suárez, B. (2021) "La Nouvelle Vague de la emigración española en Francia: proyectos migratorios y tipos de migrantes", <i>Revista Española de Sociología</i>, 30 (4), 1-23, http://doi.org/10.22325/fes/res.2021.23 Durand, J. (2004) "Ensayo teórico sobre la migración de retorno. El principio del rendimiento decreciente", <i>Cuadernos Geográficos</i>, 35 (2), 103-116. González-Martín, B. & Pumares, P. (2021) "De vuelta a casa: el retorno de los jóvenes españoles desde Europa", <i>Revista Española de Sociología</i>, 30 (4), 1-22, https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.73 Oso Casas, L., Golías Pérez, M. & Villares Varela, M. (2008) "Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del Puente transnacional", <i>Política y Sociedad</i>, 2008, 45 (1), 103-117. Pinho, F., Góis, P. & Marques, J. C. L. (2022) "Portugal e Espanha, países para regressar: Uma análise comparativa de políticas de recuperação de emigrantes", <i>Cidades, Comunidades e Territórios</i>, 44, 104-120, http://journals.openedition.org/cidades/5960 Raghuran, P. (2013) "Theorising the Spaces of Student Migration", <i>Population, Space and Place</i>, 19, 138-154, https://doi.org/10.1002/psp.1747 Riaño Y., Van Mol, C. & Raghuran, P. (2018) "New directions in studying policies of international student mobility and migration", <i>Globalisation, Societies and Education</i>, 16 (3), 283-294, https://doi.org/10.1080/14767724.2018.1478721 Rovetta Cortés, A. I. (2018) "No me toca el corazón: examinando las políticas para la diáspora en Galicia y el Véneto, Papers. Revista de Sociología", 103 (3), 395-421, https://doi.org/10.5565/rev/papers.2434 Sandra, I. (2020) "Transnational Education: Looking at Out- and Inflow of International Student Migration", <i>Journal of Moral and Civic Education</i>, 4 (1), 52-59, https://doi.org/10.24036/8851412412020239

Tsuda, T. & Song, C. (2019): "The causes of diasporic return: A comparative perspective", en *Diasporic Returns to the Ethnic Homeland. The Korean Diaspora in Comparative Perspective*. ed. por T. Tsuda e C. Song, Nueva York: Palgrave Macmillan, 17-34.

CV Carme Silva Domínguez (<https://orcid.org/0000-0002-2839-9901>), licenciada en Filoloxía Hispánica e doutora en Filoloxía Galega (2001) pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesora titular do Departamento de Filoloxía Galega desta universidade, pertence nela ao grupo de investigación FILGA (Filoloxía e Lingüística Galega) e na actualidade é membro do equipo de investigación A lingua da xente nova. Competencia, cambio lingüístico, actitudes e cambio de lingua.

Artigos recentes da autora son os seguintes:

2020, "El posesivo en construcciones de valor locativo de la lengua gallega: innovación lingüística e interferencia a partir del análisis de corpus contemporáneos", *Moderna Sprak*, 3, pp.226-263, <https://doi.org/10.25364/19.2021.6.2>

2021, "O posesivo non concordado en galego e en castelán de Galicia como mudanza sintáctica en curso", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 24, pp. 191-216, <https://doi.org/10.5209/madr.80240>

2021, "Estructuras con posesivo y sustantivos relacionales humanos en gallego y portugués europeo. Semejanzas y diferencias en una evolución común", *Studia Linguistica Romanica*, 6, pp. 16-44, <https://doi.org/10.25364/19.2021.6.2>

En prensa, con N. Bermingham (Universidad de Liverpool), "Identidade e linguas no retorno transxeracional. Análise do programa Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (Xunta de Galicia, 2017-2023)", monográfico da editorial de la Universidad de Varsovia, coords. Michał Belina (Uniwersytet Warszawski), Bartosz Dondalewski (Uniwersytet Jagielloński) & Aleksandra Jackiewicz (Uniwersytet Warszawski).

En prensa, "Procedementos de xeneralización e marcado da implicación no corpus CORTEGAL: entre a linguaxe académica e o rexistro coloquial da lingua", en M. Álvarez de la Granja & V. Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego. Estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes, anexo de la revista Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.

Autores/as **MARIA JOÃO DA CRUZ RODRIGUES MOREIRA**
INÊS LOPES (UMINHO)

Título TUTELA JURÍDICA DOS CAMINHOS DE SANTIAGO: PORTUGAL E GALIZA

Resumo A institucionalização dos Caminhos de Santiago em Portugal ocorreu, de grosso modo, no ano 2019 com a aprovação do Decreto-Lei nº 51/2019, de 17 de abril, através do qual se estabelece e regula o processo de certificação dos itinerários jacobinos em território lusitano. Até ao momento encontram-se certificados quatro itinerários, nomeadamente, o Caminho Português de Santiago Central Troço Alentejo-Ribatejo, Caminho Português do Interior e o Caminho Português da Costa e o Caminho Português de Santiago Central – Região Centro. Ao longo desta comunicação pretende-se refletir, através de uma análise comparativa entre a legislação portuguesa e galega, sobre o enquadramento legal dos Caminhos de Santiago e o seu desenvolvimento.

CV MARIA JOÃO DA CRUZ RODRIGUES MOREIRA

Maria João Moreira, advogada, Assistente Convidada da ESE/PPorto, doutora em Estudos Culturais e investigadora do CEHUM, pertencendo ao Grupo de Investigación da Galabra da UMinho. INÊS LOPES Inês Americano Lopes, mestre em Património Cultural (Lopes, 2020), colabora com o Grupo Galabra-UMinho desde 2019 e desenvolve a sua atividade profissional no Departamento de Cultura no Município de Montalegre.

SALA 0.17 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a	ALDINA MARQUES (UMINHO)
Autores/as	MARCO PAONE (UNIPG) DIANA PEPPOLONI (UNIPG) PAULA CRISTINA DE PAIVA LIMÃO (UNIPG)
Título	FRASEODIDÁCTICA, XEOGRAFÍA E ETNOCULTUREMAS: O GALEGO L3/4 ENTRE ITALIANO, ESPAÑOL E PORTUGUÊS
Resumo	A educación plurilingüe e intercultural representa un recurso fundamental para valorizar a diversidade como fonte de enriquecemento e comprensión recíproca dos cidadáns europeos. As institucións educativas, en primeiro lugar as académicas, deben elaborar estratexias e praxis didácticas para lograr este obxectivo, especialmente no caso das linguas minorizadas. A fraseodidáctica, ao utilizar unidades léxicas cunha forte impronta cultural, pode ser un punto de arranque importante para facilitar a competencia plurilingüe e pluricultural de estudantes —máis ou menos especializados— e futuro cidadáns a través dunha aproximación plural ao estudo dos idiomas, è dicir, a intercomprensión (IC), que se basa na capacidade dos falantes de entender unha lingua estranxeira sen tela aprendida ou estudada directamente, senón a raíz do coñecemento previo dunha ou máis linguas que pertencen á mesma familia lingüística. A toponomástica e os etnoculturemas presentes en moita fraseoloxía románica pode ser un punto importante para desvelar paralelismos interlingüísticos, diferenza culturais e estereotipos relativos a linguas e culturas de contacto, que se coñecen e estudan pouco. No caso do galego, a súa presenza na oferta didáctica dos CEGs en cursos monolingües reduce a posibilidade de difusión do seu estudo, sobre todo cando ten que confrontarse, mesmamente nos graos de linguas e culturas estranxeiras, cos estudos de linguas “hexémones” como italiano, español e portugués. Nesta achega, tratamos de avanzar unhas propostas didácticas basadas na IC para o estudo inicial da lingua e cultura galega a través da fraseoloxía xeográfica e étnica nas aulas de español e portugués para estudantes italófonos para cautivar o interese de máis estudantes, promover as competencias didácticas necesarias para unha pedagogía orientada cara á comprensión recíproca por medio da explotación de repertorios plurilingües parciais de docentes e estudantes, crear e compartir uns

novos, ademais de ofrecer un modelo para o estudo doutras idiomas máis ou menos minorizados.

BIBLIOGRAFIA

- Blanche-Benveniste, C. (2008). «Aspetti lessicali del confronto tra lingue romanze. Esiste un lessico europeo?». En M. Barni, C. Bagna, & D. Troncarelli (Eds.), *Lessico e apprendimenti*. Milano, 47-66.
- Bonvino, E. (2010). «Intercomprensione. Percorsi di apprendimento/insegnamento simultaneo di portoghese, spagnolo, catalano, italiano e francese». Enn M. Mezzadri (Ed.), *Le Lingue dell'educazione in un mondo senza frontiere*. Perugia: Guerra Edizioni.
- Cadernos de Fraseoloxía Galega, Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia.
- Campos Bandrés, I. O. (2019). «Hacia una didáctica de la lengua minorizada en contextos de asimilación lingüística. Algunas aportaciones desde la teoría». *DIGILEC: Revista Internacional de Lenguas y Culturas*, 5, 36-51.
- García Azkoaga, I. M. (2019). «Didáctica de las lenguas y educación bi/plurilingüe: algunos retos para la EIB». *Enunciación*, 24(1), 45–60.
- García Benito, A. B. (2014). «Negócio da China, homem das Arábias, trabalhar como um galego...: estereotipos nacionales en la lengua portuguesa». *Paremia*, 23: 2014, pp. 69-78.
- Garcia Muniz, A., Aparecida Marques, E., José da Cruz, T. (2022). *Fraseologia e paremiologia: múltiplas abordagens*. Campo Grande – MS: Editora UFMS.
- González Rey, M^a. I. (2012). «De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica». *Paremia*, XXI, 67-84.
- Honzález Rey, M^a. I. (2014). *Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela – Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Rosi, F. (2020). *Intercomprensione e plurilinguismo: studenti universitari di lingue e di discipline non linguistiche a confronto*. *Cuadernos de Filología Italiana*, 27, 137-165.

CV MARCO PAONE

Marco Paone é docente e investigador de lingua española e tradución na Universidade de Perugia, onde tamén é codirector do Centro de Estudos Galegos. Os seus principais intereses de investigación céntranse no ensino e historia da lingua española, en cuestións de tradución, historiografía literaria e literatura comparada relativas aos contextos ibérico, hispanoamericano e italiano. Nesta liña editou o volume *Constelación latinoamericano: intelectuales y escritores entre traducción, crítica y ficción* (2020) e a monografía *Antologías, poesía, traducción: una perspectiva comparada transatlántica entre Italia, España y Arxentina (1950-2010)* (2022). Como tradutor, editou a edición italiana dalgunhas obras de Lois Pereiro, Uxío Novoneyra, Berta Dávila, Teresa Colom.

DIANA PEPPOLONI

Diana Peppoloni é docente e investigadora de Didáctica das Linguas Modernas e Teoría e Técnicas da Tradución na Universidade de Perugia. Os seus principais intereses de investigación inclúen o uso de corpus e tecnoloxías dixitais na aula de linguas, a identificación e análise das características lingüísticas da comunicación académica falada e o desenvolvemento de vías de reflexión metalingüística para o ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Entre as súas publicacións lembramos, a este respecto, as dúas monografías Glottodidattica e metalinguaggio (Guerra Edizioni) e Per una didattica digitale delle lingue (Mondadori Editore).

PAULA CRISTINA DE PAIVA LIMÃO

Actualmente investigadora e docente de Linguas portuguesas e brasileiras na Universidade de Perugia, e cofundadora do CILBRA (Centro de Estudos Comparados Italiano-Luso-Brasileños), Paula Cristina De Paiva Limão dedícase dende hai uns anos á lingüística contrastiva do portugués e do italiano, con especial atención ao sistema verbal e á adquisición de categorías aspectuais. Neste contexto publicou o volume, Il Tempo e Aspetto del “Perfetto Composto” in portoghese e in italiano (2010).

Os seus moitos anos de ensino da lingua portuguesa no contexto italiano levouna a abordar e interesarse polos temas relacionados co ensino do portugués LS, en particular a variación lingüística e as variacións no ensino da morfosintaxe da lingua portuguesa.

Ademais, dedicou a súa atención ás linguas de contacto en América Latina, neste caso ás derivadas do contacto coas linguas dos inmigrantes no Brasil, como o italiano, e ás linguas de fronteira como o portunhol ou ás linguas literarias de fronteira, como portunhol selvagem. Sobre estes temas, entre outras publicacións, destacamos o volume do que é coautor, America Latina: Crocevia di lingue di contatto (2013).

Autor/a **XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI (UDC)**

Título **COMUNIDADES LINGÜÍSTICO-CULTURAIS E FRONTEIRAS ESTATAIS: O CASO DA RAI GALEGO-PORTUGUESA**

Resumo É sabido que os límites político-administrativos entre os estados rara vez coinciden coas fronteiras lingüísticas e culturais. A este respecto, o caso da Galiza e do norte de Portugal non constitúe unha excepción: desde os primordios da historia, e durante moito tempo, mesmo despois da emerxencia do Condado Portucalense a respecto do reino galego en finais do século XI, puido verificarse até hoxe e día a continuidade cultural e lingüística nas dúas marxes da fronteira estatal, unha fronteira, aliás, que só comezou a ser fixada definitivamente por causa do Tratado de Limites entre Portugal e España de 1864. Tomando como punto de partida datos etnográficos, históricos, musicais etc., pretendemos con este contributo, por tanto, corroborarmos esa vella identidade cultural espellada de maneira recíproca nos dous lados da raia, nomeadamente no mundo rural.

BIBLIOGRAFIA

Amoedo Martínez, Diego (2018). Usos e Desusos das Terras de Tourém. Transformações Socioterritoriais numa Aldeia Rural Fronteiriça do Norte de Portugal com a Galiza. Allariz / Montalegre: Fundación Vicente Risco & Câmara Municipal de Montalegre.

Barros, Carlos (1994). “La frontera medieval entre Galicia y Portugal”, Medievalismo. Boletín de la Sociedad Española de Estudios Medievales, 4, 27-39.

Campos, Ana (2009). O Relacionamento Portugal-Galiza: das Afinidades Históricas e Lingüísticas à Cooperação Económica. Dissertação de Mestrado. Faculdade de Letras da Universidade do Porto.

Fernández Cortizo, Camilo (2007). “‘Ir aos ganhos’: a emigración galega ao norte de Portugal (1700-1850)”, in Hernández Borge, Julio, & González Lopo, Domingo L. (eds.), *Pasado e presente do fenómeno migratorio en Europa*, 17-49. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco & Cátedra UNESCO 226 sobre Migracións da Universidade de Santiago de Compostela.

Krüger, Fritz (1947). *El léxico rural del noroeste ibérico*. Anejo XXXVI da Revista de Filología Española. Madrid: Centro Superior de Investigacións Científicas.

Lima, Fernando de Castro Pires de (1932). “Afinidades galaico-minhotas do cancionero popular”, sep. de Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, IV, 239-56. Santiago de Compostela: Nós.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2008). “O portugués popular europeo dos séculos XVI-XIX e a sua importância para o estudo do Galego Médio”, *Revue Romane*, 42/2, 248-72.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2022) [2021]. *O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Sousa, Xulio et al. (eds.) (2014). *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Universidade de Santiago de Compostela.

CV Xosé Manuel Sánchez Rei (A Coruña, 1973) é profesor titular na Universidade da Coruña na Área de Filoloxía Galega e Portuguesa. O seu campo de estudo é a gramática da lingua galega actual e a linguaxe literaria contemporánea, temas sobre os cales ten dado a lume traballos en publicacións especializadas de ámbito nacional e internacional: *Cadernos de Lingua*, *Diacrítica-Ciências da Linguagem*, *Estudios Románicos*, *LaborHistórico*, *Madrygal*, *Revista de Letras*, *Revista de Linguas y Literaturas Catalana*, *Gallega y Vasca*, *Revista Galega de Filoloxía*, *Oceanide*, *Revue Romane*, *Verba* etc. Canto aos seus libros, sobresaen *Se o vós por ben tiverdes. A interpolación pronominal en galego* (1999, premio Carvalho Calero 1998 de Investigación Lingüística), *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo* (1999), *Os pronomes demostrativos: do latín ao galego contemporáneo* (2002), *A lingua literaria galega no século XIX* (2005, en colaboración con X. R. Freixeiro e G. Sanmartín), *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (2006, finalista nos Premios da Crítica da Galiza), *O complemento preposicional en galego* (2010), *Lingua galega e variación dialectal* (2011), *Novas perspectivas lingüísticas no espaço galego-português* (2015, con M. A. Marques), *As Ciências da Linguagem no espaço galego-português* (2016, en parceria con M. A. Marques), *O falar das fadas. Lingua, música e toponimia da Galiza* (2016), *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII e XIX* (2017, 1ª reimpresión en 2018), *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa* (2019, con M. A. Marques), *Traditional Galician Cancioneiro Compiled by Cipriano Torre Enciso*. Vol. I. Studies, Vol. II. Edition (2019, xunto a C. T. Castellón), *O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais* (2021, 2ª ed. en 2022), *Estudos sobre gramática e sociolingüística galego-portuguesas* (2021) etc. É tamén o tradutor para o galego do Curso de Lingüística Xeral de Ferdinand de Saussure (2005).

Autor/a ANABELA BARROS (UMINHO)

Título A PRESENÇA GALEGA EM MANUSCRITOS PORTUGUESES DOS SÉCULOS XIII-XX: SUBSÍDIOS PARA A HISTÓRIA DA ONOMÁSTICA E DA EMIGRAÇÃO PARA O ALTO DOURO

Resumo A edição dos registos paroquiais de Favaio do Douro, nomeadamente livros manuscritos de assentos de baptismo, matrimónio e óbito dos séculos XVI a XX, em paralelo com a edição dos livros paroquiais e da Provedoria de testamentos do Norte de Portugal, dos séculos XVI a XIX, e maioritariamente do século XVIII, incluindo diversas freguesias da Terra de Miranda, Favaio do Douro, Braga e Barcelos, entre outras localidades, permite a extracção de informação linguística privilegiada, representativa de cada povoação, dado que os escrivães e tabeliães, bem como todos os párcos, se acham identificados, e todos os textos se oferecem bem datados e localizados, cobrindo todo o Norte do país, e todos os meses e anos ao longo dos séculos referidos. A extração dos nomes completos, tanto nos registos de batismo, casamento e óbito como nos testamentos, permite observar a movimentação populacional, a permeabilidade linguística no tocante à antroponímia e, muito concretamente, a presença desde cedo de um núcleo galego muito importante na região de Favaio; cruzando a informação patente em todas as obras que se acham publicadas, a partir dos manuscritos inéditos, e, sobretudo, editadas e em vias de publicação, é possível apresentar dados muito concretos das origens da emigração galega para esta vila transmontana, onde as vinhas e o Moscatel galego são o centro da economia, bem como do contributo e do enraizamento antigos desta comunidade, profundamente entrelaçada na actual população da região de Favaio, como evidenciam as fontes desde o século XVIII (e provavelmente também as anteriores, ainda por editar). A presença desde cedo de antropónimos de origem galega nesta região, evidentes na documentação referida e, em muitos casos, ainda identificáveis na população actual, merece igualmente estudo linguístico. Far-se-á, neste trabalho, a inventariação e estudo de todos os dados até à data extraídos das obras editadas e relativos a cidadãos de proveniência galega e respectivos antropónimos, povoações de origem, profissões e outros dados socioculturais e históricos relevantes.

CV Anabela Leal de Barros é Professora Auxiliar no Departamento de Estudos Portugueses e Lusófonos da Universidade do Minho e investigadora do Centro de Estudos Humanísticos, desde 1995, sendo actualmente responsável pelo Grupo de Estudos Luso-Asiáticos (GELA). De 1991 a 1995 foi professora na Universidade de Macau - Instituto de Estudos Portugueses. Doutorou-se em Linguística Portuguesa pela Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa (2008), sendo Mestre em Linguística Histórica, Linguística Românica e Crítica Textual pela mesma instituição (2000). Desenvolve a sua investigação e leccionação no âmbito da Linguística Histórica, História da Língua Portuguesa, Filologia, Ecdótica e Linguística Aplicada, áreas a que se reporta a maior parte dos livros e artigos científicos que tem publicado. Dedicar-se à edição e estudo da poesia barroca portuguesa com base na tradição manuscrita, bem como de códices de épocas e âmbitos diversos, em particular da História da Alimentação, Medicina, Música, Direito Sucessório /Testamentos) e Economia; da Arqueologia da Paisagem; dos Registos Paroquiais/Demográficos, da Historiografia Linguística e da Linguística Missionária. Para além da tradição manuscrita, entrega-se desde 2002 à recolha e edição da literatura timorense de tradição oral e ao estudo diacrónico do português de Timor.

Autor/a	ALBERTO GÓMEZ BAUTISTA (UA)
Título	CALABOR: UN ENCLAVE LINGÜÍSTICO NA RAIA HISPANO-PORTUGUESA
Resumo	Calabor é unha localidade situada no concello de Pedralba de la Pradería, na comarca de Seabra, provincia de Zamora, a dous quilómetros da fronteira con Portugal. Actualmente, residen en Calabor unhas 70 persoas. Na nosa opinión, Calabor é un enclave fronteirizo con grande interese para os estudos lingüísticos. Neste sentido, convén sinalar que a súa adscrición lingüística é obxecto de algunha controversia, pois esta variedade ten características que a aproximan unhas veces do portugués, outras do galego. Porén, tradicionalmente Calabor é adscrito ao espazo lingüístico galego. Neste traballo analizaremos o grao de vitalidade da fala de Calabor e abordaremos a situación sociolingüística na que está inmersa esta variedade lingüística. Para atinxir estes obxectivos recorreremos á documentación escrita existente, a artigos e a monografías, así como aos atlas lingüísticos que conteñen información sobre esta localidade. Ademais, presentaremos datos actuais obtidos a partir dunha entrevista realizada en Calabor, no verán de 2021, no ámbito das recollas para o Corpus Oral do proxecto FRONTESPO - Frontera hispano-portuguesa: personas, pueblos y palabras. Este material consiste en máis de unha hora de entrevista a cinco habitantes de Calabor na que se abordan diversas temáticas relacionadas coa vida na localidade, os animais ou os traballos no campo, entre outros aspectos do día a día da comunidade. Por último, con base nos resultados obtidos a partir dos datos analizados, faremos unha proposta de clasificación desta variedade baseándonos nas súas principais características lingüísticas. BIBLIOGRAFÍA Álvarez Pousa, Concepción (2017). As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués. <i>Limite</i>, vol, 11, 79-108. Álvarez Pérez, Xosé Afonso (dir.) (2018 -): Corpus oral de la frontera hispano-portuguesa, Alcalá de Henares: grupo FRONTESPO. ISSN 2605-0471 Blanquez Fraile, Agustín (1907). Límites del dialecto leonés occidental en Alcañices, Puebla de Sanabria y La Bañeza. Memoria para la Junta de Ampliación de Estudios correspondiente al año 1907. Madrid, 67-78. Costas González, Xosé-Henrique (2011). A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual. <i>Cadernos de Lingua</i>. Anexo 8. A Coruña: Real Academia Galega. Fernández Rei, Francisco (1990). <i>Dialectoloxía da lingua galega</i>. Vigo: Xerais. Frías Conde, Xavier (1999). <i>O galego exterior ás fronteiras administrativas</i>. Xixón, VTP Editorial. González Ferrero, Juan Carlos (200). Áreas lingüísticas e isoglosas morfológicas en la provincia de Zamora según los materiales del Cuaderno I del ALPI (1934-1935). <i>Dialectología</i>, 11, 131-158. Seco Orosa, Ana (2004). O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora. A lingua Galega, Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional. Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega. 415-464. Vega, Francisco (2004). Situación actual del 'gallego exterior' hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). <i>Problemas dialectológicos y sociolingüísticos</i>. A

lingua Galega, Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional. Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega. 579-604.

CV Alberto Gómez Bautista (Ponferrada, 1977) é licenciado en Filoloxía Portuguesa pola Universidade de Salamanca, Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade Complutense de Madrid (2013) e Mestre en Tradución pola Universidade de Vigo (2017).

Professor Adjunto na Escola Superior de Hotelaria e Turismo do Estoril e no Instituto Superior de Contabilidade e Administración de Lisboa – Instituto Politécnico de Lisboa (Portugal). Membro integrado do Centro de Línguas, Literaturas e Culturas de Universidade de Aveiro (Portugal). Autor de dúas monografías e de diversas comunicacións, conferencias, artigos científicos e capítulos de libros no ámbito da variación lingüística, a tradución e a didáctica das linguas. Actualmente, é investigador en dous proxectos internacionais: AMPER e FRONTESPO.

Para máis informacións:

<https://www.cienciavita.pt/portal/6D1F-1726-EFB9>

<https://www.ua.pt/pt/cllc/page/23275>

http://www.varialing.eu/?page_id=260

http://www.varialing.eu/?page_id=1984

<https://www.frontespo.org/pt>

SALA 1.09 - CPII

PANEL

Título A INTERPRETACIÓN DO REPERTÓRIO LÍRICO MEDIEVAL HOXE: ENXEÑERÍA E INVESTIGACIÓN

Coordenador/a REBECA BLANCO-ROTEA (UMINHO)

Autor/a ANTONI ROSSELL (UAB)

Título A MÚSICA MEDIEVAL HOXE: INTERPRETACIÓN, ACTUALIZACIÓN E TRANSMEDIALIDADE

Resumo Un dos retos dos intérpretes de música medieval con criterios arqueolóxicos é a difusión destes repertorios para o público actual sen traizoar a especificidade do repertorio, pero atendendo tanto á recepción hoxe da música como aos novos medios de difusión. Abordaremos unha reflexión ao respecto para que o público contemporáneo reciba unha información fiel e axeitada á sociedade actual.

CV Antoni Rossell é Profesor Titular da Facultade de Filoloxía Románica da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) e director do Arxiu Occità (Institut d'Estudis Medievals, UAB). Membro asociado do Centre Interuniversitaire d'Histoire et d'Archéologie Médiévales – CIHAM de l'École Normale Supérieure de Lyon. Membro dos consellos editoriais das revistas Roda da Fortuna (Electronic Journal about Antiquity and Middle Ages); de Nuevas de Indias (Anuario del CEAC);

Medievalia (UAB- IEM); e IACA: Artes da Cena, entre outras. Publicou numerosos libros, artigos e gravacións dedicadas principalmente á poesía, a novela e a música da Idade Media. Dirixe la colección de E-Books "Escrits i memòria" da Biblioteca de Catalunya, Publicacions da Generalitat de Catalunya. Nos meses de marzo, abril e setembro impartiu diferentes seminarios e conferencias nas universidades brasileira: Universidade Estadual de Londrina (UEL), Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC), e na Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, e Universidade Estadual de São Paulo.

Comisario de exposicións:
"Alfonso X e Galicia" Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2021. Galicia. 2022 y 2023 en Lugo, A Coruña, Cuba, L'Aquila (Italia), Cracovia (Polonia), Rio de Janeiro, Barcelona y Braga 2024.

Autor/a	LUCIANO PÉREZ (CENTRAD)
Título	A DESCUBERTA DA ARTESANÍA INTRICADA DOS MESTRES PEDREIROS
Resumo	A finais do século XX concorreron unha serie de circunstancias nas que algúns obradoiros de instrumentos populares e tradicionais deron un salto de superación a terreos máis especializados na recuperación de patrimonio musical: desde o Simposio do Pai Calo, en 1988, ao proxecto pedagóxico, Estudo e difusión da música medieval da Colección de instrumentos musicais de Lugo, no 2018. O alcance que as investigacións organolóxicas, desenvoltas en Galicia, e, mais concretamente, no Obradoiro de Instrumentos musicais da Deputación de Lugo, lle achegan ao ámbito das músicas medievais están en paralelo cos coñecementos, que xa temos, dos trobeiros e xograres nos que Portugal ten un lugar destacado.
CV	Aos trece anos alterna os seus estudos coa aprendizaxe da construción de instrumentos musicais, ao carón do seu avó Paulino Pérez, no Obradoiro de instrumentos musicais da Deputación de Lugo. Sen abandonar esta actividade formase no conservatorio de Lugo e cos mestres Antón Corral, Christian Rault e Claude Flagel. Toda a súa vida profesional desenvólvese no obradoiro da Deputación Lucense xunto a seu pai Xesús Pérez. Os dous centran os seus obxectivos na formación de mestres artesáns e intérpretes e na planificación e execución dunha serie de proxectos de investigación multidisciplinar sobre a iconografía musical de Galicia, nos que destacan centros documentais como: o Pórtico da Gloria e o pazo de Xelmírez, o Rei David e Afonso X ou Leonardo de Vinci. Son salientables os traballos de campo centrados na recuperación de instrumentos caídos en desuso e novas propostas como a zanfona de estudo. As súas inquiredanzas involucran en distintas actividades musicais con Miro Casabella, co grupo Doa, é, como director do grupo de gaitas de Cantigas e Frores e da escola de Gaitas e Zanfonas da Deputación de Lugo. No 1994 crea xunto a Xavier Rodríguez Barrio o proxecto “ O son da poesía”. Ten colaborado en diversos proxectos de fundacións, asociacións culturais e centros de ensino impartindo cursos a diferentes colectivos de artesáns, profesores e estudantes. Participou en congresos, exposicións e seminarios relacionados coa recuperación, estudo e conservación do patrimonio musical é comisario do proxecto expositivo A memoria do son.

A súa preocupación pola ausencia da música tradicional nos plans de estudo e a falta de documentación especializada, fixo que no ano 1996 comezara a captar e reunir unha serie de instrumentos musicais que co paso do tempo deu lugar a Colección de instrumentos musicais, obxectos sonoros e arquivo documental do CENTRAD, un centro albergue de estudo, conservación e difusión do patrimonio musical de Galicia. Consta de catro salas de exposición permanente e un servizo de visitas guiadas, técnicas e activas, foi recoñecido, no ano 2008, pola Xunta de Galicia como Colección museográfica e está integrada no Sistema Galego de Museos. Na actualidade é o seu director.

Autor/a **BELÉN BERMEJO (SIRGO TORCENDO)**

Título **ALGÚNS APUNTES SOBRE A EVOLUCIÓN NA INTERPRETACIÓN DO REPERTORIO LÍRICO MEDIEVAL Á LUZ DE SETENTA ANOS DE REXISTROS FONOGRAFICOS**

Resumo No relatório farase unha novidosa aproximación á historia da interpretación do repertorio lírico medieval, a partir dos rexistros fonográficos existentes desde os anos 50 e até a actualidade. A importancia que este repertorio ten, se atendemos ao volume e variedade de gravacións existentes, ofrece un interesante campo no que facer unha análise crítica do proceso evolutivo nas interpretacións, desde o historicismo até a música popular.

CV Tras cursar estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, licenciase en 1994, logo dun ano de estadia na Universidade de Innsbruck, Austria. Desde 1996 e ata 2003 imparte clases de Dereito Administrativo e Xestión de Persoal das AA.PP. na E.U. de Relacións Laborais da Universidade da Coruña, onde colabora activamente nas actividades docentes, académicas e culturais da Escola, desenvolvendo cargos como o de Secretaria do Centro e coordinadora do programa ERASMUS. Desenvolve tarefas como investigadora no departamento de Dereito Administrativo da USC, no eido da protección do patrimonio histórico e da protección dos bens culturais, participa na organización de congresos internacionais e leva a cabo estadias nas universidades de Cambridge, Palermo e Innsbruck, así como diversas publicacións en libros e revistas especializadas. Destaca a publicación da súa tese doutoral pola Xunta de Galicia baixo o título El Camino de Santiago como Bien de Interés Cultural, análisis en torno al estatuto de un itinerario cultural. Ademais colabora en diferentes proxectos de investigación e foi colaboradora externa do Grupo de Investigación GI-1584 da USC, do Departamento de Química Inorgánica, dentro da liña de investigación "Patrimonio Histórico-Científico Galego". Desde o ano 2003 e até o 2019 colabora como profesora contratada da Universidade de Innsbruck impartindo a asignatura de Introducción ao dereito español e ao español xurídico.

En 2003 inicia a súa actividade dentro do eido da xestión cultural e en 2007 crea a empresa Sirgo Torcendo S.L. para o desenvolvemento de proxectos culturais musicais e expositivos. Á fronte da empresa Sirgo Torcendo, ten colaborado en diversos proxectos expositivos para diversas institucións como a USC, MUPEGA ou Caixanova (150 anos da Lei Moyano; Dos Ábacos aos Computadores; Rodríguez Cadarso, un reitor para un país; Antonio Casares: investigador e reitor da modernidade), e na coordinación e produción de ciclos de música como Espazos Sonoros, desde a edición 2008 até a actualidade, a Homenaxe a Enrique X. Macías no seu 50 aniversario, para a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, ou O

órgano da Compañía, doutra maneira, para a USC. Ademais ten colaborado con numerosas institucións públicas e privadas na organización de concertos e proxectos musicais. Desde 2009 desenvolve tarefas como coordinadora e experta no proxecto de catalogación dos órganos de Galicia, auspiciado nos seus inicios pola Xunta de Galicia. En 2014 e 2015 encárgaselle a coordinación da produción do festival In Spiritum, música e contemplación na cidade do Porto e é directora artística e coordinadora do ciclo De lugares e órganos organizado polo Concello de Santiago de Compostela, desde 2016. Na actualidade traballa tamén como axente para importantes formacións nacionais e internacionais no eido da música antiga e clásica.

No ámbito artístico destaca tamén a súa dedicación á música, en especial a interpretación de música antiga. Desde 2006 é membro estable do Grupo de Música Antiga 1500 co que ten actuado en numerosos escenarios de Galicia, sur de Francia, Austria, Portugal e Brasil e, en 2014, botou a andar o seu propio grupo, Pres de Cambrai, co ánimo de desenvolver proxectos musicais que conxugan diferentes ámbitos artísticos e referencias musicais, froito do cal xurdiron montaxes como, O segredo do Pergamiño Vindel, 100 anos de música para as cantigas de Martin Codax, Escoitar un libro: para unha lectura musical das obras da literatura ou Fóra do tempo, músicas doutroa para ouvidos contemporáneos, no que colabora o músico de jazz e compositor, Pablo Seoane.

Baixo o seu impulso botouse a andar o Salão Filosófico de Brión, o proxecto audiovisual, Chegar a Galicia, chegar ao mundo e, recentemente, vén de codirixir e producir a serie documental en catro capítulos, Corpo de vento, viaxe ao corazón dos órganos galegos, sobre o patrimonio organístico galego, así como o proxecto Eu son de vos muito maravillado, Drama e música no solpor do Reino Medieval de Galicia (ss. XIV-XV), proxecto músico-literario premiado no certame “Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia 2021-2022”, convocado pola Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña.

SALA 1.10 - CPII

COMUNICAÇÕES

Moderador/a	PEDRO DONO (UMINHO)
--------------------	---------------------

Autores/as	ALBERTO PAZ-FÉLIX (UMINHO) ANTÓN GARCÍA RODRÍGUEZ (AIEG) CARLOS PAZOS-JUSTO (UMINHO) LUCÍA SALCEDA GARCÍA CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ (AIEG)
Título	A IMAGEM DA GALIZA E DOS GALEGOS ENTRE O ALUNADO DE ESTUDOS GALEGOS EM PORTUGAL NO CURSO 2022/2023
Resumo	Desde finais do Século XX, a atividade investigadora galega em Portugal foi fomentada pelo desenvolvimento de três Centros de Estudos Galegos (Universidade Nova de Lisboa [1994], Universidade do Minho [1997] e Universidade do Algarve [2000]), que desde as suas respetivas fundações trabalham, tanto independentemente como através de parcerias locais, no labor de divulgar a língua e cultura galegas em Portugal. Partindo da experiência adquirida num estudo já realizado ao alunado de estudos galegos em Portugal (André Iglesias et alii, 2022), nesta investigação procuramos demonstrar hipóteses acerca do impacto no alunado do trabalho desenvolvido por estes CEG em Portugal, tanto através da docência como pela realização de atividades sócio-culturais, ao mesmo tempo que explorando as ideias geradas pelo alunado, tanto no processo de aprendizagem como nos conhecimentos prévios às aulas. Para a realização deste estudo, partimos de dados obtidos dum inquérito realizado ao conjunto do alunado destes três CEG que estiveram inscritos no curso 2022/2023 tanto nas suas cadeiras universitárias, como também em atividades docentes doutro tipo (cursos de idiomas, cursos livres). Através deste estudo procuramos: (i) conhecer as ideias, imagens e motivações dos estudantes de estudos galegos em Portugal e (ii) obter conhecimento para avaliar as práticas pedagógicas dos CEG. Para tal, elaboramos um inquérito com os seguintes blocos temáticos: A) Dados sócio-demográficos, B) Conhecimento prévio, C) Interesse pelos estudos de galegos, D) Imagem da Galiza. BIBLIOGRAFIA André Iglesias, Gabriel; Botana Vilar, María Jesús; García Rodríguez, Antón; Costas Pereira, Raúl; Mariño Gómez, Claudia & Pazos-Justo, Carlos. “A imagem da Galiza e dos galegos entre os alunos de estudos galegos em Portugal” em XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos “Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos. Universidade de Varsóvia. Varsovia. 22 de setembro de 2022. Bello Vázquez, Raquel (2015). A existência de uma comunidade luso-galega como elemento afetivo nas visitas a Santiago de Compostela procedentes de Portugal. Primeiros resultados através de inquéritos quantitativo-qualitativos (pp. 87–96). Pazos-Justo, Carlos (2016). A imagem da Galiza em Portugal: De João de Redondella a os galegos são nossos irmãos. Santiago de Compostela: Através Editora

CV ANTÓN GARCÍA RODRÍGUEZ

Graduado em Filología Galega e com estudos em Portuguesa pela Universidade de Santiago de Compostela (USC), com mestrado em Ensinanza Obrigatoria e Bacharelato pela Valencian Internacional University (VIU). Professor no ensino secundário, na EOI e na Universidade Nova de Lisboa (UNL). Investigador das cantigas de Santa Maria no tocante a género e religião e na emigração galega em Lisboa.

ALBERTO PAZ-FÉLIX

Estudante do Programa de Doutoramento em Estudos Literários da Universidade da Corunha (UDC) e leitor de galego na Universidade do Minho (UMINHO). Investigador sobre redes institucionais de subsistemas periféricos, em concreto do reintegracionismo na Galiza autonómica.

CARLOS PAZOS-JUSTO

Professor da Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas da Universidade do Minho (UMINHO) onde coordena o Centro de Estudos Galegos e dirige o Doutoramento em Ciências da Cultura. Tem-se dedicado aos estudos da cultura, com foco nas relações de variado tipo no espaço ibérico, particularmente no quadro relacional galego-português. <http://cehum.ilch.uminho.pt/researchers/3>

LUCÍA SALCEDA GARCÍA

Nascida em Muradás (1999), no concelho de Beariz, graduou-se em 2021 na Universidade de Vigo (UVIGO) no Grao em Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, com menção em “Filoloxía Galega”. No ano 2021-2022 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado em Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de “Linguas e literaturas oficiais”. Leitora de galego no Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve (Portugal) durante o curso 2022-2023.

Autor/a ALEXANDRE PERES VIGO (UDC)**Título** A PRESENZA DO ESTEREOTIPO ANTIGALEGO NO PORTUGAL DO SÉCULO XVI: ORIXES, INFLUENCIAS E REACCIÓNS NA GALIZA

Resumo A Ben documentado na literatura e na paremioloxía castelás do século XVI, o estereotipo antigalego constitúe un elemento tradicionalmente vinculado ás grandes vagas migratorias que, con orixe na Galiza, tomaron rumbo cara ás populosas cidades e vilas da Meseta na segunda metade desa mesma centuria. Baixo esta premisa, desde comezos do século XX, boa parte da crítica literaria vén interpretando os atributos daquela imaxe desvirtuada como consecuencia das relacións entre sociedades inmigrantes e receptoras. A distancia lingüístico-cultural, a xenofobia antiinmigratoria e/ou o etnocentrismo teñen sido identificados, as máis das veces, como os responsábeis de converter aquela imaxe nun dos tópicos máis recorrentes da literatura española auri secular. Con todo, a presenza do estereotipo antigalego en Portugal, en datas previas ás grandes vagas migratorias, pon en cuestión as interpretacións tradicionais vinculadas á xénese daquela imaxe. Produto deste inconsistencia, son cada vez máis as achegas que ao longo das últimas décadas teñen posto o foco sobre as similitudes e diferenzas que caracterizan o estereotipo antigalego desenvolvido a un e outro lado do Guadiana durante o século XVI. Desde outras perspectivas, e seguindo novos modelos

interpretativos, reviste especial interese atender ás primeiras mostras desta imaxe estereotipada na literatura portuguesa renacentista, así como as posíbeis influencias e/ou interferencias chegadas desde o centro peninsular.

Para alén da propia análise deste fenómeno literario -e tamén social-, as referencias negativas sobre a Galiza e o uso do estereotipo antigalego por algunhas das penas máis celebradas da literatura portuguesa da altura, caso de Luís de Camões, obtiveron unha contundente resposta na Galiza, desde o estamento aristocrático até o clero ilustrado.

BIBLIOGRAFÍA

Herrero García, Miguel (1966 [1928]): *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Madrid: Gredos.

Navas Sánchez-Élez, María Victoria (2007): “Visión de Galicia en escritores portugueses: el caso de Fernando Assis Pacheco (1937-1995) en *Trabalhos e paixões de Benito Prada: galego de Ourense que veio a Portugal ganhar a vida*”, González Fernández, Helena & Lama López, M^a Xesús (eds.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003: 603-616. Sada: Ediciós do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Universitat de Barcelona.

Pazos Justo, Carlos (2011): “A imagem da Galiza e dos galegos em Portugal entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX: do imago tipo negativo ao imago tipo de afinidade”, *Veredas. Revista da Associação Internacional de Lusitanistas*, 16: 39-70.

Vázquez Corredoira, Fernando (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela: Laiovento. presenza do estereotipo antigalego no Portugal do século XVI: orixes, influencias e reaccións na Galiza

- CV** Alexandre Peres Vigo é licenciado en Humanidades pola Universidade da Coruña. Nesta mesma universidade realizou o Mestrado Universitario en Profesorado ao longo do curso 2011-2012, cun TFM sobre O idioma galego na Idade Media. Para alén de ter participado en publicacións de diversos ámbitos da cultura galega, na actualidade, a súa área de investigación céntrase no estudo da galaicofobia e o estereotipo antigalego, nomeadamente no que atinxe á expresión literaria e paremiolóxica deste fenómeno. Nesta liña de estudo desenvolveu a súa tese de doutoramento, dirixida polo prof. Manuel Ferreiro, Xénese e consolidación do estereotipo antigalego na literatura española da Idade Moderna, no Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos da UDC.

Autor/a	ENRIQUE SANTOS UNAMUNO (UEX)
Título	CONSUMIR A IDENTIDADE NO SÉCULO XXI: CAPITALISMO COOL E BRANDING CULTURAL NO IMAXINARIO RETRANQUEIRO POP GALEGO
Resumo	Dentro dos traballos levados a cabo no seo do proxecto CALIBRAM, a nosa comunicación propón examinar algunhas manifestacións do que podemos denominar imaxinario retranqueiro pop centrado na identidade cultural e nacional da Galiza. En concreto, centrarémonos na súa marcada presenza ao longo deste case primeiro cuarto de século XXI e na súa plasmación en dúas iniciativas empresariais como son Reizentolo e Nikis Galicia, especializadas na venda de roupa, complementos, agasallos e outro tipo de obxectos, todos eles producidos arredor dun certo tipo de imaxinario identitario galego. Sen esquecermos os precedentes e o desenvolvemento dese imaxinario retranqueiro no ámbito da (contra)cultura literaria, teatral e audiovisual galega, polo menos desde principios dos anos 80 do século pasado (Antón Reixa, Os Resentidos, Chévere, Herdeiros da Crus, Aduaneiros sen Fronteiras, Revista Retranca, Air Galicia, entre moitos outros exemplos), á hora de analizarmos ese imaxinario identitario plasmado na omnipresente cultura material de consumo (García Canclini), a nosa perspectiva partirá dos estudos centrados nas relacións entre imaxinario contracultural e consumer culture (Frank, Heath e Potter), así como entre identidade nacional e vida cotiá (Edensor, Molina, Skey & Antonsich), nomeadamente no seo do chamado capitalismo cool (McGuigan). A partir dese material teórico e dos conceptos de branding cultural (Holt) e nacional (Aronczyk), trataremos de interrogarnos acerca das formas en que a proxección identitaria e cultural da Galiza parece hibridar na esfera do consumo o imaxinario retranqueiro nacional-popular e a categoría estética transnacional do cool (Valaskivi). BIBLIOGRAFÍA Aronczyk, M. (2008). Branding the Nation. The Global Business of National Identity: Oxford University Press. Edensor, T. (2002). National Identity, Popular Culture and Everyday Life: Berg. Frank, T. (1997). The conquest of cool. Business culture, Counterculture, and the Rise of Hip Consumerism: Chicago University Press. García Canclini, N. (1995). Consumidores y ciudadanos. Conflictos multiculturales de la globalización: Grijalbo Heath, J. & Potter, A. (2005). The Rebel Sell: Why the Culture Can't be Jammed: Capstone. Holt, D. (2004). How Brands Become Icons: The Principles of Cultural Branding: Harvard University Press. McGuigan, J. (2009). Cool capitalism. London: Pluto Press. Molina Aparicio, F. (2013). «La nación desde abajo. Nación, individuo e identidad nacional», Ayer 90 (2), 39-63. Skey M. y Antonsich, M. (2017). Everyday Nationhood. Theorising Culture, Identity and Belonging after Banal Nationalism: Palgrave/Macmillan. Valaskivi, K. (2016). Cool Nations. Media and the Social Imaginary of the Branded Country: Routledge. CV Enrique Santos Unamuno ensina Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Facultad de Filosofía y Letras de Cáceres, (Universidad de Extremadura). As súas principais liñas de investigación son Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade, Imagoloxía e imaxinarios nacionais, Literatura e Cartografía e Branding (pos)literario. Algúns dos

seus traballos son “Galicia y Japón: antípodas espirituales en Miguel Anxo Murado” (2011), “Xavier Queipo: xenealoxía dun imaxinario boreal» (2013), “La literatura como patrimonio: del nation building al nation branding” (2018), “Ficción televisiva y estereotipos (inter)nacionales: un acercamiento imagológico a El ministerio del Tiempo (2015-2016)” (2018), “Retos y apuestas de las Humanidades Espaciales: un enfoque diagramático” (2021), “Presencias del canon en los sistemas (pos)literarios: hipótesis de trabajo para una agenda de investigación” (en prensa).

Autor/a **BLANCA NIEVES RODICIO**

Título ANTROPOLOGÍA DE UNA VARIANTE: "GALLEGOS QUE NO YANGÜESES." (DON QUIJOTE, PRIMERA PARTE, CAP. XV)

Resumo Mi comunicación, referente a la magna obra Don Quijote de la Mancha, versa sobre la variante “yangüeses”, que figura en lugar de “gallegos”, especialmente en el Capítulo XV de la Primera Parte, y que ha sido aceptada y dada por válida en la gran mayoría de las ediciones, tanto críticas como populares.

Su idea central es que, dicha variante, no tiene base, ni cervantina, ni literaria, ni histórico- sociológica para figurar allí, y que por tanto ha de ser sustituida por gallegos, la palabra escrita por Cervantes con todo propósito, tal como consta en la edición “princeps”.

Secundaria a esta, se desarrolla así mismo la de que, dicha variante, no fue ni mucho menos como suele afirmarse, un descuido de Cervantes, sino todo lo contrario, reivindicando que, en las próximas ediciones críticas, debe respetarse más lo escrito por el autor, que las variantes añadidas por los tipógrafos o editores. La conclusión es que, los verdaderos protagonistas de este episodio no son los arrieros yangüeses, sino los conocidos “tratantes de Castilla”, gallegos que, desde tiempos inmemoriales, vendían su ganado mular y caballar en las ferias de otras regiones peninsulares y que, por lo tanto, merecen que, aunque tratados con ironía y con evidente marginalidad, no se siga ignorando su presencia en la más universal de nuestras obras literarias.

BIBLIOGRAFÍA

Ediciones antiguas del Quijote

Consultadas en enlaces proporcionados por la Real Academia de la Lengua Española:

1ª Edición: La “princeps” de Juan de la Cuesta, Madrid, 1605: <https://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000042946>

2ª Edición: Juan de la Cuesta, Madrid 1605: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000065850>

3ª Edición: Juan de la Cuesta, Madrid, 1608: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=00000136622>

Consultada en enlace enviado por la Biblioteca Nacional:

ROGER VOLPIUS, Bruselas, 1607: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000058238page=1>

Otras ediciones

CLEMENCIN. Edición comentada. Madrid D. E. Aguado 1833-1839, 6 Vols.

HARZENBUCH, J. E. Texto corregido con especial cuidado de la primera edición.

Argamasilla de Alba. Imprenta de don Manuel Ribadeneyra, 1863. 4 Vols.

J. A. PELLICER: Nueva edición corregida. Ed. Gabriel de Sancha, 1797. 5 Vols.

R, SCHEVILL y A BONILLA: Madrid, Gráficas Reunidas, 1928- 1941, en Obras Completas de Miguel de Cervantes Saavedra.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Nueva edición corregida. Madrid, Joaquín Ibarra, 1782. 4 Vols.

RODRÍGUEZ MARÍN Francisco. Nueva edición Crítica, Madrid, Ediciones Atlas 1947-1949. 10 Vols.

EDICIONES MODERNAS.

ALLEN, JHON JAY. Edición en la colc. Letras Hispánicas, vols. 100 y 101, Ed. Cátedra, Madrid, 1989. Reimpresión, julio, 2021.

MARTÍN DE RIQUER. Don Quijote de la Mancha. Con texto, introducción y notas. Editorial Planeta, colección Autores Hispánicos. Barcelona, 1990.

RICO, Francisco. Edición conmemorativa del IV Centenario de Cervantes. Real Academia Española. Reimpresión corregida y aumentada. Barcelona, 2015, Grupo editorial Penguin Random House.

RICO Francisco. Edición del Instituto Cervantes. Ed. Crítica, Barcelona, 1998, con volumen complementario y C. d. rom adjunto.

SEVILLA ARROYO, F. y REY HAZAS, A. Ed. Centro de Estudios Cervantinos. Alcalá de Henares, 1993.

Diccionarios

REAL ACADEMIA DE LA LENGUA ESPAÑOLA Diccionario de Autoridades, 1726-1739. Consultado en el catálogo virtual de la Biblioteca Nacional el 25-I -2021; edición facsímil.

CORREAS, G: Vocabulario de refranes. Tipografía de la Revista de Archivos Bibliotecas y Museos, Madrid, 1924. Nueva edición de Victor INFANTES en Viso Libros, 1992

COVARRUBIAS OROZCO, S. Tesoro de la lengua castellana o española, según la impresión de 1611 con las adiciones de Benito Remigio Noydens, publicadas en la de 1674. Edición de Martín de Riquer Barcelona, 1946.

OTROS ESTUDIOS.

BARROSO CABRERA, R. Y MARÍN de PABLOS, J. A propósito de un descuido cervantino: La alternancia yangüeses/gallegos en el Quijote. Cervantes: Bulletin of the Cervantes Society of América, 29,1 (spring.2009) pags.221-229.

BLANCA de los RÍOS. Obras dramáticas completas de Tirso de Molina. Ed Aguilar, Madrid, 1952. Edición completa de "La gallega Mari Hernández". Vol. II. Edición digital en formato HTML Alicante. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

CABELLO HERNÁNDEZ, I. El Quijote y la Rioja. El episodio de los yangüeses, en: Belezos Revista de Cultura Popular y Tradiciones de la Rioja. ISSN 1886- 4533, nº76, 2011. Ed. Instituto de Estudios Riojanos. Logroño.

CARREÑO, Antonio. Busquemos otros montes y otros ríos. (De la palabra al silencio). Editorial Cátedra, colec. Crítica y Estudios Literarios. Madrid, 2022.

CORTEJÓN, Clemente: ¿Corrigió Cervantes alguna de las ediciones del "Don Quijote" impresas por Juan de la Cuesta?. Barcelona 1907. Consultado en la Biblioteca Nacional, sala Cervantes, Sign.CERV.SEDÓ/7508

EISENBERG, Daniel: Cervantes y Don Quijote. Ed. Montesinos. Biblioteca de Divulgación Temática, 1993.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo: Arrieros y trajinantes en la Galicia rural de la época moderna. Obradoiro de Historia Moderna, 17 (2008), pags. 252-325. <http://doi.org/10.15347ohm.17.459>

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.: Ferias y mercados en la provincia de Orense. Boletín Auriense, Tomo XVII (1987) pp. 131-203.

LEAHY, ChAD : ¿Lascivas o esquivas? La identidad geográfica y social de las yeguas gallegas en don Quijote, en: Cervantes: Bulletin of the Cervantes Society of América, 28-2 (Fall 2008): 89 ' 117.

MUÑOZ, MACHADO, Santiago. Director de la Real Academia de la Lengua Española: Cervantes. Ed. Crítica Barcelona, 2022.

PÉREZ VIGO, A.: "Gallego con perdón": Un achegamento literario ao fenómeno do autoodio na Galiza seiscentista. que no es nada, gracias a dios,28 (2022) Universidad de Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ DÍAZ, ELENA: Carreteros y arrieros de Sejambre. El intercambio de mercancías en la montaña oriental leonesa. (Siglos XVI-XVII) en: Estudios Humanísticos. Historia 14 (2015).

RUIZ ÁLVAREZ, Raúl: Los oficios del transporte en el reino de Granada: arrieros y trajineros en Guadix y su tierra (siglo XVIII), en: Investigaciones Históricas, Época Moderna y Contemporánea, 41 (2021) pp.589-630.

SEVILLA, Florencio: "Famoso (y valiente) hidalgo". Sobre conjeturas y deturpaciones textuales. Anales Cervantinos, Vol. 39 (2007) pags.53-77

TEIJEIRO M. A. Galicia y los gallegos en la literatura Española del Siglo de Oro. Revista Scriptura, N°11 ,1996, pags.203- 46.

VILLEGAS DIAZ, L. R. Las ferias del Campo de Calatrava en la Edad Media. Una aproximación. Univ. de Granada.

CV Maestra Nacional, Escuela Normal de Magisterio, 1963
Licenciada en Filosofía y Letras (Filología Hispánica), Universidad Complutense de Madrid, 1980.

Cursos de Doctorado:

Análisis lingüístico de textos medievales

El diálogo como forma literaria en la Edad Media y el Renacimiento (en proceso de publicación).

La transformación del sistema fonológico español en los siglos XV-XVII,

El libro en la Edad Media.

Mito y realidad en Cervantes y el Quijote.

Lectura del libro de Buen Amor

Los bestiarios en la cultura medieval española (en proceso de publicación).

Publicaciones

Guía didáctica Editex de Enseñanza de la lengua y literatura castellanas

Libro de texto (añadir año y editorial??)

Libro de cualificación profesional inicial (año y editorial??)

Colección de transparencias. Proyecto Ver para Aprender (año?)

Experiencia profesional

1963-1983 Maestra Nacional

1983-2004 Profesora de Enseñanza Secundaria y

Formación Profesional.

Idioma nativo: Gallego

SALA 2.07 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a MARÍA XESÚS LAMA (UB)

Autor/a KATHLEEN NORA MARCH (UMAINE)

Título TOCAR, DOER: POEMAS DE EMMA PEDREIRA E PURA TEJELO

Resumo Pedreira

Sabendo que a dor ten diversas causas e manifestacións, estudamos a poesía de Emma Pedreira dende a perspectiva da dor corporal. Nela, a dor é realidade, mais non é temática moi evidente. A persoa que le os versos de Pedreira vai perceber o físico no eido lingüístico. É dicir, atopa roturas sintácticas e semánticas, (con)fusión de enfoque, imaxes de soidade, abandono, desleixamento. O ton ás veces confesional non é dunha voz avergoñada; semella ser resultado do esforzo por saír do escuro caos do corpo/casa que, no canto de nos resgatar ou acougar, non responde como cómpre responder á necesidade de fuxir da fonte ambigua da dor. Sentimentos, lembranzas, humor negro/retranca doente - todo está no léxico e na sintaxe de libros como Antídoto e outros.

A análise terá en conta outras presentacións poéticas do sufrimento físico e as solucións que manifestan ou agochan os momentos duros, como nos versos de Emily Dickenson e outras escritoras.

Tejelo

O libro Novembro de Pura Tejelo é fino e delicado, como a arte plástica da escritora. Novembro é un mes ambiguo, ás veces desagradábel, especialmente na luz, no frío, no significado de comezo do inverno/vellice/morte. A autora pode lembrarnos a frase aplicada a Vicente Aleixandre, quen dicía de Velázquez que 'pintaba o aire'. Tejelo desdefine o mes de novembro e ao desfacer, desdefinir, deixa todo posto para vermos os días fríos e grises dountro xeito: "Non será nestes versos onde atopos a definición/dos teus pesares/nin a vella toga qe che fixo desexar/unha parva vitoria./Non será aquí na intimidade estas follas/onde sintamos/a sensación de inutilidade."

Son os poemas de Novembro un cadro subtil, mais nada resignado. Non hai realismo senón impresionismo, mais a técnica da pincelada das imaxes non borra senón que constrúe a realidade dun mes que tantas veces non vemos ou que non nos agrada. Un verso pode pasar do incerto ao evidente, instalado na imaxe do seguinte verso, como psasa nos días de néboa e borralla anímica. Portanto, este estudo subliñará como a ollada da poeta coincide coa da pintora, até que punto estamos ante un poemario construído como écfrase, non como perda ou fuxida do tempo no senso temporal, senon como visión e artellamento do presente. No posíbel, haberá unha comparación entre o estilo pictórico de Pura Tejelo coa súa escrita. Non é un estilo minimalista malia seren breves moitos versos, porque nos espazos que hai arredor do que está retratado con delicadeza, a denotación abre a experiencia das persoas lectoras ás conotacións máis amplas.

CV Kathleen Nora March
kmarch@maine.edu
Maine, EUA

Socia de honra Xubilada/aposentada - Profesora Emérita, Universidade de Maine
--

Autor/a	THAYANE GASPAR JORGE (UFRJ)
Título	A VELHA: A MORTE SIMBÓLICA DA LÍNGUA E CULTURA GALEGAS NA LITERATURA INFANTIL E JUVENIL CONTEMPORÂNEA
Resumo	Neste ano, a #Somosculturagal, uma plataforma on-line de conteúdos em galego, fez circular na rede uma imagem da Galícia segundo uma inteligência artificial. Nela vemos que o produto nos entrega uma alegoria bastante difundida na cultura e na literatura galegas, sobretudo durante o nacionalismo: a da Galícia feminizada. Segundo esse recurso tecnológico, a Galícia seria uma mulher velha, de vestes tradicionais e humildes, com um rosto sério ou quase melancólico, e detrás dela se apresentaria uma paisagem ligada ao mar, outro espaço feminino. Este é o leitmotiv para entendermos que essa imagem, em realidade, faz referência ao mito irlandês de Catlheen Ni Houlihan, trazido para o contexto galego pelo escritor e teorizador do nacionalismo, Vicente Risco, em seu conto A velliña vella (1925). Neste conto, a feminização da terra galega corresponde a uma estratégia de manutenção colonial que corroeu o discurso céltico de emancipação e resistência levado a cabo pela Irlanda e pela Galícia no século XX. Essa imagem é reflexo da narrativa imperialista que associava raças às etnias e que segundo o seu precursor, Ernest Renan, a raça céltica seria feminina. Logo, todo o repertório mitológico e toda a agenda política da Irlanda e da Galícia passavam a responder, em síntese, a uma lógica de hierarquia de gêneros. Enquanto isso, a velhice configurava-se como metáfora da exploração e da subalternização dessas colônias e como aviso da aproximação de uma morte simbólica com respeito à língua e à cultura que sofriam o perigo de assimilação por parte da língua e da cultura opressora e estrangeira, representada pela Grã-Bretanha e da Espanha, respectivamente. Esta pesquisa visa passear pelos principais textos que bebem dessa fonte e fomentam a discussão sobre o conflito de gênero intrínseco à teoria nacional da Galícia. Atualmente, percebe-se um redirecionamento do discurso nacionalista, especialmente na literatura infantil e juvenil, em livros nos quais a Galícia, assim como Catlheen, aparece como uma mulher velha cuja terra foi usurpada e, por isso, essa figura clama, agora, pela ajuda das crianças para ser restituída. São exemplos dessa alegoria os textos: Dona Galicia (1979), A Brétema (1999) e a história em quadrinhos do conto risquiano, A velliña vella (2012). Esses textos explicam e traduzem o conflito espanhol segundo as teorias de gênero e do nacionalismo irlandês/galego postuladas por Helena Miguélez-Carballeira, Marjorie Howes e Helena Fernández.
CV	Thayane Gaspar Jorge é professora, escritora, jornalista, revisora e tradutora. Atualmente ministra, como professora convidada, a disciplina eletiva de Cultura Galega na graduação da UERJ e organiza eventos no Programa de Estudos Galegos e é pesquisadora colaborada no Instituto Galego de Documentación e Analise Internacional (IGADI) e no Observatorio Galego da Lusofonia (OGALUS). Na UERJ também atua como colaboradora do projeto Galícia Transatlântica. É doutoranda em Ciência da Literatura na Universidade Federal do Rio de Janeiro (UFRJ) com coorientação da Universidade de Santiago de Compostela. Mestre em Teoria da Literatura e Literatura Comparada pela Universidade do Estado do Rio de Janeiro (2019) com trabalho final sobre a poesia de Ramón Cabanillas, o conflito de gênero

e o nacionalismo galego. Possui graduação em Letras pela Universidade do Estado do Rio de Janeiro (2017) e em Jornalismo pela Universidade Castelo Branco (2014). Também é formada nos níveis médio e superior do curso de verão de língua galega para estrangeiros, Galego Sen Fronteiras (2015 e 2016). Thayane é autora na editora galega Menino Morreu e publicou na Galícia o livro “Nossa Concha de Retalhos” (2022). Além disso, tem publicado textos acadêmicos e literários sobre língua, cultura e literatura galega no Brasil e no exterior, como “No medio do camiño tiña unha flor” na revista espanhola Madrygal (2019); “O sol poente; suicídio, memória e saudades em Carlos Casares” no livro Suicídio: entre o morrer e o viver (2018) da Edições IFEN; “O último depois da chuva” (2018) publicado na revista galega Revirada Feminista; “Processo de reitegracionismo galego; uma tentativa de (re)contato linguístico com a língua e a cultura portuguesa” no livro Línguas e culturas; contatos, conflitos, nomadismos (2018) publicado pela editora Universidade Federal do Rio de Janeiro, “A poesia do olhar medieval” no livro Galícia do outro lado do Atlântico (2018) pela editora Ponte Atlântica e de “Nordeste de Daniel Asorey; entrevista e resenha” na Revista Matraga (2017). Também publicou dois romances juvenis pela Editora Modo Tradicional: “Princesa de Gelo” (2012) e “Mitral, o esconderijo do medo” (2013). Ademais é administradora do blog Sempre Alba, blog destinado à difusão da cultura galega no Rio de Janeiro, é professora de pandeireta e baile galego no grupo Sempre Alba. Foi professora colaboradora nas aulas de cultura galega na Federación Gallega de la República Argentina em 2020. E foi folclorista de baile, canto e pandeireta galega na Casa de España entre os anos de 2016 e 2019. Atualmente é professora de Língua Portuguesa para crianças e jovens na Escola Municipal Cívico-Militar Carioca no Rio de Janeiro, onde administra e administrou as eletivas de Baile Galego e Língua Galega.

Autor/a XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO (UDC)

Título MANÚEL MARÍA E PORTUGAL: DAS CANTIGAS MEDIEVAIS Á LITERATURA DO SEU TEMPO

Resumo Manuel María mantivo unha intensa relación con Portugal e con personalidades do seu ámbito literario. Eran xa ben coñecidas as súas frecuentes viaxes a ese país, mais sorprende a intensidade desas relacións cando se contempla o volume da correspondencia existente ao respecto na documentación custodiada nos arquivos da súa Casa-Museo en Outeiro de Rei. Dela dedúcese que Manuel María exerceu en Portugal como verdadeiro embaixador da lingua e da literatura galegas, ben como dunha nación en reconstrución que partilla co país veciño unha historia común que vén dos tempos da Gallaecia sueva e unha literatura esplendorosa no período trobadoresco medieval.

Esta proposta de comunicación ten como obxectivo dar a coñecer e analizar algúns aspectos desa correspondencia relativos á posta en valor por parte do poeta galego das cantigas medievais e á súa valorización da literatura portuguesa posterior, con especial incidencia nos autores e autoras do seu tempo, ben como á recepción da obra de Manuel María e doutros escritores galegos por parte dos seus correspondentes portugueses. Alén disto, tamén se analizarán os esforzos en prol da aproximación cultural galego-portuguesa en que o poeta galego e algúns dos seus interlocutores estiveron comprometidos.

BIBLIOGRAFÍA

Blanco Torrado, Alfonso (coord.) (2001). Manuel María. Lugo: Ophiusa [Libro-homenaxe da Asociación Cultural Xermolos].

Delgado Corral, Concepción (2004). "Manuel Oliveira Guerra e a revista Céltica no camiño da irmandade galego-portuguesa", Anuario Brigantino 27, 491-506.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2017). "A lingua das relacións epistolares entre a intelectualidade galega e portuguesa na segunda metade do século XX", Boletim da Academia Galega da Lingua Portuguesa 10, 49-68.

Gómez Torres, Camilo (2001). Manuel María: os traballos e os días. Santiago de Compostela: Laiovento.

Groba Bouza, Fernando, & Dono López, Pedro (dirs.) (2017). Galegos no Minho: 20 anos do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho. Famalicão: Edições Húmus.

Pazos-Justo, Carlos, & Botana Vilar, María Jesús, & André, Gabriel (eds.) (2021). Galiza e(m) nós. Estudos para a comprensión do relacionamento cultural galego-português. Famalicão: Húmus.

Quiroga, Carlos (2012). "Manuel María em Portugal. Lusofonia e tomada de consciencia identitaria na Galiza". En Rodríguez González, Olivia, & Carballo Piñeiro, Laura, & Baltrusch, Burghard (eds.), Novas achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios, 151-172. A Corunha: Universidade (Disponível em <http://ppl.gal/manuel-maria-em-portugal-lusofonia-e-tomada-de-consciencia-identitaria-na-galiza/>)

Quiroga, Carlos (2016). "Un poeta galego no fascínio de Portugal", Boletín da Real Academia Galega 377, 211-230.

Samartim, Roberto, & Pazos-Justo, Carlos (eds.) (2019). Portugal e(m) nós. Contributos para a comprensión do relacionamento cultural galego-português. Famalicão: Húmus.

CV Xosé Ramón Freixeiro Mato licenciouse en Filoloxía Románica (subsección: Español) no ano 1977 e en Filoloxía Hispánica (subsección: Galego-Portugués) no ano 1983 na Universidade de Santiago de Compostela. Obtivo o grao de doutor en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués) en 1992 na Universidade da Coruña, onde exercerá funcións docentes e investigador primeiro como profesor titular e despois como catedrático. Na actualidade é profesor emérito da UDC. A súa actividade investigadora ten como liñas fundamentais a gramática galega, a lingua literaria e a estilística, ben como a relación entre lingua galega e sociedade, tanto na perspectiva histórica como actual. Resultado desa actividade é a publicación de diversas monografías e outros contributos científicos, como artigos especializados en revistas e libros colectivos, alén de traballos de carácter divulgativo.

No relativo ao estudo, entre outros aspectos, da lingua e estilo de diferentes autores destacan as achegas sobre Noriega Varela, mais tamén son obxecto de especial atención outros escritores como Rafael Dieste, Manuel García Barros, Sebastián Martínez-Risco ou Manuel María, sobre quen editou en 2021 a súa correspondencia con Neira Vilas, en colaboración con Manuel Ferreiro.

Obtivo o Premio Literario 'Ánxel Fole', de ensaio, en dúas ocasións, a primeira en 1993 por 'Da montaña o corazón (Produción literaria e lingua en Noriega Varela)' e a segunda en 2006 por 'Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María'. Tamén gañou por dúas veces o Premio da Crítica de Galiza na modalidade de investigación, unha en 2006 pola obra 'Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito' e outra en 2014 por 'Estilística da lingua galega'.

Dirixiu a 'Revista Galega de Filoloxía' durante varios anos e na actualidade fai parte do seu Comité Científico. Tamén pertence a comités do mesmo tipo doutras destacadas publicacións e colabora como avaliador externo dalgunhas revistas especializadas.

18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

09:00 – 10:45

AUDITÓRIO B1 - CPII

PANEL

Título	INTERSECCIÓNS POSTHUMANAS NA LITERATURA GALEGA
Coordenador/a	MARÍA ALONSO ALONSO (USC)
Resumo	O panel “Interseccións posthumanas na literatura galega” pretende identificar unha serie de sinerxías entre diferentes tipoloxías posthumanas partindo dos postulados de Rossi Braidotti (1994, 2013, 2019) co fin de abordar a presenza na literatura galega actual de subxectividades subalternas. Con esta idea, as diferentes comunicacións deste panel ofrecerán unha achega teórica e práctica dende unha perspectiva posthumanista para sinalar a futilidade de fronteiras ontolóxicas e para cuestionar o antropocentrismo occidental que coloca ao home branco europeo no centro do universo. Polo tanto, este panel ten como obxectivo identificar o xeito no que os retos éticos e estéticos das configuracións identitarias posthumanas se presentan, tanto a nivel discursivo como de representación, en obras poéticas e narrativas en lingua galega. Así, as comunicacións deste panel propoñen explorar as diversas configuracións e interseccións posthumanas na produción literaria galega actual dende un punto de vista transversal a través dunha análise de textos que cuestionan a tradición antropocéntrica e androcéntrica da que somos herdeiras co fin de atopar as tipoloxías posthumanas emerxentes que xorden de diversas formas de exclusión, visibles e invisibles, na sociedade galega actual e que se reflicten a través da escrita creativa. Agradecementos Este panel conta co apoio do proxecto de investigación “Interseccións posthumanas nas literaturas irlandesa e galega / Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures”, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, Goberno de España, e FEDER, con referencia PID2022-136251NB-I00.

Autor/a	CATHERINE BARBOUR (TCD)
Título	FEMINISMO POSTHUMANISTA NO NOIR GALEGO: UNHA OLLADA CRÍTICA ÁS NOVELAS DE ARANTZA PORTABALES
CV	Dr Catherine Barbour joined Trinity as Assistant Professor in Twentieth and Twenty-First Century Spanish Peninsular Studies in January 2022. She was previously Lecturer in Spanish at the University of Surrey (2018-2021), and also held posts at Queen’s University Belfast (2018) and the University of St Andrews (2016-2017), where she was awarded her PhD in 2016. In 2018, she was Visiting Fellow at the Institute of Modern Languages Research, School of Advanced Study, University of

London on the Open World Research Initiative Translingual Strand 'Cross-Language Dynamics: Reshaping Community'. Dr Barbour specialises in contemporary Iberian (especially Galician) literary and cultural studies, with a focus on representations of gender, migration and translingualism in literature and visual culture by women. She also has keen interests in comparative literature and multilingual education. Her publications include the monograph <i>Contemporary Galician Women Writers</i>, published by Legenda in 2020, and she is currently working on her second book project on translingual feminisms in Iberian cultural production. She leads the multidisciplinary research network 'Women's (Im)Mobility in Times of Crisis', a collaboration between the University of São Paulo and the University of Surrey funded by the University Global Partnership Network that investigates the impact of 'crises' on mobility and gender equality. Dr Barbour is a Fellow of the Higher Education Academy and in 2019 was awarded the University of Surrey Vice Chancellor's Award for Early Career Teacher of the Year. She welcomes PhD proposals relating to any of her areas of interest, especially on topics relating to gender, migration and minority cultures. https://www.tcd.ie/Hispanic_Studies/staff/cbarbour.php

Autor/a MARÍA XESÚS NOGUEIRA (USC)
Título PERDER A FORMA HUMANA. A ESCRITURA SIMBIÓTICA E A MIRADA POSTHUMANA EN CURIOSIDADE, DE ESTÍBALIZ ESPINOSA
CV Departamento: Departamento de Filología Gallega Facultad: Facultad de Filología Área: Filología Gallega y Portuguesa Grupo de investigación: Literatura gallega. Literatura Infantil y Juvenil. Investigaciones literarias, artísticas, interculturales y educativas. Email: mariaxesus.nogueira@usc.es Doctora por la Universidade de Santiago de Compostela con la tesis "Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro" (2005). Dirigida por Dr/a. Anxo Tarrío Varela. https://investigacion.usc.gal/investigadores/59763/detalle?lang=es

Autor/a ANA ACUÑA (UVIGO)
Título MANEXANDO O CAOS: POSIBILIDADES DE RESISTENCIA NA CULTURA POSTHUMANA E ACTIVISMO LITERARIO I
CV Profesora contratada doctora Universidade de Vigo Área de Filología Gallega y Portuguesa Departamento de Filología Gallega y Latina

Autor/a	OLIVIA RODRÍGUEZ (UDC)
Título	Manexando o caos: posibilidades de resistencia na cultura posthumana e activismo literario II
CV	Titular de universidad (TIT-UN) Departamento: Letras Área: Teoría de la literatura y Literatura Comparada Investigación: Investigador individual Líneas de investigación: Literatura comparada, estudios ibéricos, teoría literaria, crítica, retórica Palabras clave: Literatura, cultura, teoría, comparatismo https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/7H7AF

SALA 0.14 - CPII

COMUNICACIÓN

Moderador/a	MARCO PAONE (UNIPG)
--------------------	---------------------

Autor/a	VÍTOR MÍGUEZ (USC)
Título	A ALTERNANCIA DE MODO VERBAL CON ADVERBIOS DE INCERTEZA DESDE A PERSPECTIVA VARIACIONISTA
Resumo	Nas linguas romances, o modo subxuntivo está normalmente restrinxido a contextos de subordinación, pero existen algunhas excepcións. Así, cando un adverbio de incerteza precede un verbo en forma finita, o modo verbal pode alternar entre o indicativo e o subxuntivo, como nos seguintes exemplos do galego: (1a) Probablemente esta será a última vez que visite esta cidade. (CORGA) (1b) Mañá probablemente sexan só tres os que estean traballando tralo mostrador. (CORGA) En ambos os exemplos, o verbo ser aparece tras o adverbio probablemente e describe un estado de cousas no futuro. Porén, en (1a) emprégase o futuro de indicativo e en (1b) o presente de subxuntivo. As dúas formas poderían ser intercambiadas (axustando a concordancia de número) e o resultado sería perfectamente gramatical. Este fenómeno de variabilidade de modo tras adverbios de incerteza recibiu atención continuada na lingüística hispánica desde o traballo de Woehr (1972) e recentemente houbo contribucións que estudaron o asunto desde un punto de vista cuantitativo e experimental (Deshors & Waltermire, 2019; Hirota, 2021). Non obstante, o fenómeno só foi discutido en relación co español, a pesar de que está documentado noutras linguas iberorrománicas, coma o galego (Álvarez & Xove, 2002, p. 180), o portugués brasileiro (Carvalho et al., 2017) e o catalán (López & Morant, 2002, p. 1840). Esta contribución examina a variabilidade de modo con adverbios de incerteza achegando dous aspectos innovadores. Por unha banda, proporciona o primeiro estudo variacionista do

fenómeno en galego, empregando datos obtidos de corpus de lingua actuais. Por outra banda, emprega un método de efectos mixtos que non foi aplicado nos estudos previos centrados no español.

REFERENCIAS

- Álvarez, R., & Xove, X. (2002). Gramática da lingua galega. Galaxia.
- Carvalho, H. M. de, Araújo, A. A. de, & Neto, A. V. do N. (2017). O uso do presente do subjuntivo em variação com o presente do indicativo no falar culto de Fortaleza. *Revista (Con)Textos Linguísticos*, 11(19), 83–103. <https://periodicos.ufes.br/contextoslinguisticos/article/view/16932>
- Deshors, S. C., & Waltermire, M. (2019). The indicative vs. Subjunctive alternation with expressions of possibility in Spanish: A multifactorial analysis. *International Journal of Corpus Linguistics*, 24(1), 67–97. <https://doi.org/10.1075/ijcl.17038.des>
- Hirota, H. (2021). The indicative/subjunctive mood alternation with adverbs of doubt in Spanish. *Journal of Quantitative Linguistics*, 29(4), 450–464. <https://doi.org/10.1080/09296174.2021.1919376>
- López, Á., & Morant, R. (2002). L'adverbi. In J. Solà, M.-R. Lloret, J. Mascaró, & M. Pérez Saldanya (Eds.), *Gramàtica del català contemporani. II. Sintaxi* (1-16) (3rd ed., pp. 1797–1852). Empúries.
- Woehr, R. (1972). “Acaso,” “quizá(s),” “tal vez”: Free variants? *Hispania*, 55(2), 320–327. <https://doi.org/10.2307/338322>

- CV** Son graduado en lingua e literatura galegas e doutor en lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e cursei o Mestrado en lingüística teórica e aplicada na Universidade Pompeu Fabra. Fun investigador predoutoral no Instituto da Lingua Galega, bolseiro do Corpus de Referencia do Galego Actual no Centro Ramón Piñeiro e profesor lector de lingua e cultura galegas na Universidade do País Vasco. Na actualidade, son profesor axudante doutor no Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- A miña investigación céntrase na gramática do galego. Estudo temas como as alternancias verbais e os marcadores modais desde a perspectiva da lingüística de corpus. Tamén me interesan a interface entre gramática e pragmática e o estudo teórico da modalidade. Ademais, participei no proxecto que conduciu á elaboración do Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico (CORTEGAL) e realicei estadias de investigación na Universidade de Antuerpe e na KU Leuven.

Autor/a **MARÍA DOLORES SÁNCHEZ PALOMINO (UDC)**

Título ETIMOLOXÍA E DICCIONARIO HISTÓRICO

Resumo Aínda que existen dicionarios unicamente históricos e dicionarios unicamente etimolóxicos, é evidente a estreita relación existente entre etimoloxía e dicionario histórico; de aí que tamén se redacten dicionarios que son á vez históricos e etimolóxicos. Trátase aquí de determinar en que medida é conveniente ou necesaria a consideración da etimoloxía nun dicionario histórico, asunto que depende do carácter que presente este último. Existen, por outra banda, diferentes maneiras de abordar a etimoloxía, tanto nun repertorio puramente etimolóxico coma nun histórico-etimolóxico. Tras analizar as diversas situacións posibles e o tratamento que se lle dá á etimoloxía no Dicionario Histórico e Etimolóxico da

Lingua Galega (DHELG), situarase o DHELG no marco da tradición lexicográfica diacrónica a este respecto.

BIBLIOGRAFÍA

Corbella Díaz, D. (2018). “Tratamiento de las etimologías en el DHECan”, en M. L. Arnal Purroy, R. M. Castañer, J. M. Enguita Utrilla, V. Lagüéns Gracia e M. A. Martín Zorraquino (coords.), *Actas del X Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Zaragoza, 7-11 de septiembre de 2015). Zaragoza: Diputación Provincial, Institución “Fernando el Católico”, 2, 1059-1073.

Gómez Clemente, X. M. (2023, no prelo) “A aplicación da microestrutura do Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG): a voz testemuño”, en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), *Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos*. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

Gómez Clemente, X. M. (no prelo) “O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega a debate”, en M. González González e M. D. Sánchez-Palomino (eds.), *Lexicografía histórica románica*. Granada: Comares.

González González, M. (2023, no prelo). “O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega, unha necesidade xa realizable”, en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), *Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos*. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

González González, M. e Sánchez-Palomino, M. D. (no prelo). “O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG)”, en M. González González e M. D. Sánchez-Palomino (eds.), *Lexicografía histórica románica*. Granada: Comares.

Hacken, P. ten (2018). “On the interpretation of Etymologies in Dictionaries”, en J. Čibej, V. Gorjanc, I. Kosem, S. Krek (eds.), *Proceedings of the XVIII EURALEX International Congress: Lexicography in Global Contexts*. Ljubljana: Ljubljana University Press, 763-773.

Sánchez-Palomino, M. D. (2022). “O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG) na lexicografía histórica románica”, en D. Corbella, J. Dorta e R. Padrón (eds.), *Perspectives en linguistique et philologie romanes*. Strasbourg: Éditions de linguistique et de philologie (ELiPhi), I, 753-762.

Sánchez-Palomino, M. D. (2023, no prelo). “O nivel microestrutural no Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG)”, en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), *Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos*. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

Sánchez-Palomino, M. D. (no prelo). “Lexicography”, en E. González Seoane e X. Sousa (eds.), *Manual of Galician Linguistics*, Berlin / Boston, De Gruyter.

Vázquez, I. (2011). “La etimología y los diccionarios portugueses”. *Anuario de Estudios Filológicos*, XXXIV, 311-328.

CV María Dolores Sánchez Palomino é Catedrática de Filoloxía Románica da Universidade da Coruña e académica numeraria da Real Academia Galega, onde pronunciou un discurso de ingreso sobre a lexicografía bilingüe. Tamén é investigadora colaboradora do Instituto da Lingua Galega, entre outros centros de investigación. Aínda que ten traballado na literatura galega e na lingüística e na literatura románicas, a súa traxectoria investigadora transcorre fundamentalmente nos eidos da lexicografía e da lexicoloxía galegas. Ademais da publicación e da edición de numerosos estudos críticos, ten sido redactora de todos os dicionarios monolingües da Real Academia Galega e na actualidade dirixe o Dicionario castelán-galego desta institución. Por outro lado, e desde o ano 2019, é IP, xunto a Manuel González González, do Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua

Galega (DHELG), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (PID2019-105411GB-I00), primeiro na súa especie no ámbito galego e obra de suma importancia non só filolóxica, senón tamén etnolóxica e cultural.

Coordina o grupo de investigación Estudos románicos e comparados (UDC) e en 2012 fundou a Rede de Lexicografía (RELEX), integrada por dezaseis equipos de investigación e máis de cen investigadores de distintas universidades españolas e doutros países. Tamén desenvolve unha destacada actividade docente no campo da lexicografía en diferentes mestrados, tales coma o MILA (Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada) e o EMLex (European Master in Lexicography), este último coa mención Erasmus Mundus), e dirixe diversas teses sobre a mesma temática.

Autor/a **CILANO MARQUES DA SILVA (UDC)**

Título CASTELANISMOS PLENOS PRESENTES NO DICCIONARIO DEL DIALECTO GALLEGO DE LUIS AGUIRRE DEL RIO

Resumo Moitas veces se ten argumentado que os dicionarios da lexicografía galega tradicional, elaborados no século XIX e boa parte do XX, omitiron deliberadamente as voces galegas que coincidían formalmente coas do castelán coa intención de destacar o léxico distintivo do galego, sen ter en conta que as voces comúns podían ser tan galegas coma as “privativas”. Porén, esta afirmación non parece ser de todo exacta, pois non todos os repertorios teñen a mesma concepción de partida ou levan co mesmo rigor dito criterio. Por outra banda, existen outras palabras que non entran dentro da consideración de “voces comúns” a ambas as dúas linguas, senón que corresponden unicamente ao castelán. A estas dedicaremos a nosa comunicación.

Analizaremos a presenza dos chamados “castelanismos plenos” na obra de Aguirre del Río titulada Dicionario de dialecto gallego (1858) editada por Hermida Gulías (2007), que a presenta como primeiro dicionario da lingua galega. Para conseguilo, faremos unha análise exhaustiva de todas as voces formalmente coincidentes coas da lingua castelá que figuran nesta obra. Excluimos deste traballo os castelanismos adaptados (conexo por coello), que serán obxecto de futuras investigacións. Esperamos contribuír deste xeito a un mellor coñecemento da tradición lexicográfica galega e a un incremento da masa de estudos léxicos de cara ao Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG).

CV Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidad de Jaén (UJA / 2018-2022), con posterior Mestrado en Lingüística Aplicada pola Universidad de A Coruña (UDC / 2022-2023). Durante a miña licenciatura, participei no programa de intercambio Erasmus+ no Instituto Politécnico de Bragança (Portugal) e tamén realicei un ano de estudos na Universidad de Salamanca (USAL). Teño experiencia como monitor de Lingua Española no PROFICI-PROEMES-UFBA (Brasil) nos anos 2018 e 2021. Ademais, fun profesor en formación de Lingua Española no NUPEL-UFBA-ILUFBA nos anos 2016, 2018 e 2022. Actualmente, estou matriculado no Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos na Universidad de A Coruña (UDC), onde desenvolvo investigación na área de lexicografía histórica baixo a dirección da doutora María Dolores Sánchez Palomino.

Autor/a	INÉS CRESPO PÉREZ (UDC)
Título	POR QUE O CAN DOENTE É UN CAN RABIOSO?
Resumo	Nesta proposta, presentamos un estudo detallado sobre a evolución semántica da voz "doente" aplicada ao can co significado de 'rabioso'. O foco primordial desta pesquisa reside na análise minuciosa do termo "doente" aplicado ao can infectado, dende unha perspectiva histórica e etimolóxica. Para facelo, estudaremos a tradición textual tal cal a recollen os corpus que dispoñemos, coma o CGPA (Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo), o Gondomar, o TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega), o CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual) e o CTG (Corpus Técnico do Galego), explorando tamén a tradición lexicográfica a través do Dicionario de Dicionarios (DdD) e o Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval (DDGM). Como é natural, teremos así mesmo en conta o material oral (Atlas Lingüístico Galego, Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português...) e examinaremos tratados e estudos de veterinaria referidos ao ámbito galego. Outro tipo de material que pode proporcionar información ao respecto son os enunciados fraseolóxicos. En calquera caso, abordaremos tamén expresións análogas coma can rabioso ou, nun rexistro diferente, can hidrófobo. O obxectivo principal deste traballo é contribuír ao mellor coñecemento do léxico galego na súa vertente ou evolución histórica, dando conta do proceso de restrición semántica que levou ao uso mencionado pero tamén da súa vixencia na actualidade. BIBLIOGRAFÍA CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [4.0]. En http://corpus.cirp.gal/corga/ DDGM = González Seoane, E. (coord.). Dicionario de dicionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En https://ilg.usc.gal/ddgm/index.php Gondomar = Álvarez, R. e González Seoane, E. (eds.) (2017). Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En http://ilg.usc.gal/gondomar/ Pensado Tomé, J. L. (ed.) (2004): Tratado de Albeitaria. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sánchez-Palomino, M. D. (2022). "O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG) na lexicografía histórica románica", en D. Corbella, J. Dorta e R. Padrón (eds.), Perspectives en linguistique et philologie romanes. Strasbourg: Éditions de linguistique et de philologie, I, 753-762. Sánchez-Palomino, M. D. (2023, no prelo). "O nivel microestrutural no Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG)", en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski. TILG = Santamarina, A. (dir.); González Seoane, E. e Álvarez de la Granja, M. Tesouro informatizado da lingua galega [4.1]. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En http://ilg.usc.gal/TILG/ CV Doctoranda en Estudos Lingüísticos en la Universidad de Coruña. Graduada en Filología Clásica por la Universidad de Granada y máster en Lingüística Aplicada en la Universidad de Coruña.

SALA 0.17 - CPII

PANEL

Título	FLUXOS LITERARIOS ENTRE GALICIA E A LUSOFONÍA
Coordenador/a	PATRICIA BUXÁN OUTEIRO (UVIGO)
Resumo	O panel titulado: “Fluxos literarios entre Galicia e a Lusofonía” céntrase nos fluxos de tradución entre Portugal e Galicia, así como a Lusofonía en xeral, facendo fincapé nas autorías traducidas, nos criterios de selección de autoras e nas editoriais implicadas, tanto da Literatura Infantil e Xuvenil coma de textos destinados a público adulto. Desde 2004 o grupo de investigación Bitraga da Universidade de Vigo compilar as traducións desde e cara ao galego no catálogo dixital Bitraga (Biblioteca de Tradución Galega ENLACE). Tomando como punto de partida os datos recollidos neste catálogo, este Observatorio da Tradución ten levado a cabo varios estudos analíticos.

Autor/a	ÁUREA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (USC)
Título	VOCES QUE VIAXAN. OS FLUXOS LITERARIOS ENTRE GALICIA E A LUSOFONÍA
Resumo	Os obxectivos desta comunicación son: 1) por unha parte, ofrecer datos empíricos sobre os intercambios literarios entre o galego e o portugués (Portugal, Brasil e/ou outras comunidades da Lusofonía) a través da publicación de obra literaria desas culturas que se recollen na base de datos BITRAGA (http://bitraga.webs.uvigo.es/). 2) Por outra parte e a partir deses datos, pretendemos estudar, dende a perspectiva da socioloxía de Bourdieu e da teoría ANT de Callon e Latour, as voces que máis interese conseguen e o percorrido dalgúns axentes e/ou actantes que interveñen no proceso, tendo en conta de maneira especial as autorías femininas.

Autor/a	SILVIA MONTERO KÜPPER (UVIGO)
Título	CONTACTOS ENTRE PORTUGAL E GALICIA. A TRADUCIÓN EDITORIAL PARA PÚBLICO ADULTO
Resumo	Nesta comunicación presentamos unha panorámica da tradución editorial dende o portugués cara ó galego e viceversa nos últimos corenta anos. A partir de enquisas realizadas ás editoriais involucradas completamos estes datos cunha análise cualitativa do contexto no que nacen as traducións. Interézanos descubrir cales son as motivacións para a escolla das obras traducidas, cales as vías de difusión e quen son as axentes mediadoras que participan neste proceso que lle permite á literatura galega entrar no sistema literario portugués e viceversa. Pretendemos con este estudo deitar luz sobre as relacións entre Galicia e Portugal a través da tradución editorial, unha vez que partimos do suposto dun intercambio desigual en termos cuantitativos e cualitativos.

CV M.A. pola Universidade de Bonn en Filoloxía Románica, Literatura Comparada e Alemá, e doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, onde exerce como profesora na área de Tradución. A súa investigación actual está centrada na tradución editorial, nas políticas de tradución e sostibilidade cultural e na lexicografía galego-alemán-galego. É investigadora principal do grupo de investigación BITRAGA e responsable do Observatorio da Tradución Galega. Conta con publicacións sobre políticas de tradución editorial e coeditou os volumes *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega* (Berna, 2015), *La traducción literaria Nuevas investigaciones* (Granada, 2016) e *Comunicación, traducción e interpretación* (MonTi, 2019) entre outros.

Autor/a ANA LUNA ALONSO (UVIGO)

Título CONTACTOS ENTRE PORTUGAL E GALICIA. A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL TRADUCIDA

Resumo O noso traballo quere ofrecer un enfoque cualitativo ao sinalar cales son as temáticas e/ou xéneros que máis interesan na actualidade dun lado e doutro da Raia, ao considerar os contidos dos textos así como os paratextos que os acompañan (ilustracións entre outros).
Interésanos analizar cal é a relación actual e determinar algunhas das razóns polas cales a LIX de expresión portuguesa entra no campo literario galego, e á súa vez, determinar como se produce o proceso inverso co obxectivo de ofrecer propoñer algunhas hipóteses sobre os contactos literarios entre Portugal e Galicia.

Autor/a IOLANDA GALANES SANTOS (UVIGO)

Título O 'EFECTO NOBEL' NA TRADUCIÓN LITERARIA GALEGA

Resumo Nesta comunicación analizamos as traducións galegas de autorías galardoadas co premio Nobel de literatura, co obxectivo de estudar ata que punto e como esa distinción se foi incorporando ao sistema literario galego.

CV Doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e realizou estudos de posgrao na Universidade de Laval (Quebec) e de posdoutoramento na Univ. de Montreal. A súa investigación encádrase en dúas liñas de traballo: a Terminoloxía na Tradución especializada e a Tradución literaria en Galicia. A esta última liña pertence o seu traballo no Catálogo Virtual da Tradución Galega, do grupo de investigación BITRAGA, do que fai parte desde a súa fundación en 2004. Ten varias publicacións nas que analiza as relacións do sistema literario galego con outras literaturas a través da tradución, como as monografías *La traducción literaria. Nuevas investigaciones* (Comares, 2016), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural* (Peter Lang, 2015) ou *Traducción de una cultura emergente* (Peter Lang, 2012), entre outras achegas. É autora e coautora de varias monografías, dunha decena de dicionarios especializados de ámbito internacional, e publica regularmente artigos académicos sobre as devanditas liñas. No referido á de Tradución literaria, ademais de traballos sobre

fluxos de tradución, centrou a súa atención na tradución exterior de figuras como Domingo Villar: tradución e impacto; A proxección exterior da literatura galega e Carlos Casares: obstáculos e estratexias (Boletín Galego de Literatura, 53 2018); Memorias dun neno labrego: revisitando a literatura de la emigración, Transfer 12, 2017; Carlos Casares y la traducción: obra dispersa e inédita, Quaderns para la traducció 21, 2014). Desde 2018 participa no equipo de investigación de CULTURFIL sobre a proxección exterior nas feiras internacionais do libro, no marco do cal coeditou a monografía Promoción cultural y Traducción. Ferias internacionales e invitados de honor Peter Lang en 2021.

SALA 2.06 - CPII

PANEL

Título	EDICIÓN LITERARIA NA GALIZA (1975-2000) (I)
Coordenador/a	CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN (UDC)
Resumo	Neste painel expóñense algúns dos resultados derivados de cada unha das liñas de traballo que estamos a desenvolver un grupo de investigadoras/es da UDC no marco do proxecto “Edición literaria na Galiza, 1975-2000” (PID2020-119605RB-I00). Como punto de partida, preséntase a base de datos deseñada para o proxecto e mais as ferramentas informáticas creadas para a explotación da mesma (C. F. P-Sanjulián/ L. Sousa); a seguir, o resto dos relatorios ofrecen resultados parciais da investigación nos diferentes focos de interese do proxecto. En concreto, o estudo da participación e papel das mulleres no mundo editorial galego constitúe un dos obxectivos prioritarios desta pesquisa, de modo que este é o tema central de tres das comunicacións que aquí se inclúen. Na primeira (C. F. P-Sanjulián), a partir dunha análise inicial de carácter cuantitativo, descríbese o tipo de actividades e funcións desenvolvidas por mulleres nesta etapa. Esta exposición complétase na seguinte comunicación (A. Lema) coa valoración dos testemuños obtidos nas entrevistas realizadas ás propias protagonistas. Xa na liña dun estudo de caso, na última proposta da sección (M^a O. Luis), analízase a posición subversiva que comezan a adoptar algunhas tradutoras neste período e que se desenvolverá fundamentalmente a partir das décadas seguintes. Outro dos propósitos do proxecto consiste na caracterización e análise de diferentes proxectos editoriais dentro do período; así, na quinta comunicación (I. Sobrino) realízase unha achega comparativa neste sentido, explorando a presenza da literatura oral nos catálogos das diversas editoras con produción en galego nestes anos. No último relatorio (X. L. Viñas), no marco da liña de estudo da repercusión que o conflito normativo tivo no mundo editorial galego, preséntase a proposta de codificación das variantes normativas que contemplamos, xunto con unha primeira aproximación á súa aplicación real durante o período.

Autores/as	CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN (UDC) LAURA SOUSA SÁNCHEZ (UDC)
Título	PRESENTACIÓN DA BASE DE DATOS: EDICIÓN LITERARIA NA GALIZA (1975-2000)
CV	CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN Profesora titular na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC. A súa investigación xira arredor de tres liñas fundamentais: literatura galega contemporánea (especialmente a análise das relacións entre discursos literarios, culturais e políticos), a edición na Galiza e as Humanidades Dixitais. LAURA SOUSA SÁNCHEZ Licenciada en Filoloxía Galega e cursou estudos de mestrado nos campos da edición e da literatura. Nos últimos anos colaborou con diferentes editoriais e actualmente está vinculada ao proxecto “Edición literaria na Galiza (1975-2000)” como persoal contratado.

Autor/a	CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN (UDC)
Título	PARA UNHA CARTOGRAFÍA DAS MULLERES NO MUNDO EDITORIAL GALEGO
CV	Carme Fernández Pérez-Sanjulián é profesora titular na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC. A súa investigación xira arredor de tres liñas fundamentais: literatura galega contemporánea (especialmente a análise das relacións entre discursos literarios, culturais e políticos), a edición na Galiza e as Humanidades Dixitais.

Autor/a	ÁN XELA LEMA PARÍS (UDC)
Título	AGORA CONTAN ELAS: EDITORAS CON NOME PRÓPRIO
CV	Ánxela Lema París é investigadora posdoutoral Margarita Salas en Estudos de Xénero e Literarios na UDC. Foi investigadora visitante na Universidade de Barcelona, lectora de lingua, literatura e cultura galegas na Université Sorbonne-Nouvelle Paris 3 e de lingua española na Université de Picardie Jules Verne. Publicou artigos sobre mononormatividade, biografismo e sexualización no proceso de lectura da literatura galega contemporánea.

SALA 2.11 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a ALBERTO PAZ-FÉLIX (UMINHO)

Autor/a **REBECA CASTIÑEIRAS VARELA (UDC)**

Título ARTE URBANA E TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL NA GALIZA

Resumo Este traballo analiza o emprego da arte urbana como ferramenta de revitalización urbanística na Galiza, en concreto, as iniciativas institucionais impulsadas polo colectivo Mutante creativo a través de exposicións artísticas e festivais como o Derrubando muros con pintura e o RexeneraFest, en Carballo, e o DesOrdes creativas en Ordes (A Coruña). Prestaremos atención a como estas manifestacións artísticas actuaron como un elemento de reconfiguración territorial, promoción turística e cohesión social e realizaremos unha análise formal e temática das súas pezas murais, con especial atención aos elementos da cultura galega representados nelas.

BIBLIOGRAFÍA

Arévalo, Lorena (2014): "Principales figuras del Street Art en Galicia". Historia y Comunicación social 19, 565-575.
 Baudrillard, Jean (1980): El intercambio simbólico y la muerte. Caracas: Monte Avila Editores.
 Berti, Gabriela (2009): Pioneros del graffiti en España. Valencia: Editorial de la UPV.
 Figueroa, Clara (2017): "A pegada do Desordes creativas". O Salto Galiza 5, 56-61.
 Garí, Joan (1995): La conversación mural. Ensayo para una lectura del graffiti. Madrid: Fundesco.
 7H Cooperativa Cultural (2022): Cando elas toman os muros: Feminismo e arte urbana en Galicia. A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións.

CV Graduada en Historia da arte na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Mestra en Literatura, cultura e diversidade pola Universidade da Coruña (UDC), actualmente matriculada no programa de doutoramento en Estudos literarios na Universidade da Coruña (UDC).

Autor/a **IOLANDA OGANDO (UEX)**

Título EFEMÉRIDES NA PAISAXE LITERARIA GALEGA: UNHA ACHEGA AO CASO DE ROSALÍA DE CASTRO

Resumo No ámbito do traballo do proxecto CALIBRAM viñemos desenvolvendo o concepto de paisaxe literaria (García Benito e Ogando González, en prensa), entendido coma o conxunto de signos procedentes da literatura que conforman unha parte da paisaxe lingüística, se ben presenta características propias, sexa a nivel de formas

e formatos (maior carácter visual), sexa a nivel de produción (normalmente máis planificada).

A través da creación de lugares de memoria especificamente relacionados coa literatura (Nora 1984, 1986 e 1992), así como do desenvolvemento de prácticas educativas arredor da mesma que, máis alá das aulas, tiveron o seu reflexo noutro tipo de prácticas de conmemoración, monumentalización (Thiesse 2019), ou mesmo de santificación (Dović & Helgason 2016), o espazo público foi ocupado con signos literarios que a cidadanía debía coñecer e recoñecer. Destarte, é posible detectarmos o funcionamento da paisaxe literaria ao longo dos diversos réximes de preservación canónica (sacralizador, banalizador e venalizador) propostos por Santos Unamuno (2018) e, no seu cerne, as prácticas de mediación cultural que configuraron as culturas nacionais europeas desde finais do século XVIII.

Tendo isto en conta, e a partir dos traballos sobre as imaxes rosalianas de Bueno Pereira (2014) e Rodríguez Dacal (2021), coa presente comunicación queremos investigar sobre a paisaxe literaria producida arredor de Rosalía de Castro por causa das actividades e accións realizadas co gallo de dúas celebracións centrais nos sistemas escolar e cultural: a do Día das Letras Galegas e, nomeadamente, a do Día de Rosalía.

A pescuda dos rastros deixados na paisaxe literaria de ambas as efemérides permitíranos afondar no estudo de Rosalía a través dos diversos procesos de preservación canónica, afondando no estudo sobre as transformacións na súa recepción dentro do sistema cultural galego: cremos que será posible así trazar o percorrido entre o seu carácter de figura cimeira do panteón literario e o de auténtica celebrity do sistema cultural na actualidade.

BIBLIOGRAFÍA

García Benito, A. B. & Ogando, I. (en prensa). Del paisaje lingüístico al paisaje literario. Aproximaciones para proponer un nuevo concepto. [enviado para avaliación]

Dović, M. y Helgason, J. K. (2016). National Poets, Cultural Saints: Canonization and Commemorative Cults of Writers in Europe. Leiden/Boston: Brill.

Nora, P. (dir.) (1984, 1986 e 1992). Lieux de mémoire, vols. 1, 2, 3, Paris: Gallimard.

Pereira Bueno, F. (2014). Rosalía de Castro. Imaxe e realidade. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Dacal, C. (2021). Rosalía en verde. Xardíns, monumentos e plantas. Padrón: Fundación Rosalía de Castro.

Santos Unamuno, E. (2018). La literatura como patrimonio: del «nation building» al «nation branding». Tropelias. Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada, número extraordinario 4, pp. 116-137.

Thiesse, A-M. (2019). La fabrique de l'écrivain national. Entre littérature et politique. Paris: Gallimard.

CV Profesora Titular na Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Extremadura e coordinadora do grupo de investigación Linguas e Culturas na Europa Moderna: Discurso e Identidade (HUM008). Na actualidade é co-IP do proxecto de investigación CALIBRAM (Canon, mediación y branding en los sistemas posliterarios ibéricos, ss. XX-XXI), onde desenvolve unha investigación centrada fundamentalmente en tres liñas: o papel que os estereotipos, lugares comúns e patróns literarios desempeñan na configuración e transmisión da memoria e das identidades culturais; a utilidade deses patróns literarios como ferramentas para a mediación lingüística e cultural en ámbito do PLE; e, xa máis recentemente, o concepto de paisaxe literaria (desenvuelto en colaboración con García Benito) e as

súas manifestacións nas literaturas galega e portuguesa desde o século XVIII até a actualidade.

Autor/a JAKUB MERDAŁA (UJ)

Título A CERVA QUE QUERÍA ESCARNECER, PERO SENTIUSE PEQUENA E MOI NAMORADA – ANÁLISE XENÉRICA DO POEMA CUNQUEIRANO ‘CANTIGA DE MALDICER CONTRA O ANO 1949’

Resumo O movemento neotrobadoresco, xunto co seu maior representante, Álvaro Cunqueiro, está normalmente relacionado coa produción literaria amorosa e ós autores preséntanselles coma grandes cultivadores, innovadores e recuperadores da tradición medieval das cantigas de amigo e de amor. Por outro lado, poucos son os exemplos do terceiro grande xénero da poesía galego-portuguesa, ou sexa, da cantiga de escarnio e maldicer.

Non obstante, un poema desta tipoloxía foi composto por Álvaro Cunqueiro e titúlase “Cantiga de maldicer contra o ano 1949”. Aínda que o autor identifica explicitamente o xénero no cal compuxo a súa cantiga, o texto presenta certas diferencias respecto ás regras dunha cantiga de escarnio e maldicer prototípica (suxeito lírico feminino), pero nótase tamén que Cunqueiro utilizou algunhas técnicas coñecidas polos trobadores, p.e. no refrán obsérvase clara influencia da, tal chamada, cantiga de seguir, cuxa modalidade consistía precisamente en reutilizar o refrán dunha canción (tradicional, cantiga de amigo ou de amor) coa intención burlesca. Neste caso o poeta mindoniense recupera un verso de “Ai Deus, que doo qu’eu de mi ei” escrita por Pero de Ver. Este xogo dobre ó cal Cunqueiro mantén co seu lector, orixínase no seu afán de mesturar as tradicións constantemente e de prestar (e innovar) elementos provenientes de distintas épocas histórico-literarias.

O noso obxectivo é reflexionar sobre a tipoloxía deste texto e presentar unha nova interpretación xenérica, tratando a composición coma unha cantiga medieval, é dicir, fixarémonos nos elementos compositivos, formais e temáticos que constitúen o texto cunqueirano e responderemos á pregunta, se realmente se trata neste caso dunha cantiga de escarnio (no sentido medieval do termo), unha renovación do modelo antigo ou se as inspiracións do poeta podía provir doutra tipoloxía galego-portuguesa. O noso punto de referencia será o corpus trobadoresco, a única poética galego-portuguesa e os estudos xenolóxicos actuais, pero amais teremos en conta o contexto neotrobadoresco.

O propósito que temos é, precisamente, dar un enfoque medievalista á obra de Cunqueiro, presentar as vías posíbeis para estudos futuros e reflexionar de maneira diferente sobre a cuestión de encontros literarios entre o novo e o antigo, entre a tradición galega actual e o patrimonio común galego-portugués.

CV Son estudante de máster da Universidade Iaguelónica, pero agora participo no programa Erasmus na Universidade de Santiago de Compostela. O meu interese principal é a lírica medieval, co maior enfoque na poesía dos trobadores galego-portugueses. Xa teño algunhas publicacións nas revistas estudantis e nas revistas científicas, dedicados á produción lírica dos trobadores, máis especificamente á cuestión dos xéneros poéticos existentes na tradición galego-portuguesa: <https://orcid.org/0000-0002-5793-2592>
<https://costam.academia.edu/JakubMerdala>

Publicacións:

“Miłość w poezji galisyjsko-portugalskiej” publicado no núm. 20 da revista estudantil ROMAN. Czasopismo Studentów UJ.

“Miłość (nie)dworna – druga strona miłości w liryce galisyjsko-portugalskiej” publicado no núm. 21 da revista estudantil ROMAN. Czasopismo Studentów UJ.

“Trubadur w służbie Jej Najświętszej Mości – elementy poetyki trubadurów oraz obecność poety w Cantigas de Santa Maria” publicado no núm. 21 da revista estudantil ROMAN. Czasopismo Studentów UJ.

“Miła nie taka miła – satyryczne elementy w cantigas de amigo” publicado no núm. 22 da revista Studia Iberystyczne.

Coloquios:

II Edycja Interdyscyplinarnego Sympozjum Katalonistycznego coa ponencia titulada “Galisijczyk o walecznym zdobywcy Walencji – pochwała Jakuba I Zdobywcy w pieśni Pero da Ponte.”;

XIII CONGRESO DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS. Universidade de Varsovia Polonia 21-24 DE SETEMBRO DE 2022 “ABRINDO RUTAS, EXPANDINDO CAMIÑOS. NOVAS PERSPECTIVAS E INTERSECCIÓN NOS ESTUDOS GALEGOS” coa ponencia titulada “Nunca Deus quis nulha cousa gram bem: las cantigas de escarnio e maldicir contra Dios en la poesía medieval galego-portuguesa”.

CIFRE – IV: From the Traditional to the New. 27-28 of April 2023 coa ponencia titulada “E fiz por ela esta... ¿pastorela? – nueva perspectiva geneológica para la pastorela gallegoportuguesa”

Fikcje – Iluzje – Wyobrażenia | Studencko-doktorancka konferencja naukowa 12-13 maja 2023 coa ponencia titulada “Był czy nie był; oto jest pytanie - rozważania na temat fikcyjnego (?) gatunku tenção de amigo w poezji galicyjsko-portugalskiej”

Outros:

Organización e participación activa na velada poética en homenaxe a Rosalía de Castro “Galicja jest kobietą” (08.03.2023)

Organización e participación activa na velada poética en homenaxe a Álvaro Cunqueiro “Czemu chcesz, żebym ci opowiadał jakie jest morze?” (17.05.2023)

Taller de traducción en colaboración con Instituto Cervantes en Cracovia “Cantigas de escárnio e maldizer, o ¿cómo se traduce la poesía medieval?” (23.03.2023)

Autor/a CRISTINA MARTÍNEZ TEJERO (USC)

Título A CANONIZAÇÃO DE CASTELAO A PARTIR DA TEORIA DOS SANTOS CULTURAIS

Resumo Tendo em conta a indiscutível posição canónica de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na cultura galega, esta comunicação pretende abordar a sua figura a partir da teoria dos santos culturais formulada por Dović e Helgasson (2017). Segundo estes autores, a secularização do mundo ocidental, produzida a partir do século XIX, é paralela à cópia de modelos de consagração religiosos aplicados a figuras culturais. Deste modo, será analisado o processo de canonização de Castelao organizado em três coordenadas principais, *vita*, *cultus* e *effectus*, isto é: a) os discursos elaborados sobre a sua figura (exemplaridade, sacrifício, martírio, serviço público); b) a produção e reprodução do seu estado canónico (estabelecimento de lugares de memória, entrada no currículo escolar, apropriação, oficialização); e c) os efeitos destes processos ao nível da sociedade (contribuição para o sentimento de comunidade, memória coletiva, transmissão de mensagens sociais e éticas).

Nesta comunicação será privilegiada tanto a dimensão pública do seu cultus (bustos, nomes de ruas e edificios), como o tratamento dos seus restos mortais. Para isso é preciso ter em conta duas delimitações espaço-temporais: em primeiro lugar, a determinada pela dualidade sistémica marcada pela tensão Galiza e enclaves americanos, e, em segundo lugar, o período compreendido entre o seu falecimento, em 1950, e a década de 80, coincidindo com o traslado dos seus restos mortais ao Panteón de Galegos Ilustres.

BIBLIOGRAFÍA

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Villares, Ramón (eds.) (2008). Os símbolos de Galicia. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Dourado Deira, Manuel (2014). O primeiro retorno de Castelao. Rianxo: Axóuxere Editora.

Dović, Marijan & Helgason, Jón Karl (2017). National poets, cultural saints : canonization and commemorative cults of writers in Europe / by Marijan Dović, Jón Karl Helgason. Leiden: Brill.

Dović, Marijan & Helgason, Jón Karl (2019). Great immortality: studies on European cultural sainthood. Leiden: Brill.

Fernández, Carlos (1986). La persecución de Castelao durante el franquismo Sada: Edición do Castro.

Seixas Seoane, Miguel Anxo (2019). Castelao: construtor da nación. Volume 3. Vigo: Editorial Galaxia.

- CV** Cristina Martínez Tejero é profesora ayudante doutora na Universidade de Santiago de Compostela e integrante Grupo de Investigación Galabra. Entre 2015 e 2019 foi investigadora de pós-doutoramento no Centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa. As suas linhas de investigação ligam a sociologia da literatura, a teoria da literatura ou a literatura comparada a áreas como os estudos culturais, o turismo ou os estudos ibéricos, com especial enfoque nos casos galego e português. Sobre estes assuntos publicou mais de 30 artigos e capítulos em diversas revistas e editoras académicas. No domínio dos estudos ibéricos, coeditou, com Santiago Pérez Isasi, o livro *Perspetivas críticas sobre os Estudos Ibéricos* (Edizioni Ca' Foscari, 2019) e a monografia “Confluencias e interferencias literarias y culturales en el espacio ibérico” (Revista Tintas - Quaderni di letterature iberiche e iberoamericane, 2019).

18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

14:00 – 14:45

AUDITÓRIO B1 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a MARIA ALONSO ALONSO (USC)

ONLINE

Autor/a **ANTÓN CORBACHO QUINTELA (UFG)**

Título AS EDIÇÕES GALEGAS DE LITERATURA BRASILEIRA E AS EDIÇÕES BRASILEIRAS DE LITERATURA GALEGA: A QUESTÃO DA TRADUÇÃO

Resumo Tem havido alguns poucos brasileiros que publicaram produtos literários na Galiza, como, em 2022, Thayane Gaspar Jorge – autora do romance Nossa concha de retalhos, ou Roberto Cordovani, autor, junto a Alejandra Guibert, da peça teatral “Olhares de perfil” (Cordovani, 2002). Por sua vez, poucos galegos publicaram no Brasil; em 1938, Álvaro de las Casas publicou o romance Os dois e Carlos Quiroga, em 2006, o romance Periferias e, em 2013, o romance Império do Ar. Constitui um grupo à parte os livros de poemas, em galego ou em português brasileiro, publicados por três imigrantes galegos no Rio de Janeiro – Gonzalo Armán, Domingo González Cruz e Reynaldo Valinho Alvarez, e por um imigrante em Belo Horizonte – Manuel Diz Ramos. Por outro lado, na década de 1960, com a publicação da tradução ao português brasileiro de uma seleção de poemas de Rosalía de Castro por Ecléa Bosi (Castro, 1966) deu-se início, no Brasil, ao labor de tradução ao português brasileiro da literatura galega. O processo inverso começou com a tradução ao galego de três poemas do livro No ritmo dessa festa (Lombardi, 1976) feita por Valentín Paz-Andrade e incluídos no livro Voces femeninas de la poesía brasileña (Sampaio, 1978). Nesse sentido, nesta comunicação apresentam-se os resultados de uma pesquisa acerca, por um lado, das justificativas, contidas nos produtos literários, tanto para publicar no Brasil nas regras e normas da RAG quanto para publicar na Galiza, por parte dos brasileiros, mantendo a ortografia da Lusofonia. Por outro lado, recopila-se e critica-se as justificativas que ampararam os trabalhos de tradução, entre ambas as línguas, de obras literárias.

REFERÊNCIAS

CASAS, Álvaro de las. Os dois. Rio de Janeiro: A Noite, 1938.
 CASTRO, Rosalía de. Poesias. Tradução de Ecléa Bossi. São Paulo: Editora Nós – Publicações Galiza Ceibe, 1966.
 CORDOVANI, Roberto. Teatro Brasileiro na Galiza. A Corunha: Biblioteca-Arquivo Teatrl “Francisco Pillado Mayor”, 2002.
 JORGE, Thayane Gaspar. Nossa concha de retalhos. Santiago de Compostela: Menino Morreu, 2022.
 LOMBARDI, Bruna. No ritmo dessa festa. São Paulo: Edições Símbolo, 1976.
 LOMBARDI, Bruna. “Saña”, “Corisco”, “Supermercado”. Tradução de Valentín Paz-Andrade. In: SAMPAIO, Adovaldo Fernandes. Voces femeninas de la poesía brasileña: ensayo antológico. Goiânia: Oriente, 1979.

QUIROGA, Carlos. Periferias. São Paulo: Editora Horizonte, 2006.
 QUIROGA, Carlos. Império do Ar: cavalgadas de Daniel em Ilha Brasil. Rio de Janeiro: Confraria do Vento, 2013.

CV Antón Corbacho Quintela é docente na Universidade Federal de Goiás – UFG, em Goiânia, Goiás (Brasil). Licenciado em Filologia Hispânica pela Universidade de Santiago de Compostela. Obteve seu título de mestre em Filologia Galega e de doutor em Filologia Galega pela mesma universidade. Sua experiência profissional abrange o ensino de Literaturas de Língua Espanhola, Latim e Teoria e Crítica da Literatura no Ensino Superior; foi consultor do MEC para autorização e reconhecimento de cursos de espanhol. Coordenou o Centro de Línguas da UFG e dirigiu o Centro Editorial e Gráfico dessa universidade. É membro do Grupo GALABRA de Estudos da Cultura (Goiás e Brasília); na atualidade, em seus projetos de pesquisa e de extensão e cultura dedica-se ao estudo da categoria estrangeiro e do turismo.

ONLINE

Autor/a LIZ FERNANDES DE PAULA (UFG)

Título O INÍCIO DA APRESENTAÇÃO, NO BRASIL, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO REFERÊNCIA DE BELEZA E FIDALGUIA: AS CRÔNICAS DE JOSÉ CASAIS SOBRE O TURISMO EM GOIÁS

Resumo Em 1966, na Biblioteca Nacional do Rio de Janeiro, inaugurou-se a exposição “Caminho de Santiago e Cultura Medieval Galaico-Portuguesa, Mostra Bibliográfica”. O curador dessa exposição e do correspondente catálogo foi o cônego galego Emilio Silva (1966); muito provavelmente esse foi o primeiro grande evento para a divulgação, no Brasil, do Caminho. No começo dessa década, Luis Amador Sánchez publicara o artigo “El Camino de Santiago” (1960, p. 25-28), onde expunha a história da peregrinação e descrevia Compostela. Por sua vez, Augusto Meyer publicara em 1947 um poema intitulado “Caminho de Santiago”, possivelmente uma das primeiras incorporações do Caminho ao repertório da lírica brasileira, iniciando-se um processo de publicação, no Brasil, sobretudo a partir da década de 1980, de centenas de obras sobre o Caminho. Nesta comunicação são expostos os primeiros resultados de uma pesquisa sobre o uso de Santiago de Compostela como referência, no Brasil, de cidade patrimônio sem, necessariamente, o estabelecimento de vínculos entre Compostela e a peregrinação. Nesse sentido, considera-se que no livro de viagens documentado com fotografias do galego José Casais, Un turista en el Brasil (Casais, 1940), está a primeira narração em que Compostela, associada à beleza, à arte, ao estilo e à nobreza, é usada como referência para a recomendação de um destino turístico no Brasil, sendo ele a Cidade de Goiás. Casais, diplomata espanhol, por desavenças e conflitos tanto com o governo da II República quando com o governo de Franco, abandonara as repartições no Chile e na Argentina e refugiou-se no Brasil (Cachón, 2010), passando o final da Guerra Civil fazendo turismo. Considerando o habitus de Casais, foi analisado o discurso mediante o qual justifica o traçado de paralelismos entre as duas cidades – Compostela e Goiás – recomendando a incorporação da antiga capital goiana aos roteiros turísticos.

REFERÊNCIAS

CACHÓN CADENAS, Manuel Jesús. Desventuras de José Casais Santaló, primer traductor español de Chiovenda. Justicia: Revista de Derecho Procesal, n. 3-4, p. 13-96, 2010.

CASAI, José. Un turista en el Brasil. Rio de Janeiro: Franz Timon, 1940.

MEYER, Augusto. Caminho de Santiago. Revista de São Pedro, Porto Alegre, Editora Globo, n. 10, 1947.

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Luis Amador. El pensamiento literario español. São Paulo: Faculdade de Filosofia, Ciências e Letras, 1960.

SILVA, Emilio. Caminho de Santiago e Cultura Medieval Galaico-Portuguesa, Mostra Bibliográfica. Rio de Janeiro: MEC, 1966.

CV Liz Fernandes de Paula é discente na Universidade Federal de Goiás – UFG, em Goiânia, Goiás (Brasil). Graduanda do curso de Licenciatura em Letras Português desde 2022 pela Faculdade de Letras. Foi bolsista pelo Programa de Bolsas de Extensão e Cultura de janeiro a junho de 2023 e, atualmente, faz parte do Programa Institucional Voluntário de Iniciação Científica, ambos sob a orientação do prof. Dr. Antón Corbacho Quintela. É membro do Grupo de Pesquisa (CNPq) e do Grupo GALABRA de Estudos da Cultura (Goiás e Brasília).

Autor/a SUSANA L. M. ANTUNES (UWM)		ONLINE
Título	MEMÓRIA SOALHEIRA E TELURISMO EM O CALOR DAS COISAS, DE NELIDA PIÑON	
Resumo	Composto por um conjunto de 13 contos, o livro O Calor das Coisas (1980) da escritora brasileira com raízes galegas Nelida Piñon (1937-2022) aborda preocupações recorrentes na sua escrita, tais como a importância da palavra, a manipulação política de linguagem, representações da mulher e as paixões humanas, temas rodeados neste conjunto de contos pelo humor refinado. Nesta comunicação pretendemos assinalar a presença da memória e do telurismo nos contos de O Calor das Coisas e de que forma aquelas categorias enformam os contos em análise. Embora se apresentem como conceitos distintos, a memória e o telurismo desempenham papéis significativos na forma como experimentamos o mundo e nos relacionamos com o nosso passado e o ambiente físico que nos cerca. A memória é uma faculdade cognitiva fundamental que nos permite reter, armazenar e recuperar informações do nosso passado. Ela desempenha um papel vital na nossa identidade, na aprendizagem e nos momentos em que devemos tomar decisões. A memória pode ser dividida em várias categorias, incluindo memória de curto prazo, memória de longo prazo e memória de trabalho, sendo por isso essencial para a formação das nossas experiências e das nossas conexões com o mundo, com os outros e conosco. Elemento essencial para a construção da narrativa das nossas vidas, usamos as nossas memórias para relatar sobre quem somos, de onde viemos e para onde vamos, ajudando a implementar uma série de movimentos os quais nos permitem criar um sentido de continuidade e de significado nas nossas vidas, pese embora esteja sujeita a distorções, esquecimentos e reconstruções. Por outro lado, o telurismo é um termo que se refere à ligação profunda e visceral que as pessoas têm com a terra, a natureza e o planeta em que vivemos. O	

telurismo está relacionado com a ideia de que fazemos parte integrante do ecossistema terrestre e de que nossa existência está intrinsecamente ligada ao planeta, experimentando, muitas vezes, conexões espirituais ao elemento Terra. A memória desempenha um papel importante na literatura de Nélida Piñon. Frequentemente a autora explora a forma como as memórias individuais e coletivas moldam a identidade das personagens e o fluxo da narrativa. Neste sentido, a memória constitui-se como uma força motriz na construção de narrativas onde, muitas vezes, as personagens mergulham em para revelar traços profundos das suas personalidades e experiências de vida.

Quanto ao telurismo, Nélida Piñon apresenta na sua escrita conexões intensas com a natureza e a terra. Embora não seja uma escritora especificamente associada ao conceito de telurismo, a sua obra e, particularmente, os contos em estudo, podem inspirar reflexões sobre o relacionamento entre os seres humanos e a terra, especialmente no contexto da literatura brasileira.

Neste sentido e tendo em conta a interação implementada por algumas das nuances memorialísticas com o telurismo nos contos de Nélida Piñon, este estudo será enformado por preceitos teóricos que abordam questões memorialísticas e ecocríticas.

BIBLIOGRAFIA

Ansart, Pierre. Maurice Halbwachs: Espaces, mémoire et psychologie collective. Paris : Éditions de la Sorbonne, 2014.

Bary, Leslie. Cultural Memory and Literature in Brazil. Wisconsin: University of Wisconsin Press, 2014.

Garrard, Greg. The Oxford Handbook of Ecocriticism. Oxford: Oxford University Press, 2014.

Halbwachs, Maurice. Les cadres sociaux de la mémoire. New York: Arno Press, 1975.

Hernández, Ascensión Rivas (ed.). Nélida Piñon en la república de los sueños. Ediciones Universidad de Salamanca: Salamanca, 2021.

Le Goff, Jacques. History and memory. New York: Columbia University Press, 1992.

Knickerbocker, Scott. Eco-poetics: The Language of Nature, the Nature of Language. Massachusetts: University of Massachusetts Press, 2012

Ricoeur, Paul. Mémoire, l'histoire, l'oubli. Chicago: University of Chicago Press, 2004.

Tennenhouse, Leonard. Literature, Memory, and the Politics of the Past. Pennsylvania: University of Pennsylvania Press, 2000.

Tuan, Yi-Fu. Topophilia: a study of environmental perception, attitudes, and values. New York: Columbia University Press, 1990.

_____. Man and nature. Washington: Association of American Geographers, 1971.

_____. Topophilia: A Study of Environmental Perceptions, Attitudes, and Values. Columbia: Columbia University Press, 1974.

CV Susana L. M. Antunes fez doutoramento na Universidade de Massachusetts, Amherst, é Professora Associada de Língua, Literatura e Culturas Lusófonas na Universidade de Wisconsin-Milwaukee, onde desempenha também as funções de Coordenadora do Programa de Português. Os seus interesses de pesquisa repartem-se pela poesia contemporânea em língua portuguesa, literatura de viagem e literatura de ilhas (Ecocrítica, Geopoética) em português, francês e inglês numa perspetiva comparada, os quais tem apresentado em diversas conferências nacionais e internacionais. É investigadora no grupo de pesquisa Estudos de

Paisagem nas Literaturas de Língua Portuguesa, da Universidade Federal Fluminense, Brasil, e no centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa, onde participa no projeto de criação de uma Enciclopédia Digital em Estudos Insulares. Integra também o projeto Escritoras de Língua Portuguesa no Tempo da Ditadura Militar e do Estado Novo em Portugal, África, Ásia e Países de Emigração, o qual resulta de uma parceria internacional, envolvendo o Instituto de Estudos de Literatura e Tradição, o CICS.NOVA/Faces de Eva, da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, e o CRILUS/UR Études Romanes, da Universidade Paris Nanterre. É tradutora do Institut International de Gépoétique, França.

autora do livro *De Errâncias e Viagens Poéticas* em Jorge de Sena e Cecília Meireles (Afrontamento - 2020), o seu trabalho mais recente foi a edição e coordenação do volume *Ilhas de vozes em reencontros compartilhados*, publicado em 2021, pela Quod Manet, Massachussets.

Autor/a PEDRO BASALO BEMBIBRE (USAL)

Título O ENTRUDIO DE VIANA DO BOLO E O SEU TRATAMENTO NA PRENSA AO LONGO DO SÉCULO XX

Resumo Hoxe o Entrudio de Viana do Bolo é unha das tradicións máis recoñecidas dentro do Entroido galego. Non sempre foi así; malia o forte arraigamento deste na súa bisbarra, a súa fama comezou a estenderse só a partir de 1980. E, aínda que son varios os motivos que explican ese atraso respecto a outros entroidos, convén ter en conta o enfoque e a actitude que adoptaron algúns medios de comunicación. Practicamente, a prensa acaprou e construíu a narrativa sobre os entroidos galegos ao longo de case todo o século XX. Por iso cómpre fixarse en dous aspectos relacionados coa festa e que concirnen aos xornais: por unha parte, estes influíron na opinión pública ao promoveren e asentaren certas ideas e prexuízos; por outra parte, constituíron unha fonte de información cuxa falta de rigor ou interese chegou a falsear a realidade. Por desgraza, ambas as dúas facetas deixaron a súa pegada no relato da tradición vianesa.

En definitiva, tendo moi presentes as premisas anteriores, analizarase o tratamento que recibiu o Entrudio de Viana do Bolo por parte da prensa ao longo do século XX, facendo fincapé nos diarios ourensáns por seren os que máis abordan o tema.

BIBLIOGRAFÍA

González Fernández, Óscar Julián (2020): *Mascaradas de la península Ibérica* (2ª edición, corrixida e ampliada), Lugo: Autoedición.

Prieto, Laureano (1958): *Contos vianeses*, Vigo: Galaxia.

Risco, Vicente (1948a): "Notas sobre el Carnaval en Galicia", *Revista de dialectología y tradiciones populares*, 4.2, pp. 163-196.

Risco, Vicente (1948b): "Notas sobre el Carnaval en Galicia (continuación)", *Revista de dialectología y tradiciones populares*, 4.3, pp. 339-368.

Tenorio, Nicolás (1982): *La aldea gallega*, Vigo: Xerais.

CV Pedro Basalo Bembibre é graduado en Lingua e Literatura Españolas pola Universidade de Santiago de Compostela. Coursou tamén un mestrado de especialización en estudos literarios na Universidad de Salamanca e traballou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades como bolseiro de BiRMED, unha base de datos bibliográfica especializada na literatura medieval

galego-portuguesa. Actualmente é lector de lingua, literatura e cultura galegas na Università degli Studi di Padova e, ao mesmo tempo, está a realizar unha tese de doutoramento sobre a edición dun cancionero medieval castelán na Universidad de Salamanca. Alén das pescudas que atinxen á literatura, dende 2016 vén desenvolvendo unha investigación de carácter etnográfico acerca do Entrudio de Viana do Bolo e da súa contorna, cuxos resultados se destinan tanto á divulgación como á produción científica.

SALA 2.01 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ (AIEG)

Autor/a	SILVIA MONTERO KÜPPER (UVIGO) PATRICIA BUXÁN OUTEIRO (UVIGO)
Título	CIRCUÍTOS EDITORIAIS E TRADUCIÓN ENTRE AS CULTURAS CATALÁ, GALEGA E VASCA
Resumo	Este estudo presenta unha panorámica dos fluxos de tradución entre algúns campos literarios non-hexemónicos do Estado español e, mediante unha análise tanto cuantitativa coma cualitativa, dá a coñecer a tipoloxía das editoriais, as súas políticas de edición e tradución, así como as súas motivacións. Delimitamos o corpus da nosa análise ás traducións literarias publicadas no decenio 2013-2022 e destinadas a un público adulto, unha vez que a literatura infantil e xuvenil obedece a outras dinámicas. Logo da presentación dos datos relativos ás traducións publicadas entre as culturas catalá, galega e vasca, levaremos a análise en particular ás editoras independentes co obxectivo, a partir de enquisas ás axentes e análise do discurso (cf. os paratextos dispoñibles nos seus sitios web), de coñecer se existen políticas deliberadas de intercambio directo entre minorías (i. e., non-mediado nin interferido polo campo hexemónico do castelán) e cales son as motivacións desas políticas. Finalmente, nunha comparativa cos datos de exportación e importación destes sistemas literarios periféricos cara a campos literarios distintos do castelán, analizamos se, na actualidade, prima entre os intereses a internacionalización por riba do coñecemento mutuo das culturas ibéricas minorizadas como foi no pasado (Luna e Galanes 2017: 182), cando estes fluxos de tradución servían para retroalimentar o discurso existente (Even-Zohar 1999: 225) e reforzar o irmandamento. Palabras clave: políticas editoriais, tradución non-hexemónica, literatura catalá, literatura galega, literatura vasca BIBLIOGRAFÍA Even-Zohar, Itamar (1999). «La posición de la literatura traducida en el polisistema literario». En Montserrat Iglesias Santos (comp.), Teoría de los Polisistemas.

	Madrid: Arco, 223-231. Tradución de Montserrat Iglesias Santos revisada polo autor. Luna Alonso, Ana e Iolanda Galanes Santos (2017). «A tradución entre culturas minorizadas na cultura galega. Intercambios contemporáneos». En Teresa López, Laurence Maligrent e Elías Torres Feijó (eds.), Estudos literarios e campo cultural galego. Santiago de Compostela: CIPPCE-Universidade de Santiago de Compostela.
CV	PATRICIA BUXÁN OUTEIRO Doutora en Tradución pola Universidade de Vigo. Na actualidade, compatibiliza a súa actividade como tradutora (traducion.gal) e editora (Catro Ventos) coa de profesora asociada no grao en Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e no Máster para a Comunicación Internacional desta mesma universidade. As súas principais liñas de investigación son as políticas de edición, a fraseoloxía e a calidade en tradución. Forma parte do grupo de investigación BITRAGA, do comité científico de Cadernos de Fraseoloxía Galega e do comité de redacción de Viceversa. Revista Galega de Tradución. No eido literario, é autora de máis de 20 traducións ao galego de obras de Rachel Carson, Stefan Zweig, Johanna Spyri, Hans Fallada e Patrick Süskind, entre outras autorías. SILVIA MONTERO KÜPPER M.A. pola Universidade de Bonn en Filoloxía Románica, Literatura Comparada e Alemá, e doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, onde exerce como profesora na área de Tradución. A súa investigación actual está centrada na tradución editorial, nas políticas de tradución e sostibilidade cultural e na lexicografía galego-alemán-galego. É investigadora principal do grupo de investigación BITRAGA e responsable do Observatorio da Tradución Galega. Conta con publicacións sobre políticas de tradución editorial e coeditou os volumes Literaturas extranxeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega (Berna, 2015), La traducción literaria Nuevas investigaciones (Granada, 2016) e Comunicación, traducción e interpretación (MonTi, 2019) entre outros.

Autores/as	MARÍA BLANCA MIRANDA RODAS (UVIGO) IOLANDA GALANES SANTOS (UVIGO)
Título	A TRADUCIÓN DOS NOMES PROPIOS: ESTUDO DE CASO DA NOVELA A PRAIA DOS AFOGADOS DE DOMINGO VILLAR
Resumo	A tradución dos nomes propios na versión das obras literarias é unha cuestión importante no ámbito dos Estudos da Tradución (Moya 2000, Franco Aixelá 2022). O tradutor literario debe confrontarse a este problema de tradución de modo razoado e coherente, prestando atención ao xénero literario, tipo de obra, público meta da tradución, ás estratexias tradutoras da editorial e á intención comunicativa do autor. Esta comunicación trata sobre a tradución ao español e ao francés dos nomes propios (aproximadamente 150 referencias) da novela A praia dos afogados, e a súa adaptación cinematográfica, de Domingo Villar, autor que acostumaba a xeolocalizar física e culturalmente as súas obras en Galicia. Analízanse as técnicas utilizadas polo autor na súa autotradución a español e as da tradutora Dominique Lepreux na versión francesa e compáranse as tres versións. Ademais, examínase a adaptación dos nomes propios na película e como se resolveron os

problemas de tradución neste medio. As conclusións determinán canto do orixinal galego se transmiten ás outras culturas.

REFERENCIAS

- Franco Aixelá, J. (2022): Nombres propios. Enciclopedia de traducción e interpretación (ENTI), Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Accesible desde:
https://www.aieti.eu/enti/names_SPA/entrada.html DOI:
 10.5281/zenodo.6370277
- Moya Jiménez, V. (2000): La traducción de los nombres propios. Madrid: Cátedra.
- Villar, D. (2009). A praia dos afogados. Vigo: Galaxia.

CV IOLANDA GALANES SANTOS

Doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e realizou estudos de posgrao na Universidade de Laval (Quebec) e de posdoutoramento na Univ. de Montreal. A súa investigación encádrase en dúas liñas de traballo: a Terminoloxía na Tradución especializada e a Tradución literaria en Galicia. A esta última liña pertence o seu traballo no Catálogo Virtual da Tradución Galega, do grupo de investigación BITRAGA, do que fai parte desde a súa fundación en 2004. Ten varias publicacións nas que analiza as relacións do sistema literario galego con outras literaturas a través da tradución, como as monografías La traducción literaria. Nuevas investigaciones (Comares, 2016), Literaturas extranjeras y desarrollo cultural (Peter Lang, 2015) ou Traducción de una cultura emergente (Peter Lang, 2012), entre outras achegas. É autora e coautora de varias monografías, dunha decena de dicionarios especializados de ámbito internacional, e publica regularmente artigos académicos sobre as devanditas liñas. No referido á de Tradución literaria, ademais de traballos sobre fluxos de tradución, centrou a súa atención na tradución exterior de figuras como Domingo Villar: tradución e impacto; A proxección exterior da literatura galega e Carlos Casares: obstáculos e estratexias (Boletín Galego de Literatura, 53 2018);. Memorias dun neno labrego: revisitando la literatura de la emigración, Transfer 12, 2017; Carlos Casares y la traducción: obra dispersa e inédita, Quaderns para la traducció 21, 2014). Desde 2018 participa no equipo de investigación de CULTURFIL sobre a proxección exterior nas feiras internacionais do libro, no marco do cal coeditou a monografía Promoción cultural y Traducción. Ferias internacionales e invitados de honor Peter Lang en 2021.

MARÍA BLANCA MIRANDA RODAS

Graduada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, onde tamén fixo un mestrado en Profesorado. Na actualidade está matriculada no programa de Doutoramento en Tradución e Paratradución desa mesma universidade, lugar no que traballa como profesora interina de francés lingua estranxeira.

Autor/a RACHELE FASSANELLI (UNIPD)

Título A TRADUCIÓN AO GALEGO DA POESÍA ITALIANA MEDIEVAL

Resumo Ata mediados dos anos oitenta do século XX a tradución da lírica italiana da Idade Media tivo pouco interese no panorama editorial de Galicia, a pesar da aparición, xa dende os anos vinte, dalgunhas versións ao galego de versos de Dante e de San

Francisco, publicadas en importantes revistas culturais do país. Fronte a esta atención, por así dicilo, 'episódica', o traballo de tradución emprendido sobre todo por Darío Xohán Cabana, a partir de 1985, marca unha nova etapa na recepción da poesía medieval italiana en Galicia. Partindo da consulta dos distintos repertorios de traducións xa existentes, esta comunicación pretende centrarse no estudo específico dalgúns destes textos (con particular referencia ás obras traducidas dos estilnovistas), realizando unha investigación sobre as estratexias de tradución adoptadas. Prestarase especial atención á análise e á comparación de diferentes versións galegas dun mesmo poema. O traballo, en definitiva, porá en valor o gran desafío asumido polo poeta de Roás para modelar un galego literario extraordinario nun momento no que a "questione della lingua" galega seguía sendo un tema palpitante e de gran debate.

BIBLIOGRAFÍA

Dante Alighieri, *Vida nova*. Traducción Darío Xohán Cabana, A Coruña, Espiral Maior, 1994.

Antoloxía do Doce Estilo Novo. Edición e tradución de Darío Xohán Cabana, Vigo, Galaxia - Fundación Caixa Galicia, 2004.

Biblioteca de Tradución Galega, <https://bitraga.webs.uvigo.es/>

Darío Xohán Cabana, "Guido Guinizelli, Madonna mia, quel di ch'amor consente – Señora, o día aquel que Amor quixer; Guido Cavalcanti, Li mie' foll'occhi, che prima guardaro – Meus loucos ollos, que primeiro ollaron; Dino Frescobaldi, Un'alta stella di nova bellezza – Unha alta estrela de noval beldade; Cino da Pistoia, Amore è uno spirito ch'ancide – Amor ser é un espírito que mata, en Dorna, 9 (1985), pp. 202-207.

Id., A canción 'Donna me prega' de Guido Cavalcanti, en Dorna, 10 (1986), pp. 140-144.

M. Consuelo de Frutos Martínez, As traducións da Literatura italiana ó galego, en Ramón Lorenzo (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 675-685.

Iolanda Galanes Santos, *Apuntes sobre las relaciones literarias entre Galicia e Italia (1980-2010)*, en Assumpta Capos (ed.), *La traducción en las relaciones italo-españolas: lengua, literatura y cultura*, Barcelona, Universitat de Barcelona Publicacions i Edicions, 2012, pp. 365-378.

Beatriz Real Pérez, A traducción e os textos traducidos ó galego no período 1907-1936, en *Viceversa*, 6 (2000), pp. 9-36.

CV Rachele Fassanelli, socia da AIEG, è doutora en Filoloxía Románica pola Universidade de Padua, cunha tese de doutoramento sobre as cantigas de Don Denis (2009). Actualmente traballa no campo da investigación posdoutoral nesta mesma Universidade e é profesora contratada de "Lingua e Literatura Galega" (dende o ano académico 2016-2017). Os seus intereses de estudo céntranse na lírica profana galego-portuguesa, na épica medieval franco-italiana e na literatura galega moderna e contemporánea. Dende 2012 colabora co Centro de Estudos Galegos de Padua e publicou varios ensaios sobre autores galegos dos séculos XIX e XX (Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, María Mariño entre outros). Tamén colaborou na publicación da antoloxía "La letteratura galega. Autori e testi" ao coidado de G. Álvarez Maneiro e G. Borriero (Carocci 2018).

Autor/a	M. CARMEN VILLARINO PARDO (USC)
Título	INSTÂNCIAS E DINÂMICAS NA CIRCULAÇÃO INTERNACIONAL DE BENS SIMBÓLICOS. ALGUNS ASPECTOS DA PROJEÇÃO INTERNACIONAL DA LITERATURA E DA CULTURA GALEGAS NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIVRO DE HAVANA (2008) E BUENOS AIRES (2016)
Resumo	A análise terá em conta outras presentacións poéticas do sofrimento físico e as solucións que manifestan ou agochan os momentos duros, como nos versos de Emily Dickenson e outras escritoras.
CV	M. ^a Carmen Villarino Pardo é doutora em Filologia Galega pela Universidade de Santiago de Compostela (USC) com uma Tese sobre literatura brasileira (Aproximação à obra de Nélda Piñon. A República dos Sonhos, Prêmio Extraordinário de Doutorado) e, na atualidade, é Professora Titular de Literatura Brasileira na USC. As suas pesquisas mais recentes centram-se, fundamentalmente, na análise das feiras internacionais do livro e da literatura e cultura brasileiras contemporâneas, com ênfase nos processos de internacionalização da produção literária (eventos literários, diplomacia cultural, soft power, agentes literários) e na análise de trajetórias e profissionalização do ofício de escritor (Nélda Piñon, Luiz Ruffato). No âmbito brasileiro, publicou numerosos trabalhos académicos, realizou estadias pré e pós-doutorais, codirigiu teses de doutorado, coorganizou diferentes colóquios e congressos internacionais, co-editou várias monografias (Brasil: 500 anos depois, 2003; Da Galiza a Timor: a Lusofonia em foco, 2008) e a antologia O conto brasileiro contemporâneo (2011). É membro do Grupo Galabra da USC e da Rede Galabra, para além de integrar o Grupo de Estudos de literatura brasileira contemporânea da UnB (Brasil) e o GT Literatura Brasileira Contemporânea, da Associação Nacional de Pós-Graduação e Pesquisa em Letras e Linguística (Anpoll). Coordenou o projeto Nuevas estrategias de promoción cultural. Las ferias internacionales del libro y la condición de invitado de honor-CULTURFIL (USC, FFI2017- 85760- P; 2018-2021). Foi Secretária Geral e Tesoureira da Associação Internacional de Lusitanistas (AIL; 2005-2008) e, atualmente, faz parte do seu Conselho Fiscal. ORCID: https://orcid.org/my-orcid?orcid=0000-0002-1355-3574

SALA 1.07 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a ANABELA BARROS (UMINHO)

Autor/a ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA (UVIGO)

Título O VERBO BAFEXAR NA HISTORIA DO GALEGO

Resumo Aínda que bafexar posúe en galego unha frecuencia baixa, é un verbo que nos permite reconstruír a súa historia xa dende o período medieval da lingua. Coa nosa contribución estudamos a evolución de bafexar, un verbo que non se documenta en latín clásico, dende ángulos diferentes e complementarios: formal (aproximándonos á súa estrutura grafemática e fonética), morfolóxica (a partir da súa constitución derivativa), sintáctica (fixándonos sobre todo nos diferentes esquemas sintácticos con que se constrúe) e semántica (a partir de seis acepcións básicas).

Atenderemos tamén á súa produtividade para xerar novas voces. Todo isto proxectado dende a perspectiva cronolóxica e, tamén, sen deixar de enxergar no horizonte o tan necesario Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega.

BIBLIOGRAFÍA

DCECH = Joan Corominas e José Antonio Pascual (1991 1997): Dicionario crítico etimolóxico castellano e hispánico. Madrid: Gredos.

DdD = Antón Santamarina (coord.): Dicionario de dicionarios.

<http://sli.uvigo.es/DdD/index.php>

DDGM = Ernesto González Seoane (coord.), María Álvarez de la Granja e Ana Isabel Boullón Agrelo: Dicionario de dicionarios do galego medieval.

<http://sli.uvigo.gal/DDGM/index.php>

Ferreiro, Manuel (2001): Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía. Santiago de Compostela: Laiovento. 2ª edición.

Gómez Clemente, Xosé María (no prelo): “A aplicación dos criterios microestruturais do Dicionario Histórico Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG): a voz testemuño”, en Actas do XIII Congreso da AIEG, 21-24 de setembro de 2022, Universidade de Varsovia, Polonia.

López Viñas, Xoán (2015): Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval. [A Coruña:] Área de Filoloxías Galega e Portuguesa / Departamento de Galego Português, Francés e Lingüística. Monografía número 8 da Revista Galega de Filoloxía.

Lorenzo, Ramón (1977): La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Vol. II (Glosario). Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo

Sánchez Palomino, María Dolores (no prelo): “O Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega (DHELG): achegas, avances e perspectivas”, en Actas do XIII Congreso da AIEG, 21-24 de setembro de 2022, Universidade de Varsovia, Polonia.

Santamarina, Antón (2008): “Os dicionarios históricos. Trazos dun dicionario histórico galego e consideracións sobre a súa viabilidade”, en E. González

Seoane, A. Santamarina e X. Varela Barreiro (eds.), A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas. Santiago de Compostela: CCG/ILG, 343-392.

CV Doutor pola Universidade de Salamanca con premio extraordinario de doutoramento, Alexandre Rodríguez Guerra é profesor do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. Nas últimas décadas participou regularmente en proxectos de investigación de ámbito galego e estatal, que se vertebraron ó redor de tres eixes fundamentais: a lingüística histórica (abordada dende as perspectivas sintáctica, paleográfica ou grafemática), os recursos e ferramentas informáticas para a lingua galega e o léxico (dende as perspectivas neolóxica e lexicográfica). Interveu na organización de diferentes actividades científicas con repercusión internacional: como presidente do III Coloquio de Lingüística Histórica, secretario do Simposio internacional “E irei madr’a Vigo”, ou como membro, entre outros, dos comités organizadores do XIII Congreso internacional de Lingüística Xeral ou do Congreso internacional “Lexicografía e didáctica”. Na súa traxectoria investigadora, inclúense distintos libros de autoría única (entre eles Miguel de Unamuno e a lingua galega) ou compartida, varios libros (co)editados (entre outros Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica, Lingüística histórica e Dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico ou The Vindel Parchment and Martin Codax) e abundantes artigos e capítulos de libro, que se centran en catro grandes eidos de investigación: (i) a sintaxe histórica galega, (ii) o léxico e os neoloxismos do galego e doutras linguas románicas, (iii) a grafemática galega medieval e (iv) a historia externa da lingua galega. Codirixiu dúas teses de doutoramento e outras dúas están na fase de realización. Coordina con Xosé M.^a Gómez Clemente o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo e tamén coordina dende 2022 o grupo de investigación da Universidade de Vigo Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (TALG). Así mesmo, é coeditor da revista Locus Criticus. Crítica Textual en Rede e dirixe a revista Cumieira das Letras.

Autor/a **XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE (UVIGO)**

Título CRITERIOS DE DICIONARIZACIÓN DE NEOLOXISMOS NO DICCIONARIO HISTÓRICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA (DHELG)

Resumo O Dicionario Histórico Etimolóxico da Lingua Galega pretende describir formal e semanticamente a evolución das palabras da lingua galega dende os seus primeiros testemuños ata a actualidade. Unha das cuestións que xorden á hora de iniciar os traballos é o establecemento de criterios para a configuración do leuario. Nesta comunicación presentaremos unha definición dos criterios de inclusión no dicionario histórico que afectan un tipo concreto de léxico que terá presenza na obra: os neoloxismos. Partiremos dun intento de delimitar o sempre discutido concepto de neoloxismo nunha obra lexicográfica deste tipo. Neste sentido, cómpre termos en conta o traballo de Freixa (2022) sobre o proceso neolóxico no que establecen conceptos como os de neologismo efímero, neologismo ideal, neologismo lóxico, neologismo realista e neologismo variable que poden ser moi útiles para determinarmos o concepto no noso dicionario. Logo tentaremos establecer os criterios específicos para a dicionarización das novas palabras. Partiremos do traballo de Bernal, Freixa e Torner (2020) no que se discuten criterios de frecuencia, formais e semánticos e utilizaremos os datos tirados dos corpus e do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo para exemplificar os criterios específicos que se vaian definindo para a elaboración dun leuario de

neoloxismos. Teremos en conta, inicialmente e dunha maneira especial, as interesantes conclusións ás que chega Rodríguez Guerra (no prelo) sobre a presenza das creacións neolóxicas nun dicionario histórico, presenza que debe partir da constatación de que o dicionario xeral (enténdase o Académico) non pode ser a única fonte do lemario, xa que polas súas características exclúe información léxica relevante, e de que hai que establecer unha serie de criterios restritivos que exclúan os chamados ocasionalismos e os neoloxismos efémeros. Falar de criterios de inclusión de novas palabras no dicionario lévanos directa, ou indirectamente, á discusión sobre o lemario xeral do DHELG e neste sentido partiremos do traballo de Sánchez Palomino (no prelo) que establece as características xerais da obra.

Proxecto

Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG) (I): preparación de recursos, deseño e test inicial”, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (PID2019-105411GB-I00), do que son IP María Dolores Sánchez Palomino e Manuel González González.

REFERENCIAS

Bernal, Elisenda; Judit Freixa; Sergi Torner (2020): “Criterios para a diccionarización de neologismos: De la teoría a la práctica”. Revista Signos. Vol. 53, nº 104.

Freixa, Judit (2022): “El proceso neológico”. En La neología del español. Del uso al diccionario. Madrid-Frankfurt am Main: Iberoamericana Veuvert. P. 31-71.

González González, M. (2023, no prelo). “O Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega, unha necesidade xa realizable”, en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

Rodríguez Guerra, Alexandre (no prelo) “Galego e italiano en diacronía: novos verbos no século XX”. En Annali-Sezione Romanza. Università degli Studi di Napoli “L’Orientale”.

Sánchez-Palomino, M. D. (2023, no prelo). “O nivel microestrutural no Dicionario Histórico e Etimolóxico da Lingua Galega (DHELG)”, en M. Belina, B. Dondelewski e A. Jackiewicz (coords.), Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións dos estudos galegos. A. Warszawa: Uniwersytet Warszawski.

CV Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago, 2001.
Profesor do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo (1991).
Profesor titular dende 2003.

a) Actividade investigadora:

Liña 1- Neoloxía

Estudo das novas creación léxicas en lingua galega, cun proxecto de recolla e análise dos neoloxismos en prensa dende 1997 ata a actualidade (<https://huvi82-159.uvigo.es/>) (<https://ilg.usc.gal/neoteca/>) que se concretaron en diversas publicacións sobre a súa tipoloxía, a relación entre neoloxía e dicionarios, a dependencia/independencia da creación léxica en lingua galega fronte a outras linguas como o español ou portugués e as marcas de neoloxidade . Tamén foi coordinador dun Dicionario de neoloxismos (2005).

Liña 2. Terminoloxía

Á parte da docencia en grao e mestrado sobre a materia, colaborou en varios dicionarios e vocabularios especializados da Rede Panlatina de Terminoloxía, no proxecto “Termoteca” (<https://ilg.usc.gal/termoteca/>) do Seminario de Lingüística Informática e traballou sobre neonomía (neoloxía terminolóxica) e sobre extracción de información conceptual en corpus especializados.

	Liña 3. Lexicografía Redactor dun Dicionario de Sinónimos, publicado en Galaxia en 1997, e corrixido e ampliado en 2015 (Xerais). Foi membro da comisión xestora da rede ReLex (2012-2018). Liña 4. Lexicoloxía e semántica É membro do equipo que está a traballar na Wordnet galega (Galnet, 3.0) proxecto dirixido polo profesor Gómez Guinovart. Este proxecto foi subvencionado a través de dous proxectos competitivos (Ministerio de Economía e Competividade e Ministerio de Ciencia e Innovación). Liña 5. Fraseoloxía galega Á parte da redacción dalgúns artigos sobre aspectos concretos da fraseoloxía, en 2020 publicou en Galaxia unha colección fraseolóxica de Vicente Risco e neste momento está a traballar na edición dunha nova colección de refráns inédita do médico vigués Celso Rodríguez Fernández.
--	---

Autor/a	JORGE BAPTISTA (UMAIA)
Título	BOOTSTRAPPING A SUPPORT VERB CONSTRUCTIONS' LEXICON-GRAMMAR FOR THE GALICIAN LANGUAGE
Resumo	Support verb constructions (SVCs; Gross, 1981, 1998; Blanco Escoda, 2000; Alonso Ramos, 2004; Mel'čuk, 2004; Samvelian et al., 2014 ; Pompei et al (org.) 2023), are verb-noun combinations that function in as much the same way as simple verbs or adjectives - the core of a SVC is a predicative noun, which selects its argument domain, while the support verb is often semantically empty, serving as an auxiliary element of the noun, conveying tense and other grammatical values. SVCs play an important role in the expressiveness of natural languages, often presenting concurrent and alterative wordings for adjectival and verbal predicates, or by being the source of compact noun phrases, condensing information, especially in scientific and technical texts. To the best of our knowledge, no syntactic lexicon of SVC exists yet for the Galician language. This paper proposes a bootstrapping method to build a Galician syntactic lexicon of predicative nouns and support verb constructions. It draws on a preexisting lexicon of (European) Portuguese predicate nouns (Baptista & Mamede, 2020; Baptista, Mamede and Reis, 2022), and resources to a parallel corpus (Lison and Tiedemann, 2016) and generative language models to produce lexical entries. At this stage, the focus is on capturing verb-noun combinations (e.g. dar-autorización 'give permission'). Afterwards, by transferring linguistic information already associated to the Portuguese lexicon, a more comprehensive and highly granular description of the Galician SVC can be achieved. REFERENCES Alonso Ramos, M. (2004). Las construcciones con verbo de apoyo. Madrid: Visor Libros. Baptista, J., N. Mamede (2020). Syntactic Transformations in Rule-Based Parsing of Support Verb Constructions: Examples from European Portuguese. 9th Symposium on Languages, Applications and Technologies (SLATE 2020). Schloss Dagstuhl-Leibniz-Zentrum für Informatik. pp.11:1–11:14. Baptista, J., N. Mamede, S. Reis (2022). Support Verb Constructions across the Ocean Sea. In 18th Workshop on Multiword Expressions @ LREC2022, pp.26-36.

Blanco Escoda, X. (2000). Verbos soporte y clases de predicados en español. *Lingüística Española Actual*, 22, 99–116.

Gross, M. (1981). Les bases empiriques de la notion de prédicat sémantique. *Langages*, 63, pp.7–52.

Gross, M. (1998). La fonction sémantique des verbes supports. *Travaux de linguistique: revue internationale de linguistique française*, 37:1, pp. 25-46.

Lison, P. and J. Tiedemann (2016). OpenSubtitles2016: Extracting Large Parallel Corpora from Movie and TV Subtitles. In 10th International Conference on Language Resources and Evaluation (LREC-2016), pp.923-929.

Mel'čuk, I. (2004). Verbes supports sans peine. *Lingvisticæ Investigationes*, 27, 203–217.

Pompei, A., L. Mereu, V. Piunno (2023). Light Verb Constructions as Complex Verbs: Features, Typology and Function. de Gruyter Mouton.

Samvelian, P., Danlos, L., & Sagot, B. (2014). On the predictability of light verbs. In F. Kakoyianni Doa (ed.), *Penser le lexique–grammaire, perspectives actuelles*, pp. 209–221. Paris: Honoré Champion.

CV Jorge Baptista é Professor Associado com 'tenure' na Universidade do Algarve, Portugal (1992-), e investigador no Laboratório de Tecnologias da Linguagem Humana (HLT) do INESC-ID Lisboa (2005-). Interesses de pesquisa atuais: em Processamento de Linguagem Natural (PLN): Reconhecimento de Entidades Mencionadas, Extração de Eventos e Relações, Análise Sintática e Ensino de Línguas Assistido por Computador; em Linguística: Léxico-Sintaxe de nomes predicativos, verbos, advérbios e expressões verbais do português.

Autores/as	PEDRO DONO LÓPEZ (UMINHO) RICARDO PICHEL (UAH)
Título	EDICIÓN DIXITAL E COPORA LINGÜÍSTICOS: UNHA PROPOSTA EN VOLTA DOS PROTOCOLOS NOTARIAIS MEDIEVAIS DE OURENSE
Resumo	Xa non fai falla xustificar a relevancia da edición de fontes documentais coetáneas para o coñecemento, no noso caso, do reino medieval de Galiza. As orientacións ecdóticas contempladas na documentación publicada son diversas, a miúdo condicionadas polo ámbito científico en que se insire o investigador (historiador, filólogo, paleógrafo). Na nosa proposta editorial procuramos o duplo obxectivo de proporcionar unha edición rigorosa do punto de vista filolóxico e, polo tanto, aproveitable para estudos lingüísticos, ao tempo que permite a utilización desde outras áreas científicas que recorren a estas fontes de información. Preténdese, así, evitar o desencontro entre disciplinas, unha vez que a miúdo os corpora seleccionados e editados desde os estudos filolóxicos non suscitan o interese dos historiadores, ao tempo que as publicacións do ámbito historiográfico son obxecto de múltiples prevencións á hora de seren utilizadas polos estudosos da lingua medieval. Con ese obxectivo comezamos a deseñar o proxecto de edición dos protocolos medievais de Ourense, en concreto os procedentes da chancelería episcopal, descritos sumariamente en Duro Peña (1988, pp. 26-27). A relevancia en canto fonte lingüística e histórica dos rexistros notariais está fóra de dúbida, como revela a atención prestada, en canto editores e estudosos destas fontes, por autores como Ferro Couselo (1967) ou López Carreira (cf., en canto editor, 2007). Nos últimos tempos a publicación dos protocolos ourensáns ten recibido un importante pulo,

particularmente mediante teses de doutoramento da autoría de Gordín Veleiro (2015), Losada Meléndez (2015) e López Martínez (2020). O presente proxecto prevé a transcripción de todo o expolio documental, tamén no caso da produción notarial xa publicada, de acordo con unhas pautas editoriais que preserven as características lingüísticas dos documentos de interese para o estudoso da lingua medieval e, ao tempo, permitan o seu uso por investigadores doutros ámbitos científicos. Con este propósito, deseñouse un modelo de edición dixital a partir da que será posible xerar varios textos: un que marca o desenvolvemento das abreviaturas e conserva a variación gráfica propia da lingua medieval, ben como as enmendas e erros do redactor; outro que intervéñ na disposición do texto, presenta unha versión regularizada no plano gráfico e prescinde da marcación da braquigrafía. Para alén da disponibilización da multiedición dos protocolos notariais, serán habilitadas ferramentas para realizar procuras no corpus textual. A información textual, así como os metadatos de cada peza documental editada poderán visualizarse no marco da plataforma dixital colaborativa EGPA (Escritorio Galego-Portugués Antigo).

REFERENCIAS

- Duro Peña, E. (1988). Arquivo da Catedral de Ourense. En X. R. Barreiro Fernández (Coord.), *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval* (pp. 23-30). Consello da Cultura Galega.
- Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. Galaxia.
- Gordín Veleiro, A. M. (2015). *Minutarios notariais de Rodrigo Afonso, Gonzalo Oureiro e Pedro Sánchez de Baeza (Ourense, s. XV)* [Tese de doutoramento inédita]. Universidade de Vigo.
- López Carreira, A. (2007). *Fragmentos de notarios (Ourense, séculos XIV-XVI)*. Consello da Cultura Galega.
- López Martínez, A. (2020). *Minutarios notariales de Estevo Pérez (Ourense, siglo XIV)*. CSIC.
- Losada Meléndez, M. J. (2015). *Libros de notas de Juan de Ramuín (Ourense-XV)* [Tese de doutoramento inédita]. Universidade de Vigo.

CV PEDRO DONO LÓPEZ

Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi lector de lingua e cultura galegas Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho (1997-2002), centro do que tamén foi Director (2014-2019). Na actualidade é “Professor Auxiliar” da Área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos, no Departamento de Estudos Románicos da Universidade do Minho. Os seus intereses investigadores, no campo do estudos galegos, están relacionados, principalmente, coa edición e estudo de documentación medieval galega.

RICARDO PICHEL

Licenciado en Filoloxía Hispánica (2006) e Galega (2004) pola USC, e Doutor en Filoloxía Galega (2013) pola mesma universidade. Foi beneficiario de varias bolsas e contratos predoutorais na USC (2003-09), da que continúa como investigador colaborador externo do Instituto da Lingua Galega, e na UCM (2011-14), da que foi colaborador honorífico (2014-21). En etapa posdoutoral foi beneficiario de cinco contratos de investigación na USC (2015-16), na UPorto (FCT 2015-21) e na UAH (Juan de la Cierva-Formación, 2016-18; Juan de la Cierva-Incorporación, 2018-19, Atracción de Talento de la Comunidad de Madrid, Modalidad 1, 2019-24). Entre as súas liñas de investigación destaca, por un lado, a edición e estudo histórico-

filolóxico da prosa literaria galego-portuguesa e castelá en época medieval, e, por outro, a edición de fontes arquivísticas hispánicas. Nos últimos vinte anos (2003-23) ten colaborado nunha vintena de proxectos de investigación (inter)nacionais, nalgúns como investigador principal, como “HERES. Patrimonio textual panibérico. Recuperación y memoria” (UAH, 2019-24) ou “CHARTA 3.0: de la edición digital a la web semántica” (UAH, 2020-22).

SALA 1.13 - CPII

PANEL

Título **A PRESENZA DE PORTUGAL (E BRASIL) NAS REVISTAS CULTURAIS GALEGAS (1900-2000)**

Coordenador/a XAQUÍN NÚÑEZ SABARÍS (UMINHO)

Autor/a **XAQUÍN NÚÑEZ SABARÍS (UMINHO)**

Título OBXETIVOS E METODOLOXÍA DUN PROXECTO. A PRESENZA DA LITERATURA E CULTURA PORTUGUESAS EN DÚAS REVISTAS ARTÍSTICAS: RONSEL E A REVISTA GALEGA DE TEATRO

Resumo O proxecto “A invasão silenciosa” da Cátedra de Estudos Ibéricos (Universidade de Évora) ten como principal obxectivo analizar a presenza da literatura portuguesa nas revistas literarias e culturais peninsulares durante o século XX, coa pretensión de estudar o grao de permeabilidade, recepción e interacción que as letras portuguesas tiveron nas diferentes literaturas ibéricas. Este panel temático presentará parte dos resultados acadados na sección desta acción de investigación que ten que ver coas revistas galegas.

A tal efecto, nesta comunicación farase unha síntese dos obxectivos específicos e metodoloxía empregada e, particularmente, presentaranse os resultados acadados en dúas publicacións, pertencentes a dúas momentos históricos diferentes, pero transcendentais para entender a actividade artística, literaria e teatral do pasado século e o seu diálogo coa cultura portuguesa: a revista Ronsel e a Revista Galega de Teatro.

CV Xaquín Núñez Sabarís é professor associado con agregação e coordenador da área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos do Departamento de Estudos Românicos da Universidade de Minho. É membro integrado do Centro de Estudos Humanísticos desta universidade e co-dirixe a Revista 2i. Estudos de Identidade e Intermedialidade. A actividade investigadora céntrase nas relacións culturais e literarias ibéricas, as novas narrativas (minificción, fantástico, negro) e as ficcións intermediais. Gañou o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio co traballo Cartografías da narrativa galega contemporánea (2020) e participou e participa de diferentes proxectos de investigación internacionais.

Autor/a	MARÍA LÓPEZ SÁNDEZ (USC)
Título	AS RELACIÓNS CULTURAIS ENTRE GALICIA E PORTUGAL: AS REVISTAS NÓS E GRIAL COMO TESTEMUÑOS E AXENTES DUN SÉCULO DE INTERCAMBIO E DEBATE ENTRE CULTURAS
Resumo	As revistas Nós e Grial ocupan un lugar central entre as publicacións literarias e culturais da Galicia do século pasado. Xurdida unha no momento ilusionante dos anos 20 e outra como parte da estratexia de resistencia culturalista fronte ao franquismo, a través de ambas é posible asistir ás relacións, debates e tensións entre Galicia e Portugal, identificar os axentes clave desas relacións, os temas-eixo, os ecos que a produción literaria e cultural dun e doutro lado da fronteira espertan na cultura irmá. A través dunha exploración en ambas revistas da pegada cultural portuguesa achegarémonos a eses axentes, temas e debates, pretendendo iluminar a sempre frutífera e viva conexión Galicia-Portugal ao longo do último século.
CV	María López Sánchez (Lugo, 1973) é doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola USC. Catedrática en excedencia de ensino secundario, exerce como profesora de didáctica da lingua e a literatura na USC. En 2007 obtivo o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio por Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio e en 2020 publicou, xunto a Marilar Aleixandre, <i>Movendo os marcos do patriarcado: o pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán</i> . É tamén autora, xunto con Mabel Fraga Vila e Miguel Fraga Vila, do Herbario de Rosalía. En 2023 ingresou como académica de número da Real Academia Galega.

Autor/a	MONTSE PENA PRESAS (USC)
Título	NA PROCURA DUNHA REPÚBLICA DOS SOÑOS: VISIÓNS SOBRE BRASIL NA PRENSA GALEGA DA EMIGRACIÓN
Resumo	A análise da prensa galega da emigración durante as cinco primeiras décadas do século XX permite observar como o país máis grande da lusofonía aparecía retratado de dous xeitos contrapostos nestas publicacións: a) por un lado, coma unha terra chea de oportunidades, onde conseguir facer realidade o arelado “soño americano”; b) por outro, coma un lugar no que os galegos e galegas que para alí partiron eran tratados como escravos e explotados duramente. A exploración das relacións Galicia-Brasil a partir destas publicacións (que moitas veces entraban en conflito) permite observar como a emigración foi o eixo central que delimitou boa parte do discurso cultural galego do século XX, permeando e solapando outro tipo de relacións culturais e lingüísticas que estiveron marcadas, inevitablemente, pola experiencia migratoria.
CV	Montse Pena Presas é licenciada en Filoloxía Galega e doutora en Filoloxía pola USC e Máster en Edición pola Universidade de Salamanca, actualmente é profesora contratada doutora do Departamento de Didácticas Aplicadas da USC e pertence o grupo de investigación RODA. A súa actividade investigadora tense centrado, fundamentalmente, na literatura galega, na literatura infantil e xuvenil e na educación literaria. É autora de catro libros de ensaio e divulgación: <i>Intempestiva</i> . Unha biografía (literaria) de Xela Arias (Galaxia, 2021); <i>A voz insurrecta</i> . María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida (Galaxia, 2018); <i>Feminismos e literatura</i>

infantil e xuvenil en Galicia (Laiovento, 2018) e Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño (Galaxia, 2013).

18 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

16:00 – 16:45

AUDITÓRIO B1 - CPII

PRODUTOS ACADÉMICOS E PROXECTOS**Moderador/a** ANTÓN GARCÍA (AIEG)**ONLINE****Autor/a** GABRIEL REI-DOVAL (UWM)**Título** DE MITTELEUROPA A MITTELAMÉRICA: ESCRIBINDO EN GALEGO DESDE A CULTURA E PAISAXE ESTADOUNIDENSES O PROXECTO VIAXES SEN LEE

Resumo Transcorrido un século desde a Mitteleruopa de Risco e o Diario 1921 de Castelao, neste relatorio abordarei o desenvolvemento do proxecto creativo de narrar en galego unha experiencia ciberliteraria polas paisaxes dos Estados Unidos. A razón de tal narrativa procede fundamentalmente da vontade de producir en galego unha literatura de viaxes que imbrique a narración en galego coa paisaxe, a cultura e a sociedade norteamericanas.

O proxecto en curso Viaxes sen Lee (Galicia Confidencial, 2018-) naceu da necesidade creativa de compartir co público lector en galego unha experiencia que comezou contando, case en tempo real nun medio electrónico de Galicia, a experiencia vital dun longo periplo polos Estados Unidos.

Os referentes existentes na nosa lingua ficaban lonxe, no espazo e no tempo, para serviren de guieiro na escrita deste proxecto. Ben que Risco establecese un camiño literario e a necesidade de conecta-la cultura e sociedade galegas con outras tradicións do mundo, a radical diferenza de tempos, vivencias e formas de entendelo mundo, deron a Viaxes sen Lee un trazado radicalmente diferente. Así e todo, as conexións son obvias na consideración nacional e colonización cultural de Galicia coa dos pobos nativoamericanos; todo isto xerou un espazo de diálogo no que fiar, desde a luz ofrecida polo vasto Atlántico, dúas culturas a ámbalas bandas do océano.

A medida que o proxecto foi avanzando, porén, a enerxía da autoficción foi invadindo a crónica de viaxes, e a reflexión individual comezou a deixar paso a múltiples personaxes estadounidenses, preto e lonxe das identidades persoais e sociais da Galicia milenaria. Por outra banda, o paso do tempo foi tamén situando a especificidade das galegas Viaxes sen Lee respecto a outras narracións viaxeiras polos Estados Unidos realizadas desde a perspectiva nacional de Portugal (Descobri que era europea de Natália Correia, Cavalgada cinzenta de Fernando Namora ou América em carne viva de João Alves da Costa) e de España (Paralelo 35 de Carmen Laforet). Todo iso fíxome ser plenamente consciente da importancia narrativa de “contar” a sociedade estadounidense desde unha perspectiva galega, non como turista ocasional ibérico senón como navegante emocional galego-americano.

Esta expresión autorial enfrontará logo os dilemas dunha perspectiva temporal e creativa en que dous terzos da narración están xa completados, e coa incerteza de

cando o círculo iniciado en Milwaukee pechará a Mittelamérica nesa mesma cidade.

CV Gabriel Rei-Doval é Profesor titular de Lingüística no Departamento de Español e Portugués da Universidade de Wisconsin-Milwaukee. Foi organizador principal do I Simposio Norteamericano de Estudos Galegos (Re)Mapping Galician Studies in North America: a Breakthrough Symposium (2013), é autora de “Galician Studies in the United States” (Harvard, 2016) e coordinou a inclusión do galego na MLA en 2014. É autora de trece volumes nos ámbitos da sociolingüística, planificación lingüística, lingüística xeral e lingüística galega. Entre a súa obra creativa e de autoficción destacan Cartas de Marco Polo e Viaxes sen Lee, ambos publicados en Galicia Confidencial.

Autores/as DANNY BARRETO (COLGATE) ÁNXELA LEMA PARÍS (UDC)		ONLINE
Título	GALICIA 21: JOURNAL OF CONTEMPORARY GALICIAN STUDIES: ‘DENDE A OUTRA BEIRARRÚA: CULTURAS E ESTUDOS CUIR EN GALICIA’	
Resumo	Ánxela Lema París e máis eu, co-editoras dun número monográfico da revista Galicia 21 sobre os estudos cuir, organizamos e participamos nesta sesión. O número de Galicia 21, que se titula “Dende a outra beirarrúa: culturas e estudos cuir en Galicia” sairá arredor das datas do congreso. A estrutura da presentación terá formato dunha mesa redonda e contará coa presenza non só de nós as editoras senón tamén varias das persoas que contribuíron a esta obra colectiva: Daniela Ferrández (postdoc na Universidade de Coimbra, autora de A defunción dos sexos: Disidentes sexuais na Galiza contemporánea (Xerais, 2022)), Daniel Amarelo (doutorande na Universitat Oberta de Catalunya, Barcelona, coordinadore de Nós, xs inadaptadxs (Através, 2020)) e Mario Regueira (investigador e docente na USC, novelista e autor de Narrativa e imaxinario nacional. A reconstrución do campo literario na posguerra (1936-1966) (Xerais, 2020). O número ofrecer un panorama dos estudos LGTBIQ+ que se están a desenvolver na actualidade desde e sobre Galicia. Por tanto, reúne traballos que analizan a cultura galega contemporánea, especialmente a literatura, a sociolingüística, as artes escénicas e o audiovisual, desde os estudos transfeministas e cuir, e tamén traballos que revisan a historia e ofrecen unha revisión necesaria dun pasado cuir galego aínda invisible. Falaremos do proxecto en xeral e das distintas contribucións, ademais da sección adicada ás artes escénicas cuir en Galicia.	
CV	DANNY BARRETO Associate Professor e Director de Estudos LGBTQ en Colgate University (NY). Formou parte da directiva anterior da AIEG (2018-2022), e foi membro do Foro de Lingua, Literatura e Cultura Galegas na Modern Languages Association (2016-2021). Ten publicado varios artigos en revistas coma Galicia 21, Abriu, International Journal of Iberian Studies, Madrygal, Bulletin of Spanish Studies, e Journal of Romance Studies, ademais de varias contribucións en volumes colectivos. ÁNXELA LEMA PARÍS	

Investigadora postdoutoral Margarita Salas e membro do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) da Universidade da Coruña. Especialista en poesía galega, publicou artigos sobre heteronormatividade, biografismo e sexualización na lectura, e estudou a obra de diversas escritoras galegas (María Reimóndez, Elvira Riveiro, entre outras). É coautora do poemario Ex-céntricas (Fetich, 2022) e coeditora do libro O cento voando: Amores, alianzas e non-monogamias (Xerais, 2023).

Sala 2.01 - CPII

PRODUTOS ACADÉMICOS E PROXECTOS

Moderador/a XÓAN LAGARES (UFF)

Autores/as ISAAC LOURIDO (UDC) CRISTINA MARTÍNEZ (USC)	
Título XOÁN GONZÁLEZ MILLÁN, A PROJEÇÃO DE UM PENSAMENTO CRÍTICO	
Resumo	A proposta consiste na apresentação do livro "Xoán González-Millán: a projeção de um pensamento crítico", publicada em setembro de 2023 pela Através Editora, com edição de Arturo Casas, Isaac Lourido e Cristina Martínez. O obra reúne contributos de especialistas dos estudos galegos que dialogam criticamente com o legado teórico de González-Millán com o fim de abrir novas leituras e vias de interpretação — também para identificar lacunas e inconsistências, algumas fruto da atualização histórica que permitem as décadas percorridas desde o falecimento do autor, em 2002. Os artigos, assinados por Helena González, Álex Alonso Nogueira, María Liñeira, Arturo Casas, Pablo Pesado, Isaac Lourido e María do Cebreiro Rábade Villar abordam alguns dos temas e conceitos mais habitualmente tratados por González-Millán, como as relações entre literatura e hegemonia, a diferença cultural, o critério filológico, o nacionalismo literário ou o campo editorial galego posterior a 1975. É oferecida, finalmente, a bibliografia completa de Xoán González-Millán. Para além da dimensão propriamente intelectual e académica do autor, no conjunto do livro acaba por comparecer com frequência a dimensão institucional do autor, na qual ocupa um lugar de privilégio a sua participação na fundação, em 1985, da Asociación Internacional de Estudos Galegos, instituição que presidiu de 1988 a 1991 e que teve, no conjunto da sua trajetória, uma significação especial.
CV	ISAAC LOURIDO Professor na Universidade da Corunha e membro do grupo de investigação ILLA. As suas linhas de trabalho centram-se nas metodologias da história literária, a literatura galega contemporânea e os processos de conflito cultural. É autor dos livros História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza (2014, XX Prémio Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Literária) e Livros que nom lê ninguém. Poesia, movimentos sociais e antagonismo político na Galiza (2014). Foi co-editor das obras Non Lyric Discourses in Contemporary Poetry (2012) e La poesía actual en el espacio público (2015).

Na atualidade, faz parte dos projetos de investigação Poesia atual e política II. Conflitos sociais e dialogismos poéticos e Campo editorial e cultura autonómica: Institucionalização e industrialização do livro na Galiza (1978-2026), financiados pelo Governo de Espanha.

CRISTINA MARTÍNEZ

Investigadora do grupo Galabra e professora na Universidade de Santiago de Compostela. Entre 2015 e 2019 foi investigadora pós-doutoral no Centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa, organismo ao qual continua vinculada como investigadora colaboradora. As suas linhas de investigação ligam a sociologia da literatura, a teoria da literatura ou a literatura comparada a áreas como os estudos culturais, o turismo ou os estudos ibéricos, com especial incidência nos casos galego e português. Na atualidade, faz parte da equipa de investigação do projeto "Escritores, comunidade e reconhecimento nas literaturas periféricas peninsulares, 1972-2022", financiado pelo Governo de Espanha. Foi co-editora do livro "Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos" (Edizioni Ca'Foscari, 2019) e os seus artigos foram publicadas em revistas especializadas do âmbito peninsular como Abriu: Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal, Revista Crítica de Ciências Sociais, Tropelias ou Bulletin of Hispanic Studies, entre outras.

Autores/as **DIEGO RIVADULLA COSTA (UDC)**
TERESA LÓPEZ (UDC)
XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI (UDC)

Título REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA 24 (2023)

Resumo A Revista Galega de Filoloxía [ISSN-e 2444-9121] publica traballos de investigación orixinais e inéditos dedicados a algún aspecto filolóxico, especialmente os lingüísticos, do ámbito galego-portugués, ao tempo que se consagra á promoción e ao coñecemento da lingua no seo da sociedade. A partir do seu número 23 (2022), acolle tamén propostas vinculadas aos estudos literarios referidos ao mesmo ámbito cultural. Igualmente, a RGF publica recensións de obras que traten algún tema relacionado coa lingüística e a literatura, quer xerais, quer elaborados no mundo lusófono. A revista está editada polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, co patrocinio do Grupo ILLA - Investigación Lingüística e Literaria Galega.

CV **TERESA LÓPEZ**
Profesora titular da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña, coordinadora do Grupo ILLA - Investigación Lingüística e Literaria Galega e codirectora da Revista Galega de Filoloxía.

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI
profesor titular na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, investigador do grupo ILLA da UDC e codirector da Revista Galega de Filoloxía.

DIEGO RIVADULLA COSTA

Investigador posdoutoral (Xunta de Galicia) no Grupo ILLA - Investigación Lingüística e Literaria Galega da Universidade da Coruña e secretario da Revista Galega de Filoloxía.

Sala 1.07 - CPII

PRODUTOS ACADÉMIOS E PROXECTOS

Moderador/a CARLOS PAZOS-JUSTO (UMINHO)

Autores/as **MARÍA JESÚS BOTANA VILAR (UALG)**
CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ (AIEG)

Título “APROPIACIÓN CULTURAL E CONTRADISCURSO HISTÓRICO: A MATERIA ARTÚRICA NA LITERATURA GALEGA” (VOL 1 E VOL. 2), DE MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ

Resumo Trátase dun estudo das repercusións que ten na literatura galega o mito das orixes para a construción da nacionalidade. A obra atende ás relacións entre a literatura e a historia no s. XIX, cando se estableceron as bases da definición da nación e, ao mesmo tempo, dun sistema literario propio de Galiza. Partindo dese contexto, analízase a representación literaria do postulado da orixe celta de Galiza e da evolución cara á apropiación da materia de Bretaña, como corpus lendario da elaboración culta e vencellado coa tradición lendaria dos países celtas atlánticos. Estúdase o emprego deste material literario na obra de tres autores de épocas diferentes que ofrecen unha perspectiva da evolución no seu tratamento en relación coas ideas políticas e estéticas dominantes en cada momento: Cabanillas, Cunqueiro e Ferrín.

Esta contribución intégrase na Colección Textos e Estudos, inaugurada no ano 2017 no Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve, baixo a dirección dos profesores Pere Ferré da Ponte e María Jesús Botana Vilar.

Destinada a divulgar, tanto en Portugal como no estranxeiro, temas e obras fundamentais da cultura galega, o obxectivo principal desta colección é reforzar a presenza cultural de Galiza tanto entre os académicos como entre o público xeral. Deste modo, estas obras e as vindeiras tentarán complementar áreas como a literatura, a historia, as artes visuais, o pensamento... nunha palabra, todo canto poida revelar, a través de textos do pasado ou do presente, a cultura de Galiza.

Alén dos anteditos volumes da autoría de M^a X. Lama López, a Colección Textos e Estudos conta cos seguintes títulos:

O Romanceiro tradicional de Galicia, de Ana Valenciano.

O léxico do sufrimento nas Cantigas de Santa María. Campos sémicos e campos léxicos, de M^a Jesús Botana Vilar.

A escritura que ilumina. O legado epistolar de José Mejuto Bernárdez (Preso antifranquista, 1936-1939), de Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez González e Ana Paula Mejuto Soba.

Transcendencia e cidadanía. Estudo mitocrítico dos relatos de X.L. Méndez Ferrín, de María Carreira López.

Autor/a	THAYANE GASPAR JORGE (UFRJ)
Título	“NOSSA CONCHA DE RETALHOS” DA EDITORA GALEGA MENINO MORREU
Resumo	Uma carta de amor à terra galega: uma novela em prosa poética por Thayane Gaspar.
CV	Thayane Gaspar Jorge é professora, escritora, jornalista, revisora e tradutora. Atualmente ministra, como professora convidada, a disciplina eletiva de Cultura Galega na graduação da UERJ e organiza eventos no Programa de Estudos Galegos e é pesquisadora colaborada no Instituto Galego de Documentación e Análise Internacional (IGADI) e no Observatorio Galego da Lusofonia (OGALUS). Na UERJ também atua como colaboradora do projeto Galícia Transatlântica. É doutoranda em Ciência da Literatura na Universidade Federal do Rio de Janeiro (UFRJ) com coorientação da Universidade de Santiago de Compostela. Mestre em Teoria da Literatura e Literatura Comparada pela Universidade do Estado do Rio de Janeiro (2019). Possui graduação em Letras pela Universidade do Estado do Rio de Janeiro (2017) e em Jornalismo pela Universidade Castelo Branco (2014). Também é formada nos níveis médio e superior do curso de verão de língua galega para estrangeiros, Galego Sen Fronteiras (2015 e 2016). Tem publicado textos acadêmicos e literários sobre língua, cultura e literatura galega no Brasil e no exterior, como "No medio do camiño tiña unha flor" na revista espanhola Madrygal (2019); "O sol poente; suicídio, memória e saudades em Carlos Casares" no livro Suicídio: entre o morrer e o viver (2018) da Edições IFEN; "O último depois da chuva" (2018) publicado na revista galega Revirada Feminista; "Processo de reitegracionismo galego; uma tentativa de (re)contato linguístico com a língua e a cultura portuguesa" no livro Línguas e culturas; contatos, conflitos, nomadismos (2018) publicado pela editora Universidade Federal do Rio de Janeiro, "A poesia do olhar medieval" no livro Galícia do outro lado do Atlântico (2018) pela editora Ponte Atlântica e de "Nordeste de Daniel Asorey; entrevista e resenha" na Revista Matraga (2017). Também publicou dois romances juvenis pela Editora Modo Tradicional: Princesa de Gelo (2012) e Mitral, o esconderijo do medo (2013). Ademais é administradora do blog Sempre Alba, blog destinado à difusão da cultura galega no Rio de Janeiro, é professora de pandeireta e baile galego no grupo Sempre Alba. Foi professora colaboradora nas aulas de cultura galega na Federación Gallega de la República Argentina em 2020. E foi folclorista de baile, canto e pandeireta galega na Casa de España entre os anos de 2016 e 2019.

Sala 1.13 - CPII

PRODUTOS ACADÉMICOS E PROXECTOS**Moderador/a** ATTILIO CASTELLUCCI (SAPIENZA)**Autor/a** **XAVIER FERNANDEZ RODRIGUEZ (UDC)****Título** EDUCACIÓN E CONFLICTO POLÍTICO EN PERSPECTIVA COMPARADA

Resumo Na nosa Tese de Doutoramento investigamos o papel da educación no marco de procesos de cambio político, problematizando os diversos enfoques pedagóxicos sobre conflitos sociopolíticos en perspectiva comparada. O obxectivo do noso estudo é comprender as funcións das institucións educativas nos procesos de transformación social, con foco en experiencias históricas e tomando como núcleo a historia da educación galega e galeguista. Queremos inserir as dinámicas de modernización do sistema e das prácticas educativas no conxunto total das sociedades estudadas, analizando comparativamente experiencias traumáticas en que a educación constituiu un dos eixos esenciais do conflito. Ao mesmo tempo que comprendemos estas estratexias mobilizadoras, tentaremos revitalizar a figura do profesor comprometido, que establece o vínculo entre a escola e a enteira comunidade social en que esta se insire. Igualmente, interézanos coñecer diversas propostas históricas e contemporáneas de revitalización das bibliotecas escolares, con especial atención no caso galego a iniciativas lideradas por Mestres republicanos.

BIBLIOGRAFÍA

COSTA RICO, A.: O ensino en Galicia, Santiago, Edicións do Cerne, 1980.
 "Socialismo e educación na Galicia do primeiro tercio do século XIX", en II Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1986, páxs. 135-164
 Historia da educación e da cultura en Galicia, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2004.
 GABRIEL, N. de: Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900), A Coruña, Edicións do Castro, 1990
 Escolantes e escolas de ferrado, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2001.
 MAIZ, R.: O rexionalismo galego: organización e ideoloxía, A Coruña, Edicións do Castro, 1984.
 PORTO UCHA, A. S.: La Institución Libre de Enseñanza en Galicia, A Coruña, Edicións do Castro, 1986
 REDONDO ABAL, Xavier: "Os bibliotecarios da República en 1939: colaboracionismo, depuración franquista e castigos exemplares", A Trabe de Ouro: publicación galega de pensamento crítico, nº 91, 2012, páxs. 77-87

CV Xavier Fernández Rodríguez, natural de Lugo (1981). Licenciado e mestre en Dereito e Antropoloxía, profesor de Violín e Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música da Coruña, e intérprete en activo, actualmente é alumno do Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación na Educación da UDC, onde desenvolve a súa Tese baixo a tutela do profesor Xulio Pardo de Neyra. O seu foco de interese é a Historia da Educación, con enfase nos procesos de conflito político

e a sua relación cos sistemas educativos. Ten traballado acerca da Memoria dos mestres republicanos fuxidos, tanto desde a perspectiva histórica como educativa e social.

Autores/as **MARÍA ALONSO ALONSO (USC)**
MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ (USC)

Título US & THEM. WOMEN WRITERS' DISCOURSES ON FOREIGNNESS

Resumo O libro "Us & Them: Women Writers' Discourses on Foreignness" analiza a natureza contingente da construción do concepto de estranxeiría en Irlanda e Galicia. Tendo como punto de partida unha serie de circunstancias similares entre estas dúas comunidades –fluxos migratorios, incremento da multiculturalidade, renegociacións do concepto de identidade nacional e aumento da visibilidade da muller na esfera pública– este libro traza os múltiples camiños nos que o concepto de 'xénero' entrelázase co de 'estranxeiría' a través da análise dun corpus literario publicado a partir do 1980 por autoras galegas e irlandesas.

CV Departamento: Departamento de Filología Inglesa y Alemana
Facultad: Facultad de Filología
Área: Filología Inglesa
Grupo de investigación: Discurso e identidade. GI multidisciplinar para el estudo de la lingua, de la literatura y de la cultura en inglés
Email: manuela.palacios@usc.es
<https://investigacion.usc.gal/investigadores/59821/detalle?lang=es>

19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

09:00 – 10:45

AUDITÓRIO B1 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a	ALBERTO PAZ-FÉLIX (UMINHO)
--------------------	----------------------------

Autores/as	TERESA COLLAZO LUGO (INSTITUTO CERVANTES) ÉRIKA BLANCO FAVARO (UNICATT)	ONLINE
Título	QUEN SOMOS? DE ONDE VIMOS? ONDE IMOS?	
Resumo	Esta comunicación ten como obxectivo principal profundar nos resultados dunha investigación que describe o perfil do docente de galego para non gallegofalantes, baseándose na grella de autoavaliación eGrid. A investigación, apoiada por datos cuantitativos e cualitativos recompilados a través dun cuestionario en liña distribuído por correos electrónicos e redes sociais, ofrece unha visión integral deste colectivo. Os participantes explorarán o panorama educativo en diferentes países ao redor do mundo e en diversos niveis educativos ou contextos de ensino-aprendizaxe. Un aspecto destacado é a predominancia de docentes femininas cun sólido coñecemento do idioma e a cultura galegos. A comunidade docente preséntase como unha amálgama de experiencia, cunha marcada división entre aqueles con máis anos de práctica e os docentes noveis. A investigación revela, ademais, unha limitada presenza de estudos galegos en comparación con outras materias, expondo a necesidade de aumentar a visibilidade do idioma galego. A dispersión xeográfica dos docentes reforza a importancia da asociación entre eles para impulsar accións e formación conxunta que aborden os desafíos identificados. Ao longo do taller, analizaranse en detalle os datos cuantitativos e cualitativos para apoiar as conclusións do estudo. Fomentarase a reflexión sobre a diversidade do colectivo docente, considerando a variedade de contextos nos que traballan. Así mesmo, exploraranse estratexias para mellorar a visibilidade do idioma e fomentarase a colaboración entre os docentes, recoñecendo a necesidade dun enfoque conxunto. O taller tamén abordará as diferenzas entre docentes con máis experiencia e aqueles que son noveis, proporcionando estratexias específicas para apoiar o desenvolvemento profesional de ambos os grupos. En última instancia, espérase que este taller inspire accións concretas para fortalecer a comunidade de docentes de galego para non gallegofalantes e mellorar o ensino desta lingua en diversas contornas educativas. BIBLIOGRAFÍA Kakihara, T. (2019). A difusión exterior do galego ea diáspora galega. Madrygal: Revista de Estudos Gallegos, 22, 277.	

Villar, N. A. (2009). Metodoloxía do ensino de linguas estranxeiras: o caso galego. En A lingüística galega desde alén mar (pp. 215-233). Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico.

VV. AA. (2013), Parrilla del perfil del profesor de Idiomas, Proyecto Leonardo European Profiling Grid (EPG), [on-line] <https://egrid.epg-project.eu/es/content/home> – 30.05.2023

CV ERIKA BLANCO

Licenciada en filoloxía hispánica e máster en profesorado, Erika Blanco leva máis de dez anos dedicándose ao ensino tanto de nenos e adolescentes como de adultos.

Despois de traballar como docente en Italia, Estados Unidos, Polonia e República Checa, onde foi profesora de galego na Università Korlova de Praga, actualmente regresou a Italia, onde ensina español na Università Cattolica do Sacro Cuore, en Milán.

A experiencia no estranxeiro levoulle a sentir especial interese por investigar a realidade do ensino da lingua galega máis aló das fronteiras de Galicia, centrándose especialmente no perfil do profesorado.

TERESA COLLAZO LUGO

Licenciada en Historia de Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, acumula máis de 10 anos de experiencia docente. Na actualidade, desempeñase como profesora no Instituto Cervantes de Manila onde empezou a crear interese polo ensino de galego. A súa traxectoria inclúe un período docente na Universidade Carolina de Praga, onde se involucrou no ensino do galego a non galegofalantes e consolidou o seu interese pola docencia neste campo. Actualmente o seu campo de interese é a formación de profesores e a creación de materiais didácticos.

Autor/a BURGHARD BALTRUSCH (UVIGO)

Título CENAS DE UMA FAMÍLIA DISFUNCIONAL - REFLEXÕES SOBRE A HISTÓRIA E O FUTURO DAS RELAÇÕES ENTRE A GALIZA E A LUSOFONIA

Resumo Apesar da longa história de proximidade sociocultural e do aumento das relações culturais e económicas nas últimas décadas entre a Galiza e Portugal, assim como com a comunidade lusófona em geral, ainda persistem problemas que podem ser comparados metaforicamente a disfunções familiares. Em alguns casos, há falta de empatia, compreensão e sensibilidade em relação às necessidades, sejam elas reais ou percebidas, das partes envolvidas. Isso pode até se estender à negação ou recusa em reconhecer eventos históricos, como a questão anacrônica do 'galego-português' ou as raízes galegas de Portugal. Também podem ocorrer comportamentos e tratamentos inadequados e falta de compreensão devido ao desconhecimento mútuo. Nesta comunicação, com base em estudos anteriores (Baltrusch, 2008), pretendemos não apenas analisar o estado atual da investigação, mas também esboçar perspectivas para o futuro.

Palavras-chave: Galiza, Portugal, Lusofonia, Política Cultural

CV Burghard Baltrusch dirige a I Cátedra Internacional José Saramago na Universidade de Vigo, onde ensina Literaturas Lusófonas, coordena o grupo de investigação BiFeGa e o Programa de Doutoramento Interuniversitário em Estudos Literários. É

colaborador do Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa da FLUP, e do Interuniversity Centre for Research on Atlantic Landscapes and Cultures (CISPAC) das três universidades galegas. A sua investigação centra-se nas obras de Fernando Pessoa e José Saramago, na poesia actual e na filosofia da tradução. É investigador responsável do projecto “Poesia actual e política II: conflito social e dialogismos poéticos”, financiado pelo Ministério de Ciência e Inovação da Espanha. As suas publicações estão disponíveis em <https://uvigo.academia.edu/BurghardBaltrusch>.

Autor/a XIAN NAIA (UVIGO)

Título FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO. ACHEGAS PARA UMA SOCIOLOGIA DA EXPERIÊNCIA LITERÁRIA

Resumo O Festival da Poesia no Condado é organizado desde 1981 pela Sociedade Cultural e Desportiva do Condado (SCD). Conta já com 34 edições, oferecendo não apenas uma acumulação de experiência, no sentido proposto por E.P. Thompson e com potencialidade para ser construído como objeto empírico, como também um conjunto de antologias poéticas publicadas em forma de livro em cada uma das edições e um material muito diverso em formatos (cartazes, fotografias, vídeos, etc.) ainda desatendidos no campo académico e que serão analisados tendo como base as denominadas teorias sistémicas, com especial atenção para os trabalhos do sociólogo Pierre Bourdieu (2006) e o estudioso da cultura Itamar Even-Zohar (1990), mas também a partir das achegas da sociologia de Bernard Lahire ou Loic Wacquant, entre outros. Nesse sentido, o interesse do festival como objeto de estudo de cara à realização do projeto de tese de doutoramento apresentado cá, enquadrada nos estudos da cultura e da literatura, assenta principalmente na concepção ampla do poético e do político proposta na trajetória do mesmo. Na encenação do festival entendido como evento assim como no interesse em estudar as funções do poético no espaço dado, a hibridação medial e discursiva ou energia social gerada e o seu aproveitamento a partir de metodologias etnográficas ainda pouco aplicadas no nosso campo de estudo, sendo fundamentais para isso alguns trabalhos da antropologia cultural, a antropoloxia dos corpos de base empírica ou a etnografia e sociologia modernas (Guber, 2011; Wacquant, 2012; Bourdieu, 2015). Ademais, interessa identificar os projetos de ação social ligados à sua organização, assim como o ensaio de outras formas de produção e distribuição despregadas nele. Ocupa também um espaço relativo dentro do corpo da tese a busca de metodologias e quadros epistemológicos diversos, a elaboração de uma metodologia híbrida, aplicável para o estudo de espaços com escassa institucionalização, para a reconstrução de materiais e historiografias descontínuas, dispersas e, em definitivo, para uma sociologia dos campos culturais e ativistas no espaço social galego. Nesse sentido, o horizonte metodológico deve permitir a reflexividade do próprio processo de construção do conhecimento.

BIBLIOGRAFIA

Bourdieu, P.

- (2006) Las reglas del arte. Génesis y estructura del campo literario. (Trad. de Kauf, T.).

Barcelona, Anagrama.

- (2015) La distinción. Criterio y bases sociales del gusto. (Trad. de Ruiz de Elvira, C.). Madrid, Taurus.

Even-Zohar, I. (1990) Polysystem theory. En “Poetics Today”. 11, 1, pp. 1-96.

Guber, R. (2011) La etnografía. Método, campo y reflexividad. Siglo veintiuno editores.

Wacquant, L. (2012) Merodeando las calles. Trampas de la etnografía urbana. (Trad. de Roldán, D. e Pascual C.). Gedisa.

CV Xian Naia é investigador pré-doutoral FPI pela Universidade de Vigo, onde atualmente realiza a sua tese de doutoramento em Estudos Literários sob o título Festival da Poesia no Condado. Funções, repertórios e comunidade(s), ligada ao projeto de investigação Poesia Atual e Política - Conflito Social e Dialogismos Poéticos (POEPOLIT II). Faz parte do grupo de investigación BiFeGa. É graduado em Língua e Literatura Galegas pela Universidade de Santiago de Compostela (2015). Cursou o Mestrado para o Professorado em Secundário, Bacharelato e Escola Oficial de Idiomas (2017) e o Mestrado em Literatura, Cultura e Diversidade (2018), ambos na Universidade da Corunha, onde começou a desenvolver uma linha de pesquisa arredor do estudo da poesia, as oralidades e a relação com os movimentos sociais na Galiza, assim como um interesse pela construção de epistemologias e quadros de pensamento mais específicos para os tais objetos de estudo.

Autor/a **MARÍA ARÁNZAZU FERNÁNDEZ CRESPO (UH)**

Título “PRA’ HABANA ME VOU. A PEGADA GALEGA NA HABANA”. ITINERARIOS CULTURAIS PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA DA EMIGRACIÓN GALEGA E DO PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DOS GALEGOS EN CUBA

Resumo Con este nome, defínese un proxecto multidisciplinar elaborado pola Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana, en colaboración coa Facultade de Artes y Letras, a Oficina de Patrimonio da UH e a Oficina do “Historiador de la Ciudad (OHC), a través do seu proxecto “Rutas y andares”. Ten como obxectivos, visibilizar a transcendencia da pegada galega na Habana, como parte do patrimonio material e inmaterial de Cuba e dunha identidade nacional compartida; recuperar a memoria histórica da diáspora galega, para integrala no discurso identitario galego; por último, sensibilizar as institucións e á comunidade científica tanto galega como cubana para implicalas en futuros proxectos de rehabilitación, conservación patrimonial e modernización destes lugares emblemáticos desde una perspectiva restauradora e innovadora.

Este roteiro está deseñado como un camiño a pé polas principais rúas da Habana Vieja, seguindo algunhas das pegadas galegas aínda visibles na actualidade e que, en moitos casos, xa teñen unha significación dentro da historia habaneira, símbolo da identidade cubana. A narración discursiva que dá coherencia a este andar transita coma unha viaxe no tempo, desde a chegada en barco á Baía da Habana, ate o Ilustre Palacio do Centro Galego da Habana, símbolo do éxito e da integración da emigración galega en Cuba. Mais tamén é un periplo á procura dos relatos intanxibles dos miles de galegos que camiñaron, viviron e traballaron nestas rúas, atrás dun soño de prosperidade e axudando a forxar, canda outros pobos, a identidade cubana, mais tamén aprendendo a autodefinirse como nación galega.

CV María Aránzazu Fernández Crespo. Presidenta da Cátedra Galega “Xosé Neira Vilas” da Universidade da Habana. Profesora asistente do Departamento de Estudos Lingüísticos e Literarios da Facultade de Artes y Letras da UH.

SALA O.14 - CPII

COMUNICACIÓN

Moderador/a ANTÓN GARCIA (AIEG)

Autores/as **CLARA GARCÍA VILA (UCM)**
MARÍA COLOM JIMÉNEZ (UCM)

Título MOSTRA DE APRENDIZAXE: ALIANZAS PARA AS FALANTES DE GALEGO E/OU PORTUGUÉS Á HORA DE ADQUIRILAS COMO LINGUA ESTRANXEIRA

Resumo A través das nosas experiencias nas aulas co alumnado de Lingua Galega e Lingua Portuguesa como profesoras do grao de Linguas Modernas y sus Literaturas da Universidad Complutense de Madrid, percibimos como a experiencia e nocións lingüísticas previas do alumnado, en cada unha das linguas, inflúe notablemente o seu rendemento e evolución á hora de aprender as devanditas linguas. En particular, apercibimos un trasvase moi positivo de coñecementos cando o alumnado que está a aprender galego ten nocións sobre o portugués, do mesmo xeito que o alumnado galego que comeza a estudar portugués rapidamente amosa unha vantaxe na adquisición lingüística e morfosintáctica da lingua. Se ben é certo que toda as linguas románicas son unha axuda á hora de comezar a aprender outra, o certo é que esta mellora non se dá do mesmo xeito cando as e os estudantes teñen coñecementos de linguas como o castelán, o catalán e o italiano, mais si que habería que salientar neles unhas actitudes e posturas que os favorece. Deste xeito, partindo de casos particulares e prácticos sacados das nosas aulas nas materias Lingua Galega I e Lingua portuguesa (A1 - B1) e tendo en conta a nosa experiencia docente na aula, pretendemos facer un percorrido que amose tanto as vantaxes na aprendizaxe como as actitudes e ideas que se teñen cara a lingua. A redución do número de persoas matriculadas nas linguas romances nos últimos anos fainos ver como imperativo un proxecto de traballo conxunto e de achegamento entre o galego e o portugués no canto de seguirmos funcionando como áreas moi diferencias, como vén sucedendo en Madrid. Analizaremos tamén algúns aspectos diferenciais entre ambas linguas que poden provocar dificultade ou confusión na aprendizaxe, nalgúns casos, e como traballamos o proceso de asimilación das similitudes e diferenzas entre ambas linguas nalgúns casos concretos da gramática e léxico.

A mostra contará con alumnado que están matriculadas nas mencionadas materias, ambas do primeiro curso, polo que asumimos que os coñecementos previos que teñen son reducidos ou básicos. Buscaráanse que cumpran cos seguintes perfís:

- Persoa sen coñecementos en galego nin en portugués que aprende galego.
- Persoa sen coñecementos en galego nin en portugués que aprende portugués.
- Persoa con coñecementos básicos en portugués que aprende galego.
- Persoa con coñecementos básicos en galego que aprende portugués.
- Persoa que coñece outras linguas do Estado español e/ou linguas románicas.

Polo tanto, a través dos datos analizados e que intercambiamos ambas docentes ao longo dos últimos cursos e a partir do traballo co alumnado obteremos uns resultados en materia de competencias lingüísticas orais e escritas que avalien o interese mutuo que pode ter a aprendizaxe destas variedades para o alumnado destas linguas, e que incluso se pode realizar a achega a ambas linguas de maneira simultánea. Analizaremos tamén a presenza de determinados estereotipos e actitudes cara a lingua que axudan ou, pola contra, entorpecen a aprendizaxe en material gramatical e da súa cultura e idiosincrasia.

Así mesmo, presentaremos algúns proxectos conxuntos que fomos realizando as profesoras de galego e portugués para espertar o interese do alumnado no aprendizaxe de ambas linguas e destacar de maneira positiva as similitudes e diferenzas de ambas linguas e a facilidade de aprendizaxe se se deciden estudar en simultáneo: obradoiros de tradución, concertos, exposicións de textos do alumnado, edición e publicación de volumes conxuntos de escritura creativa...

CV CLARA GARCÍA VILA

Profesora lectora de galego na Universidade Complutense de Madrid.

Secretaria na Revista Madrygal de Estudos Galegos en Madrid. Liñas de traballo: literatura galega contemporánea, estudos feministas e LGTBI+, decolonialismo

MARÍA COLOM JIMÉNEZ

Profesora Contratada Doctora del área de Filología Gallega y Portuguesa de la Universidad Complutense de Madrid.

Doctora en Estudios Literarios (2016) con Mención Europea y Premio Extraordinario de Doctorado.

Es Delgada de la Decana para Relaciones Internacionales en la Facultad de Filología UCM.

Al tener doble especialidad y ser trilingüe desde muy temprana edad, su trayectoria docente e investigadora ha estado siempre estrechamente ligada a la enseñanza de idiomas y estudios en literatura comparada.

Es miembro de grupos de investigación UCM y participa en proyectos de Innovación Docente. Recibió el diploma UCM de Excelencia Docente en 2018 y 2022, contando también con 1 sexenio de excelencia docente.

Ha participado en numerosos eventos en ámbito nacional e internacional como ponente, comité organizador y científico en congresos, seminarios, talleres y exposiciones. Ha impartido talleres de escritura creativa y traducción y seminarios sobre Fernando Pessoa y Literatura portuguesa del siglo XX tanto en España como en Portugal.

Ha publicado artículos y capítulos de libros sobre Fernando Pessoa, estudios comparados y culturales.

Es vocal de la Junta Directiva de la APLEPES (Asociación de profesores de portugués en España) y Tesorera de la SELGYC (Sociedad Española de Literatura General y Comparada).

Sus principales líneas de investigación son los Estudios Comparatistas, Estudios Pessoaanos, Traductología, Literatura Portuguesa del Siglo XX, Literatura Anglo-americana del Siglo XX y la Escritura creativa en PLE

Autor/a	ELÍAS GONZÁLEZ LÓPEZ (USC)
Título	“CANTOS VOS SENTIDES MÁIS SEGUROS E MÁIS CÓMODOS E CON MÁIS FLUIDEZ EN CASTELÁN? TODOS” APROXIMACIÓN Á APLICACIÓN DAS LEIS DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA NO ENSINO SECUNDARIO DESDE O PROFESORADO EN GALICIA
Resumo	A lingua galega é unha lingua aínda en proceso de normalización. Para iso, desde o ano 1983 as principais autoridades de Galicia teñen elaborado uns alicerces lexislativos para promover e difundir a lingua galega, principalmente no ensino. Para saber dos obxectivos cumpridos neste proceso entrevistamos a profesorado da lingua galega coa intención de coñecer cales son as súas percepcións dos obxectivos acadados a través desta lexislación en materia de promoción e normalización da lingua galega. Obxectivo O principal obxectivo desta pescuda é facer unha breve aproximación aos avances (ou non) das diversas leis que xestionan no ensino a presenza das dúas linguas oficiais de Galicia: galego e castelán. Esta aproximación será feita a través do discurso do profesorado. Método Como método para facer esta breve aproximación desde o profesorado vaise empregar unha abordaxe de tipo cualitativo, relativamente pouco explorado dentro das investigacións da sociolingüística, como son as entrevistas semidirixidas ao profesorado. Todas as entrevistas foron realizadas presencialmente e deixando claro que as respostas ás preguntas non tiñan respostas pechadas. Fixéronse preguntas para coñecer a súa opinión sobre a situación das leis sobre linguas no ensino. Resultados e conclusións Esperamos extraer con estas entrevistas unha aproximación ao estado percibido polo profesorado da implantación das leis lingüísticas no ensino. A partir disto, non como conclusión mais como unha reflexión, analizar cal é o papel destas leis no ensino e na normalización do galego, observar posibles puntos febles e propor melloras neses aspectos ou observar cales foron os aspectos máis eficientes destas leis. BIBLIOGRAFÍA - Bagno, Marcos et al., (2002): Língua materna. Letramento, variação & ensino. São Paulo: Parábola Editorial. - Bagno, Marcos (2003): A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira. São Paulo: Parábola Editorial. - _____ (2015): Preconceito linguístico. O que é como se faz. São Paulo: Parábola Editorial. - Bortoni-Ricardo, Stella Maris (2005): Nós chegemu na escola, e agora? Sociolingüística & educação. São Paulo: Parábola Editorial. - _____ (2011): Do campo para a cidade. Estudo sociolingüístico de migração e redes sociais. São Paulo: Parábola Editorial. - García Negro, María Pilar (1991): O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Vilaboa: Edicións do Cumio

- Formoso Gosende, Valentina (2013): Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Iglesias Álvarez, Ana (2002): Falar galego: “No veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Lored, Xaquín & Silva Valdivia, Bieito (2020): Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO. Santiago de Compostela: Real Academia Galega
- Lucchesi, Dante (2015): Língua e sociedade partidas. São Paulo: Contexto
- Monteagudo, Henrique et al., (2016): Língua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013. Santiago de Compostela: Real Academia Galega
- Ramallo, Fernando (2023): Que pasa co galego? 32 preguntas sobre a situación social da lingua. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

CV Elías González López (Ponteareas, 1990) é graduado no Grao en Estudos de Galego e Español na Universidade de Vigo, con mención especial en Filoloxía Galega. Entre os meses de setembro e decembro do ano 2018 foi colaborador contratado da I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo. Nese mesmo ano iniciou o Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas na mesma universidade, que rematou no 2019.

De setembro a decembro do mesmo ano foi colaborador contratado no Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Xa no 2020 foi seleccionado para ser profesor lector de lingua española na Universidade de Brasilia a través dos Lectorados MAEC-AECID do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, praza que ocupou ata maio de 2022 de maneira telemática. Entre os meses de setembro e decembro de 2021, compaxinando co traballo en liña en Brasilia, foi convidado como profesor conferenciante para dar aulas de portugués na Universidade de Vigo.

Na actualidade, é beneficiario dun contrato predoutoral da Universidade de Santiago de Compostela e realiza a súa tese de doutoramento sobre o proceso de estandarización do galego e o seu ensino baixo a dirección do profesor Henrique Monteagudo.

Últimas publicacións

"As principais problemáticas do profesorado de lingua galega no ensino secundario"

Elías González López (2023): III Simposio Internacional “Aspectos Lingüísticos del Noroeste Ibérico” (SIALNI3), Salamanca: Universidad de Salamanca, 5-6 de outubro de 2023 – Presentación

Autor/a	HÉCTOR PARDO ÁLVAREZ (UNL)
Título	A TRADUCCIÓN AUDIOVISUAL COMO RECURSO PARA UNHA APRENDIZAXE DE LINGUAS INTEGRADA E CULTURALMENTE CONTEXTUALIZADA
Resumo	Sobre a base das conclusións tiradas da aplicación previa dun proxecto didáctico de similares características para a aprendizaxe integrada de inglés e galego no contexto da educación secundaria en Galicia, procederase a describir a xustificación teórica, planificación e deseño dunha proposta didáctica fundamentada na conxunción de catro elementos principais: tradución audiovisual como recurso didáctico, tratamento integrado de linguas, aprendizaxe baseada en tarefas e emprego das TICs. Esta consistirá nunha tarefa de subtítulado de contidos de ficción destinada a reforzar a competencia comunicativa do alumnado de maneira integrada e culturalmente contextualizada en galego e portugués e a suscitar o establecemento de relacións entre estas dúas linguas tan proximamente emparentadas e integrantes dun mesmo diasistema lingüístico. O feito de permitir unha exposición contextualizada a outra cultura e ao uso pretendidamente espontáneo dunha variedade lingüística diferente, unido ao interese xeneralizado do alumnado polo seu consumo, converte o audiovisual, e o xénero de ficción en particular, nun material con gran potencial didáctico. Desde o convencemento de que é posíbel empregalo en coherencia coa premisa de que o ensino para a comunicación se dea mediante a comunicación, a intervención que se propón non busca situar o alumnado como mero receptor de material audiovisual, senón outorgarlle un papel axente no proceso de aprendizaxe e facelo ademais promovendo a construción da súa competencia en L2 sobre a base do seu coñecemento de L1. O fio condutor capaz de conxugar estes elementos é, desde a visión que impulsa esta proposta, a tradución, que, para o contido subtítulado cumprir na cultura de chegada co mesmo propósito comunicativo que persegue o orixinal na cultura fonte, deberá presentar unha alta carga pragmática e demandará ao alumnado un afastamento da literalidade. Pola súa potencial capacidade para traballar diferentes competencias e contidos en función da lingua ambiental do alumnado destinatario e da escolla da lingua fonte e meta da tradución, a proposta didáctica formulada concíbese como susceptible de ser aplicada nos catro escenarios resultantes da combinación destas dúas dimensións. BIBLIOGRAFÍA AAVV (2008). Marco de Referencia para los Enfoques Plurales de las Lenguas y las Culturas. Graz. Austria: CELM Çakir, I (2006). The use of video as an audio-visual material in foreign language teaching classroom. The Turkish Online Journal of Educational Technology, Volume 5 (Issue 4 Article 9), (67-73) Neves, J (2004). Language awareness through training in subtitling. En Orero, P. (Ed). Topics in Audiovisual Translation (127-140). Philadelphia and Amsterdam: John Benjamins, Vermes, A (2010). Translation in Foreign Language Teaching: A Brief Overview of Pros and Cons. Eger Journal of English Studies. (83-93) CV EXPERIENCIA PROFESIONAL Out 2023 – actualidade. Lector de lingua galega. Universidade Nova de Lisboa (Lisboa, Portugal) Feb 2018 – actualidade. Tradutor, corretor e editor freelance EN, PT > ES, GL

Set 2022 – out 2023. Editor, redactor, corretor e tradutor de materiais educativos ORMObok (Barcelona)

Out 2019 – out 2020. Técnico lingüístico. Parlamento de Galicia (Servizo de Publicacións) (Santiago)

Xan 2019 – out 2019. Redactor, corretor e tradutor EN, PT > ES. LSDM (London School of Design and Marketing) (Porto, Portugal)

Nov 2016 – xuñ 2017. Profesor en prácticas das materias Inglés Lingua Estranxeira e Lingua Galega. IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, Lugo

Ago 2016 – nov 2016. Redactor e locutor. Cadena Ser, Lugo

Feb 2016 – xuñ 2016. Tradutor audiovisual. Cineclub Padre Feijóo, Ourense

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

Nov 2020 – xuñ 2022. Oposición técnico lingüístico grupo A1 Parlamento de Galicia (Proceso selectivo superado en terceira posición sen obtención de praza de persoal funcionario)

Set 2016 – set 2017. Mestrado en Profesorado de ESO, Bachelerato e Ensino de Linguas. USC, Lugo. Cualificación: 8,9/ 10

Set 2012– xul 2016. Grao en Tradución e Interpretación Inglés, Alemán - Español, Galego. UVigo, Vigo / Universität Hildesheim (Alemaña) – Programa Erasmus. Cualificación: 7,1/ 10

Set 2014 – actualidade. Grao en Psicoloxía. UNED. Cualificación provisional: 8,1/ 10

PROXECTOS

Xul 2016. [TFG]. Actitudes ante a variación lingüística na dobraxe en galego

Set 2017. [TFM]. A tradución audiovisual como recurso didáctico no proceso de ensinanza-aprendizaxe de linguas

PUBLICACIÓNS

Abr 2018. Pardo Álvarez, H; Rodríguez Neira, M. A (2017).. A tradución audiovisual como recurso didáctico no proceso de ensinanza - aprendizaxe de linguas. Repositorio Institucional Minerva USC, Docencia e Innovación Educativa.
<http://hdl.handle.net/10347/16680>

EXPERIENCIA VOLUNTARIADO

Mar 2018 – actualidade. Traductor. TED Talks

Mai 2023 – actualidade. Traductor. Semana do Cine de Lugo (Lugo)

Xuñ 2020 – mai 2021. Corretor lingüístico e de estilo. Pensa Lugo (Lugo)

PREMIOS

Mai 2020. Concurso de subtitulado de vídeos TED de Ciencias da Saúde ao galego (Servizo de Normalización Lingüística USC)

Autores/as	MARÍA ÀLVAREZ DE LA GRANJA (USC) MONSERRAT COMESAÑA VILA (UMINHO) ISABEL FRAGA CAROU (USC) M. CARMEN PARAFITA COUTO (LEIDEN)
Título	A VARIACIÓN LÉXICA NA VERSIÓN GALEGA DE MULTIPIC
Resumo	Nas investigacións psicolingüísticas é fundamental traballar con estímulos altamente precisos e controlados que permitan inferir datos fiables sobre o procesamento mental. Un estímulo frecuente en tales investigacións son as imaxes e, por tal motivo, existen diferentes bases de datos de imaxes empregadas en investigacións sobre procesamento da linguaxe, memoria, percepción visual etc. Unha delas é o Multilingual Picture (MultiPic) (Duñabeitia et al. 2022), conformada por 500 debuxos a cor seleccionados dunha base de 750 imaxes que representan conceptos concretos e de coñecemento xeral (Duñabeitia et al. 2018). As imaxes do MultiPic foron empregadas nun estudo realizado en 2020 e 2021 con falantes de 32 linguas ou variedades lingüísticas, que tiveron que ofrecer o nome correspondente aos debuxos e indicar o seu grao de familiaridade co concepto representado. En 2023 un equipo interdisciplinario constituído por lingüistas e psicolingüistas levou a cabo o mesmo estudo co galego. Nel participaron 88 informantes, que ademais tiveron que responder a unha serie de preguntas iniciais sobre variables de carácter sociolingüístico relativas á idade, xénero, lugar de residencia, lingua inicial, lingua habitual, nivel educativo e nivel social. O obxectivo desta comunicación é analizar os nomes asignados ás imaxes no estudo galego desde o punto de vista da variación léxica rexistrada. Tal variación pode responder á existencia de problemas na identificación unívoca dalgúns dos conceptos representados (por exemplo, muller vs. vestido, morsa vs. león mariño); ao emprego de hiperónimos fronte a hipónimos (asento vs. banco, embutido vs. chourizo); pero, sobre todo, á escolla de diferentes unidades léxicas coincidentes no significado. Estas unidades poden ser sinónimos ou cuasisinónimos de orixe galega (cóbado vs. cotobelo, demo vs. diaño), pero, máis frecuentemente, reflicten a convivencia de transferencias do español, moi habituais sobre todo no ámbito léxico (Dubert 2005), con formas de orixe galega, moitas delas desprazadas polo castelanismo no galego popular e recuperadas na variedade estándar (esquíu vs. ardilla, igrexa vs. iglesia). Ademais de mostrar esta variación, que poremos en relación coas variables sociolingüísticas arriba mencionadas, na comunicación reflexionaremos sobre os problemas que tal variación pode supoñer desde o punto de vista da obtención de materiais estandarizados que poidan ser empregados en posteriores experimentos psicolingüísticos en lingua galega. BIBLIOGRAFÍA Dubert García, F. 2005. Las interferencias del castellano en el gallego popular. <i>Bulletin of Hispanic Studies</i> 82(3), 271-292 doi:10.3828/bhs.82.3.1 Duñabeitia J. A., et al. 2018. MultiPic: A standardized set of 750 drawings with norms for six European languages. <i>Q J Exp Psychol (Hove)</i>. 2018 Apr;71(4), :808-816. doi: 10.1080/17470218.2017.1310261 Duñabeitia, J. A. et al. 2022. The Multilingual Picture Database. <i>Sci Data</i> 9, 431. doi:10.1038/s41597-022-01552-7
CV	MARÍA ÀLVAREZ DE LA GRANJA

Profesora titular do Departamento de Filoloxía Galega da USC, secretaria do Instituto da Lingua Galega e coordinadora do Grupo de Investigación Filoloxía e Lingüística Galega. A súa investigación xira en volta do léxico galego desde distintas perspectivas. É autora ou coautora de diversos recursos léxicos, como Ledígal, Léxico dispoñible do galego, Patrimonio léxico da Gallaecia, Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués, Dicionario de dicionarios do galego medieval etc.

MONTSERRAT COMESAÑA VILA

investigadora do Centro de Investigación em Psicologia da U. do Minho. As liñas principais da súa investigación son a organización e procesamento das representacións lexicais en linguas primeiras e segundas/estranxeiras, os seus fundamentos cognitivos e neuronais e o modo como cambia a organización da lingua ao longo da vida. É ademais editora asociada en varias revistas como PlosOne, Frontiers in Psychology ou Psicológica.

ISABEL FRAGA CAROU

catedrática de Psicoloxía da Linguaxe na USC. Actualmente é a coordinadora do Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social e do Grupo de Investigación Procesos Cognitivos e Conduta. A súa investigación máis recente céntrase na actividade cerebral asociada ao procesamento do xénero gramatical e a súa posible interacción co procesamento afectivo, e no desenvolvemento de corpus de palabras emocionais.

M. CARMEN PARAFITA COUTO

investigadora María Zambrano no grupo Language Variation and Textual Categorisation da U. de Vigo e profesora titular no Center for Linguistics da Universidade de Leiden (Países Baixos), onde tamén dirixe o Heritage Linguistics Lab (Herling). A súa liña de investigación principal céntrase en descubrir os padróns e estratexias lingüísticas que caracterizan as prácticas multilingües. É ademais editora da serie Current Issues in Bilingualism e da revista Isogloss- Open Journal of Romance Linguistics.

SALA 0.16 - CPII

PANEL

Título	TEATRO GALEGO 1936-1973 (1)
Coordenador/a	CARLOS-CAETANO BISCAINHO-FERNÁNDEZ (UDC)
Resumo	Neste painel preséntanse algúns dos resultados provisorios do proxecto de investigación I+D+i PID2020-115649RB-I00 "Recuperación do patrimonio teatral de Galicia 4 (1936-1973): emigración, exilio e resistencia interior", financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033

Autor/a	ANA ACUÑA TRABAZO (UVIGO)
Título	A INTRAHISTORIA NO TEATRO DE BOROBÓ: AURA Y EL COMPLEJO DE POLÍCRATES
CV	Profesora contratada doutora de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo, a súa actividade investigadora está centrada nos escritores galegos en lingua galega e castelán. Nos últimos anos ten profundizado en cuestións relacionadas co xénero, a ecocrítica e o feminismo. Tamén ten prestado atención á análise da participación política e das manifestacións literarias de diversos grupos galegos en Madrid durante o século XX, foco que nos últimos anos se ten estendido ao estudo do exilio feminino, literario e cultural. Ademais, ten desenvolvido investigacións no ámbito da literatura popular de transmisión oral. Para alén de numerosos artigos, capítulos de libros, monografías e antoloxías, ten preparado exposicións e elaborado rutas literarias.

Autor/a	LAURA TATO (UDC)
Título	MÁIS TEXTOS DRAMÁTICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO
CV	Catedrática emérita da Universidade da Coruña, ten como liña principal de investigación a historia do teatro galego. Neste ámbito ten recibido premios como o IV Premio de Investigación Lingüística e Literaria Ricardo Carvalho Calero pola obra Teatro e Nacionalismo. Ferrol 1915-1936 (publicado en 1995) ou o XVIII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais coa obra Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guións de Ramón Otero Pedrayo (que viu a luz en 2014). É autora de monografías como Historia do teatro galego. Das orixes a 1936 (1999); Teatro galego 1915-1936 (1997), Toberto Vidal Bolaño: unha vida para o teatro (2013). Tamén ten publicado edicións especializadas como Luís Manteiga: Teatro galego (2003), Camiño de Santiago, de Ramón Otero Pedrayo (2018) e O Cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca. Edición crítica (2007). Entre os seus últimos artigos figura "Os vellos non deben de namorarse, de Castela: xestación e recepción" (2019).

Autor/a CARLOS-CAETANO BISCAINHO-FERNANDES (UDC)	
Título	Base de datos do teatro galego (1936-1973): presentación dun repositorio da actividade dramática galega no período franquista
CV	Profesor titular da Universidade da Coruña e coordinador do Grao en Galego e Portugués desa universidade, integra o grupo de investigación ILLA. Director da colección azul (estudos sobre teatro galego) da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, é tamén vocal da Academia Galega de Teatro e director do Observatorio do Teatro Galego. Foi premio de Investigación Ricardo Carvalho Calero pola biografía de Fernando Osorio do Campo, o que fora director do Conservatorio Nacional de Arte Galega das Irmandades da Fala. Ten publicados numerosos libros e artigos sobre teatro galego e na actualidade é investigador principal do proxecto "Recuperación do Teatro Galego 4: emigración, exilio e resistencia interior"



SALA 1.10 - CPII

PANEL

Título	EDICIÓN LITERARIA NA GALIZA (1975-2000)
Coordenador/a	CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN (UDC)
Resumo	Neste painel expóñense algúns dos resultados derivados de cada unha das liñas de traballo que estamos a desenvolver un grupo de investigadoras/es da UDC no marco do proxecto “Edición literaria na Galiza, 1975-2000” (PID2020-119605RB-I00). Como punto de partida, preséntase a base de datos deseñada para o proxecto e mais as ferramentas informáticas creadas para a explotación da mesma (C. F. P-Sanjulián/ L. Sousa); a seguir, o resto dos relatorios ofrecen resultados parciais da investigación nos diferentes focos de interese do proxecto. En concreto, o estudo da participación e papel das mulleres no mundo editorial galego constitúe un dos obxectivos prioritarios desta pesquisa, de modo que este é o tema central de tres das comunicacións que aquí se inclúen. Na primeira (C. F. P-Sanjulián), a partir dunha análise inicial de carácter cuantitativo, descríbese o tipo de actividades e funcións desenvolvidas por mulleres nesta etapa. Esta exposición complétase na seguinte comunicación (A. Lema) coa valoración dos testemuños obtidos nas entrevistas realizadas ás propias protagonistas. Xa na liña dun estudo de caso, na última proposta da sección (M^a O. Luis), analízase a posición subversiva que comezan a adoptar algunhas tradutoras neste período e que se desenvolverá fundamentalmente a partir das décadas seguintes. Outro dos propósitos do proxecto consiste na caracterización e análise de diferentes proxectos editoriais dentro do período; así, na quinta comunicación (I. Sobrino) realízase unha achega comparativa neste sentido, explorando a presenza da literatura oral nos catálogos das diversas editoras con produción en galego nestes anos. No último relatorio (X. L. Viñas), no marco da liña de estudo da repercusión que o conflito normativo tivo no mundo editorial galego, preséntase a proposta de codificación das variantes normativas que contemplamos, xunto con unha primeira aproximación á súa aplicación real durante o período.

Autor/a	M^a OBDULIA LUIS GAMALLO (UDC)
Título	A TRADUCCIÓN, UN ‘NON-LUGAR’ DE SORORIDADE E DE LOITA DE IDENTIDADES PARA AS TRADUTORAS GALEGAS (1975-2000)
CV	María Obdulia Luis Gamallo é doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e profesora na área de Filoloxía Francesa da UDC. As súas liñas de investigación abranguen o feminismo postcolonial, a literatura africana de expresión francesa e a tradución.

Autor/a	IRIA SOBRINO FREIRE (UDC)
Título	A LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL NOS CATÁLOGOS DAS EDITORAS GALEGAS (1975-2000)
CV	Iria Sobrino Freire é doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e profesora no Departamento de Didácticas Específicas e MIDE da UDC. Foi investigadora visitante nas universidades de Lisboa e Glasgow. As súas liñas de investigación abranguen a edición de literatura infantil galega, o álbum ilustrado e as relacións entre literatura oral e literatura infantil.

Autor/a	XOÁN L. LÓPEZ VIÑAS (UDC)
Título	VARIANTES NORMATIVAS NA EDICIÓN EN GALEGO, 1975-2000: UNHA ACHEGA
CV	Xoán López Viñas é profesor da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC. A súa actividade investigadora xira á volta de tres eixos fundamentais: a Lingüística Histórica e na Gramática sincrónica, a edición e análise lingüística da lingua literaria de autores contemporáneos e as Humanidades Dixitais.

SALA 2.07 - CPII

PANEL

Título	GALEGOS EN PORTUGAL (1720-1936): GAÑAR A VIDA
Coordenador/a	CAMILO FERNÁNDEZ CORTIZO (USC)
Resumo	Portugal era un dos destinos tradicionais de emigrantes galegos, sobre todo a partir dos 1720. En territorio portugués, Lisboa e, a continuación, Porto reunían as comunidades máis numerosas, pero os galegos estaban dispersos por todo norte de Portugal, nas provincias do Minho e de Trás-os-Montes e Alto Douro. O painel proposto estudará os ritmos evolutivos da emigración a Portugal, as condicións persoais e profesionais dos emigrantes, os lugares de orixe e de destino, os patróns da súa residencia etc.

Autor/a	CAMILO FERNÁNDEZ CORTIZO (USC)
Título	GALEGOS NAS CIDADES E VILAS DO NORTE DE PORTUGAL (1720-1865)
CV	Camilo Fernández Cortizo, doutor en Filosofía e Letras, é profesor da área de Historia Moderna do Departamento de Historia, da Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é Director da Cátedra UNESCO 226 sobre Migracións (Universidade de Santiago de Compostela); así mesmo, Investigador Principal 1 do Proxecto Estatal "Españoles en Portugal (1715-1868): emigración laboral y exilios políticos" e, finalmente, investigador do Proxecto Horizonte 2020 da Unión Europea "Rebelión y Resistencia en los Imperios Ibéricos, siglos XVI-XIX". No transcurso dos últimos anos vén desenvolvendo una liña de investigación sobre la emigración laboral de galegos e exilios políticos de españoles en Portugal (1715-1846). Desde o ano 2005, realizou diferentes estancias en varios centros de investigación portugueses (CEPESE, da Universidade do Porto; CITCEM-Porto, CEMRI, da Universidade Aberta de Lisboa; Centro de História, da Universidade de Lisboa; CHAM, da Universidade Nova de Lisboa, etc).

Autor/a	JUAN LÓPEZ BEDOYA (USC)
Título	EFFECTOS SOCIO-ESPACIAIS DA EMIGRACIÓN LABORAL GALEGA A LISBOA DA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX
CV	Juan López Bedoya, doutor en Xeografía pola Universidade Nacional de Cuxo do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Xeografía Física e Patrimonio, na actualidade é Investigador Principal do Proxecto de Investigación para o Desenvolvemente 2023 "Patrimonio geomorfológico de pasos de montaña en itinerarios culturais... Aplicación metodológica comparada para su conversión como herramienta de desarrollo endógeno en poblaciones de montaña" e investigador do Proxecto Nacional "Españoles en Portugal (1715-1868): emigración laboral y exilios políticos". En anos recentes vén desenvolvendo, entre outras, unha liña de investigación centrada

na análise xeográfica de fenómenos históricos -terremoto de Lisboa, emigración galega a Portugal etc.- mediante técnicas estatísticas e de información xeográfica

Autor/a **MARÍA DEL CARMEN LORENZO VIZCAÍNO (UNIR)**

Título A CIRCULACIÓN DAS COMPAÑÍAS LÍRICAS ENTRE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX

CV María del Carmen Lorenzo Vizcaíno, doutora en Historia da arte, é profesora da Universidade Internacional da Ríoxa (UNIR), Arqueira da Real Filharmonía de Galicia e Coordinadora da Comisión de Arquivos de Orquestras Sinfónicas. Así mesmo, é membro do Grupo Organistrum (Universidade de Santiago de Compostela, e investigadora do Proxecto "Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)". Nos últimos anos vén desenvolvendo, entre outras, unha liña de investigación centrada na circulación de compañías líricas en Galicia e en Portugal (séculos XIX-XX).

Autor/a **AURORA B. REGO (UMINHO)**

Título GALEGOS NO CONCELHO DE CAMINHA (1624-1910). FIXAÇÃO/DISPERSÃO NO TERRITÓRIO E SEUS OFÍCIOS

CV Aurora B. Rego, doutora en Historia (Demografía Histórica), é investigadora do CITCEM-Porto e coordinadora do Proxecto de Reconstrución das Comunidades Históricas do concello de Caminha e do Proxecto de Reconstrución da Comunidade Histórica da cidade de Viana do Castelo. Entre as súas liñas de investigación, unha das principais esta centrada no estudo da emigración e do establecemento de galegos nos concellos de Caminha e de Viana do Castelo.

19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

14:00 – 15:30

AUDITÓRIO B1 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a	ALBERTO PAZ-FÉLIX (UMINHO)
--------------------	----------------------------

Autor/a	GABRIEL REI-DOVAL (UWM)
----------------	--------------------------------

Título	A POSICIÓN ACADÉMICA DOS ESTUDOS GALEGOS: UNHA VISIÓN CONTRASTIVA NORTEAMERICANA/ GALEGA
---------------	--

Resumo Este relatorio analizará a visión dos estudos galegos por parte de investigadores e profesores a partir de datos cuantitativos. Tomando como referencia os datos recolectados en 2015 na Universidade de Wisconsin-Milwaukee, este relatorio pretende analizar que posición curricular e académica asignan académicos que desenvolven o seu labor profesional en Norteamérica ós estudos galegos, comparando a dita visión coa homóloga ofrecida en Galicia e noutras latitudes. Ofreceremos unha triangulación das opinións desde as tres perspectivas no referente a cuestións como as seguintes: disciplinas académicas con que se relacionan e nas cales se inscriben os estudos galegos, temas de investigación máis relevantes no campo de estudo, presenza ideal ou desexada nos departamentos universitarios, nivel de importancia de persoeiros da cultura galega, ou importancia asignada a axentes e referentes da cultura galega. Do debullamento destas cuestións propoñemos derivar unha análise contrastiva sobre a percepción existente sobre o campo de estudo “estudos galegos”, así como debater se a percepción existente en Norteamérica ten trazos específicos ou segue pautas xerais existentes noutros ámbitos xeográficos.

CV Gabriel Rei-Doval é Profesor titular de Lingüística no Departamento de Español e Portugués da Universidade de Wisconsin-Milwaukee. Foi organizador principal do I Simposio Norteamericano de Estudos Galegos (Re)Mapping Galician Studies in North America: a Breakthrough Symposium (2013), é autor de “Galician Studies in the United States” (Harvard, 2016) e coordinou a inclusión do galego na MLA en 2014. É autor de trece volumes nos ámbitos da sociolingüística, planificación lingüística, lingüística xeral e lingüística galega. Entre a súa obra creativa e de autoficción destacan Cartas de Marco Polo e Viaxes sen Lee, ambos publicados en Galicia Confidencial.

Autores/as	ATTILIO CASTELLUCCI (UNIROMA) CARLOS PAZOS JUSTO (UMINHO) TAKESHI KAKIHARA (KWANSEI GAKUIN) MARÍA JESÚS BOTANA VILAR (UALG)
Título	OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR: CONTRIBUTOS PARA UN DIAGNÓSTICO
Resumo	O traballo é unha análise dos resultados dunha enquisa realizada en 2023. O obxectivo era coñecer mellor o estado de estudos galegos fora de Galicia. Logramos aclarar a situación dos estudos galegos e dos centros de estudos galegos no mundo, con preguntas acerca de datos xerais de cada centro, vinculación, tipo de institución, departamento ao que pertence, actividades levadas a cabo, financiamento, apoio recibido e preguntas sobre os alumnado dos cursos de galego. Logo refinamos os resultados para realizar unha análise detallada dos resultados obtidos, para formular hipóteses e suxerencias para seguir avanzando no campo dos estudos galegos e para realizar unha rede entre os docentes e investigadores que traballan co galego.
CV	Mª JESÚS BOTANA VILAR Licenciada en Filoloxia Galego-Portuguesa e Filoloxia Románica. na Facultade de Filoloxia da Universidade de Santiago de Compostela. Nesta mesma universidade fixo cursos de doutoramento na área de Estudos Clásicos e Medievais e é doutorada en Literatura na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais da Universidade do Algarve. Exerce na universidade do Algarve no Centro de Estudos Galegos. ATTILIO CASTELLUCCI Licenciouse en Filoloxia Romanica na Sapienza, Universidade de Roma e fixo o doutoramento en Estudos medievais en Florencia. é profesor de Lingua e Literatura Galega na Sapienza e é director do Centro de Estudos Galegos de Roma, que ele mesmo fundou, desde 1999. Fixo parte da antiga directiva da AIEG, na que agora ocupa um posto no conselho científico. CARLOS PAZOS-JUSTO Licenciado en Filoloxia Galega Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. É Mestre em Teoria da Literatura e Literatura Portuguesa na Universidade do Minho e Máster en Cultura Española Contemporánea pola Universidad de Alcalá. Na actualidade é Professor da Área de Estudos Espanhóis e Hispano-Americanos do Departamento de Estudos Românicos da Universidade do Minho. TAKESHI KAKIHARA Profesor da Universidade Kwansei Gakuin. Ensina galego na Universidade de Osaka como profesor de tempo parcial. Tamén é membro da AIEG desde 2018.

Autor/a	TAKESHI KAKIHARA (KWANSEI GAKUIN)
Título	MOTIVACIÓN DOS ESTUDANTES DE LINGUA GALEGA PARA APRENDER ESTE IDIOMA E O SEU USO REAL
Resumo	Este estudo ten como obxectivo investigar as motivacións para a aprendizaxe do galego fóra do sistema educativo regular. Para iso, realizouse unha enquisa ao alumnado que aprende este idioma como lingua estranxeira ou segunda lingua. A solicitude de participación nesa enquisa foi enviada ás institucións que estaban na listaxe do Instituto da Lingua Galega de centros que realizan ensino da lingua galega en todo o mundo. O cuestionario publicouse en liña e tamén repartíuse unha versión en papel co mesmo contido na aula presencial en algúns centros, tales como Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela e Curso de Acolida Lingüística do Concello de Santiago, que realizan o ensino de galego para non galegofalantes. Analizando os datos xerais dos estudantes, as respostas obtidas nas enquisas e os comentarios compartidos polos estudantes, pódense observar as seguintes características e tendencias: Máis do 60 por cento dos alumnos non teñen vínculo familiar en Galiza. Máis do 60 por cento levan menos dun ano estudando galego. Encanto a motivación para aprender galego, o motivo máis común foi o interese pola cultura galega, seguido do interese polo galego, e a necesidade dunha futura carreira profesional. O último motivo debe ser característico do alumnado residente en Galicia, xa que o coñecemento do galego é necesario para o emprego en institucións públicas. Cabe destacar que tamén hai moitos que citaron unha motivación como "ter outras relacións humanas (amizades, namorados, etc.)". Respecto ao uso cotián do galego, só un 30 por cento o utilizan "sempre" ou "moito". Entre as respostas á pregunta "cando e en que ocasión utiliza vostede o galego?", cabe destacar as seguintes: Comunicarse oralmente en galego cos galegofalantes (Por exemplo. compañeiros/as, amizades, familiares ou namorados) (53%), escoitar a radio ou ver a televisión en galego (35%) e ler xornais en galego ou consultar novas en sitios web ou redes sociais en galego (32%). E pensan como beneficios de aprender este idioma "poder gozar da cultura galega" (83%), "poder ampliar relacións (poder coñecer xente)" (66%) e "poder adquirir habilidades para aprender outras linguas" (60%). Nesta presentación analizaremos estes datos e estudamos detalladamente os motivos para aprender galego como lingua estranxeira ou segunda lingua dentro e fóra de Galicia. E tamén analizamos as tendencias ou características do uso cotián do galego e estudamos cal é o motivo da aprendizaxe das linguas.
CV	Takeshi Kakiara é profesor da Universidade Kwansei Gakuin. Ensina galego na Universidade de Osaka como profesor de tempo parcial. Tamén é membro da AIEG desde 2018.

SALA 0.11 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a PEDRO DONO (UMINHO)

Autor/a ALBA RODRÍGUEZ SAAVEDRA (UVIGO)

Título TRADUCIR CULTURA, VISIBILIZAR IDENTIDADE: A MOURA

Resumo A miña tese de doutoramento, actualmente en curso, analiza a posible orixe da moura nunha deidade feminina ancestral que, tras constantes procesos de tradución e paratradución derivados dos cambios nos sistemas relixiosos e lingüísticos de cada etapa, puidese cristalizar na moura, unha figura singular da tradición oral galega. Malia os trazos extraordinarios que converten este personaxe nunha entidade única, a súa difusión no sistema galego contemporáneo ficou, paradoxalmente, limitada, mesmo en etapas de intenso labor compilatorio do folklore autóctono, en especial, no primeiro terzo do século XX. Nesta comunicación propoño achegarnos ao concepto actual da moura e dos seus atributos (serpe, pedra ou auga) a través dunha análise diacrónica inversa, para valorar tanto as posibles deturpacións resultantes das traducións e paratraducións sucesivas, así como a súa escasa difusión en momentos clave da reivindicación da identidade galega.

Palabras clave: tradución cultural, identidade, moura, feminismo, paratradución.

REFERENCIAS

- ALONSO ROMERO, Fernando (1998) «Las moursas constructoras de megalitos: Estudio comparativo del folklore gallego con el de otras comunidades europeas». Anuario Brigantino, 21: 11-28.
- CAMPBELL, Joseph (2013) Goddesses. Mysteries of the Feminine Divine. California: New World Library.
- GIMBUTAS, Marija (1989) The Language of the Goddess. Unearthing the Hidden Symbols of the Western Civilization. New York: Thames and Hudson.
- (2013) Diosas y dioses de la Vieja Europa (7000 – 3500 a. C.). Madrid: Siruela.
- LLINARES GARCÍA, Mar (2012) «Mouras e mulleres. As imaxes femininas na mitoloxía popular galega». Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral, 5: 61-74.
- LOTMAN, Yuri e Escuela de Tartu (1979) Semiótica de la cultura. Madrid: Cátedra.
- QUINTÍA PEREIRA, Rafael (2012) «Mouros e moursas. Na procura de nós mesmos». Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral, 5: 13-40.
- (2016) Análise estrutural e simbólica do mito da moura. Santiago de Compostela. Doutor Alveiros.
- RODRÍGUEZ SAAVEDRA, Alba (2022). «La traducción y la paratraducción de la diosa preindoeuropea en las tradiciones gallega e irlandesa», Translatum nostrum. El mestizaje desde el Mediterráneo. Comares: Granada.
- (2020) «A moura: a deusa traducida», La traducción literaria en el contexto de las lenguas ibéricas. Warsaw University Press: Varsovia.
- (2020) Mouras e fairy women. O feminino extraordinario nas lendas galegas e irlandesas de tradición oral. Madrid: Ápeiron Ediciones.

YUSTE FRÍAS, José (2015) «Paratraducción: la traducción de los márgenes, al margen de la traducción». DELTA, 31: 317-347.

CV Alba Rodríguez Saavedra é tradutora e editora técnica en Afundación, e integrante do Grupo de Investigación en Tradución e Paratradución (T & P) da Universidade de Vigo. A súa tese, dirixida polo profesor Alberto Álvarez Lugo, analiza a manipulación sincrónica e diacrónica nos procesos de tradución e paratradución das entidades femininas senlleiras nas tradicións orais galega e irlandesa. En paralelo, estuda e reivindica a silenciada contribución ao sistema galego de Ruth Matilda Anderson, a quen traduciu en 2009 para o libro Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia, publicado por Afundación. En 2020 deu a coñecer que o maior número de traducións de textos de Rosalía de Castro ao inglés ata 1964 son da autoría da investigadora estadounidense e, desde entón, Anderson deveu na súa segunda liña de investigación.

Autor/a **KATERINA GARCIA (TCD)**

Título EXPLORING MEDIEVAL POETRY THROUGH THE VISUAL AND PERFORMATIVE ARTS: THE “CANTIGA I” BY MARTÍN CODAX

Resumo Aligning with the parameters of artistic research, this paper will approach several themes related to the interpretation and performance of Early Music material in a contemporary context. The presentation will be primarily centered on the recently completed audio-visual project Cantiga I : Tonnta Farraigi Vigo (2023), featuring Irish singer and multi-instrumentalist Liam Ó Maonlaí (Hothouse Flowers), Czech-Spanish singer and academic Katerina García (Trinity College Dublin), and directed by award-winning cinematographer Jaro Waldeck. This project, which was co-funded by the Arts and Social Sciences Benefactions Fund, Trinity College Dublin, consists of a musical and visual re-imagining of the iconic 13th century Galician cantiga d’amigo, or song of the beloved, attributed to Galician trovador Martín Codax, all while establishing a dialogue between the original Medieval Galician text with its hitherto unpublished translation into Irish.

Taking Cantiga I : Tonnta Farraigi Vigo as a point of departure, the paper will further reflect on more general questions, such as the power of music to build bridges and establish connections between communities, cultures and languages, across time. Furthermore, we would argue that it is through the intellectual, aesthetic and physical dimensions of the performative act that the artist is able to experience a more transcendental understanding of the work, and a deeper connection with the world that surrounds us.

Keywords: Medieval Poetry – Cantigas d’amigo – Martín Codax – creative arts practice

CV Dr Katerina García is Assistant Professor in the Department of Hispanic Studies, School of Languages, Literatures and Cultural Studies, Trinity College Dublin. Her main research interests and current areas of publication are: The Historical and Socio-Cultural contexts of Judeo-Spanish language use and Judeo-Spanish literary creation, with particular attention to the novel En torno de la Torre blanca (Paris, 1982) by Sephardi author Enrique Saborit y Beja; Multilingualism as a defining feature of the Sephardic Jewish experience; World Music Traditions; Contemporary interpretations of Judeo-Spanish secular song; Language and Music as spaces for the expression of individual and collective memory and identity; Artistic research.

Katerina García is also a critically acclaimed singer. She regularly collaborates and has performed across Europe and in the USA with international musicians across diverse genres. To date she has recorded 6 albums of song material from Ireland, Spain and the Sephardic diaspora.

Autor/a **ÁLVARO IRIARTE SANROMÁN (UMINHO)**

Título O CAMPO LÉXICO-SEMÂNTICO DE GALEGO NOS DICIONÁRIOS DE PORTUGUÊS EUROPEU

Resumo No imaginário coletivo português, a palavra galego não se limita apenas a designar, como gentílico, os habitantes da Galiza ou algo a ela relativo. Diferentes investigadores desde o século XX vêm analisando distintos significados do termo e os valores culturais associados em Portugal. A presente comunicação pretende contribuir para essa análise com a novidade de examinar as definições do léxico pertencente ao campo lexical galego num elenco de dicionários portugueses do século XVI até à atualidade. Sob essa premissa, e através dum levantamento da informação contida em cada entrada e da elaboração de tabelas de frequência, será analisado o campo lexical e semântico de galego. Isso vai permitir observar a evolução dos significados ao longo dos séculos, e, por sua vez, identificar os usos pejorativos ou com conotações negativas do termo em Portugal, bem como tornar patente a parcialidade de alguns dicionários no uso das marcas lexicográficas.

CV Álvaro Iriarte Sanromán. Professor Associado do Departamento de Estudos Portugueses e Lusófonos da Universidade do Minho (UMinho). Trabalha em áreas da Linguística Aplicada, Lexicografia, Lexicometria, Terminologia, Lexicologia e Humanidades Digitais. É doutor em Linguística Aplicada pela UMinho (2000), mestre em Ensino da Língua e Literatura Portuguesas pela UMinho (1993) e licenciado em Filologia Hispânica (Galego-Português) pela Universidade de Santiago de Compostela (1986). Foi responsável pela criação e acreditação da edição portuguesa do Mestrado Europeu em Lexicografia (2013). Coordenou a equipa de redação do Dicionário de Espanhol-Português (Porto, Porto Editora, 2008). Orientou 4 teses de doutoramento e 27 dissertações de mestrado. Foi membro do Conselho Geral da UMinho, Vice-Presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas, Diretor do Departamento de Estudos Portugueses e Lusófonos. É presidente do Conselho da Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas da UMinho.

SALA 0.14 CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a ROBERTO SAMARTIN (UDC)

Autores/as **FILIPA RAQUEL VELEDA SANTOS (IPB)**
ALEXIA DOTRAS BRAVO (ULISBOA)

Título O GALEGO NA LITERATURA PORTUGUESA E VICE-VERSA: UMA PROPOSTA DIDÁTICA INOVADORA PARA O ESTUDO DA LITERATURA COMPARADA LUSO-GALEGA

Resumo O objetivo desta investigação baseia-se no ensino de literatura estrangeira a estudantes portugueses, tendo em conta a sua predisposição para preconceitos negativos em relação à sua literatura de origem, devido à obrigatoriedade de a estudar na sua formação académica, o que acaba por fazer com que a rejeitem e nem sempre a consigam compreender profundamente. A literatura estrangeira estudada no ensino superior é, muitas vezes, de genuíno interesse para os alunos, porque estes não têm qualquer conhecimento ou preconceito sobre ela.

O objetivo deste trabalho é demonstrar cientificamente que os estudantes universitários que se aproximam da literatura estrangeira não demonstram qualquer preconceito ou rejeição das obras canónicas estrangeiras por falta de conhecimento, o que os torna favoráveis ao seu estudo e compreensão.

A metodologia vai ser desenvolvida nas aulas de Literatura Espanhola da licenciatura em Línguas Estrangeiras: Inglês e Espanhol, no I. P. de Bragança (Portugal), com o objetivo de mostrar e surpreender os alunos com essa cultura hispânica para além do castelhano que constitui o Estado espanhol. Desde o substrato comum galego-português até à atualidade, serão escolhidos vários marcos da literatura galega e portuguesa, com a intenção de aproximar também os alunos portugueses da sua própria literatura através do galego, estabelecendo uma ligação ao castelhano de uma forma pouco habitual. Desta forma, cria-se um vínculo íntimo entre as três línguas atlânticas, utilizando a própria tradução como força motriz que gera o fator surpresa. Assim, estabelecem-se atividades inovadoras baseadas no desconhecimento do título e do nome dos autores e da obra; na tradução direta ou inversa de textos literários, sem referência à língua original; na apresentação de textos sem contexto, criando dúvidas quanto à sua língua de origem e à sua autenticidade.

Palavras-chave: literatura estrangeira; literatura comparada; literatura galega; literatura portuguesa; fator surpresa.

BIBLIOGRAFIA

- BRAVO, M. G. (2015). ¿Funciona el efecto sorpresa sobre el aprendizaje? Iberoamérica Divulga.
- COLOMINA SUBIELA, A. (2019). El "Wow factor". Experiencias de aprendizaje en la asignatura Taller I: Conservación y Restauración de Bienes Culturales. In Virginia Vego Carrero; Eduardo Vendrell Vidal (Coords.). IN-RED 2019. V Congreso de Innovación Educativa y Docencia en Red. Valencia: Editorial Universitat Politècnica de València, pp. 378-393.
- DE FIGUEIREDO, F. & CASAS, A. (2015). Introducción a la historia comparada de las literaturas portuguesa y española. Sevilla: Athenaica Ediciones Universitarias.

HESK, J. (1999). The wow factor. Times literary supplement, TLS, (4998), p. 34.
 LOURENÇO, A. A. (2005). Estudos de literatura comparada luso-espanhola. Centro de Literatura Portuguesa, Coimbra: Universidade de Coimbra.
 Literatura hispano-portuguesa. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
http://www.cervantesvirtual.com/portales/literatura_hispanoportuguesa/

CV FILIPA RAQUEL VELEDA SANTOS

Professora contratada na Escola Superior de Bragança na área de ELE. É licenciada em Línguas Estrangeiras: Inglês/Espanhol, mestrado em Tradução, ambos ciclos de estudos no Instituto Politécnico de Bragança, e, atualmente, é doutoranda da Universidade de Vigo, no programa de doutoramento em Estudos Literários, com um projeto de tese dirigido por José Montero Reguera e Alexia Dotras Bravo, sobre o ensino de uma literatura estrangeira canónica a jovens universitários, da qual não possuem conhecimento estereotipado e pré-concebido. Realizou um Erasmus de licenciatura em Cracóvia (Polónia) e outro Erasmus de mestrado em Cluj-Napoca (Roménia). Participou em vários congressos nacionais e internacionais nas áreas de tradução técnica e literária, ELE, ensino de literatura a estrangeiros, com as suas publicações correspondentes. As suas linhas de investigação são a tradução literária, tradução técnica, ELE e ensino da literatura a estrangeiros.

ALEXIA DOTRAS BRAVO

Licenciada em Filologia Hispânica (2000) e Filologia Galega (2002), doutorada em Filologia Espanhola (2006) pela Universidade de Vigo, com a tese Los trabajos cervantinos de Salvador de Madariaga. Historia de una idea doble: sanchificación y quijotización (Alcalá de Henares: CEC, 2008) e Mestrado em Literatura Infantil e Promoção da Leitura pela Universidade de Castilla-La Mancha (2009). É professora adjunta na Escola Superior de Educação de Bragança, desde 2012.

Publicou mais de cento e vinte trabalhos científicos, artigos em revistas especializadas, livros e capítulos de livros; participou em mais de cento e cinquenta conferências, seminários e cursos nacionais e internacionais desde 2000 e editou vários livros na área da literatura cervantina, siglodorista, literatura infantil, relações literárias e culturais entre Portugal e Espanha, ensino da literatura para estrangeiros e Salvador de Madariaga. É também escritora de ficção com o romance Jugar al palacio de Rosa (Libros Indie, 2021) e o livro de relatos Querido Peles y otros relatos (Libros Indie, 2022).

Autor/a SÓNIA DUARTE**Título** CONGRESSOS INTERNACIONAIS DA AGAL (1984-1993): O GALEGO DESDE A PARTICIPAÇÃO PORTUGUESA

Resumo Ocupando a Associação Galega da Língua (AGAL) um lugar de referência entre os coletivos de natureza reintegracionista, a presente comunicação, sustentando uma abordagem de âmbito historiográfico, propõe-se analisar a relação da comunidade linguística portuguesa com a proposta da AGAL para o galego, através do estudo da participação daquela numa das atividades de destacado significado na história desta associação: os Congressos Internacionais da Língua Portuguesa na Galiza (1984-1993).

Tendo como objeto os livros de atas publicados (1984; 1989; 1993, 1996) e referentes aos quatro primeiros congressos, este trabalho incide sobre as comunicações de participantes portugueses que tratam de matéria linguística, procurando evidenciar o peso dessa participação e o seu significado, nomeadamente quanto aos denominadores comuns e singulares nos juízos e perceções sobre o galego ou a sua relação com a variante portuguesa e o que evidenciam em termos de conformidade ou desconformidade com os objetivos e propostas da AGAL.

REFERÊNCIAS

Associação Galega da Língua (AGAL). 1984. I Congresso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Galiza, 1984: actas. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua (AGAL).

Henríquez Salido, Maria do Carmo (org.). 1989. II Congresso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Galiza, 1987: actas. Santiago de Compostela: AGAL.

Henríquez Salido, Maria do Carmo (ed.). 1993. III Congresso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Galiza, 1990: actas. Ourense: AGAL.

Henríquez Salido, Maria do Carmo (org.). 1996. IV Congresso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Galiza, 1993: actas. Vigo: AGAL.

CV Professora de Espanhol nos ensinos básico e secundário. Licenciou-se, na Universidade do Porto, em Línguas e Literaturas Modernas – Estudos Portugueses e Ingleses (1995) e em Línguas e Literaturas Modernas – Estudos Portugueses e Espanhóis (2002). É mestre em Estudos Ibéricos (2008), pela Universidade de Évora, e doutorou-se em Filología Hispánica e Clásica (2018), na Universidad de León, com a tese *La lengua y la gramaticografía españolas en la tradición portuguesa – gramáticas y ortografías (siglos XVI a XIX)*.

Desenvolve a sua investigação nos campos da Historiografia Linguística (com particular destaque para a gramaticografia luso-espanhola) e da Didática do Espanhol (LE), áreas nas quais conta com várias publicações, entre as quais se destacam, no domínio dos Estudos Galegos, os seguintes artigos: “O Galego no discurso linguístico Português do século XIX” (2007), “O Galego nos textos metalinguísticos portugueses (sécs. XVI-XIX)” (2015).

Autores/as	ANA MARÍA IGLESIAS ÁLVAREZ (UVIGO) ISABEL MOCIÑO (USC) EULALIA AGRELO (USC) ANA ISABEL PINTO UP) CLARA AMORIM (UP) CARLA MÍGUEZ (UVIGO)
Título	RELACIÓN ENTRE HÁBITOS LECTORES E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: VISIÓN COMPARATIVA GALIZA-PORTUGAL
Resumo	No marco da interrelación entre o sur da Galiza e o norte de Portugal, puxemos en marcha un proxecto interuniversitario (Universidade de Vigo e Instituto Politécnico de Viana do Castelo), co fin de analizar o nivel de competencia metalingüística do alumnado universitario, así como a súa competencia e hábitos de lectura. Centrémonos nesta primeira fase do proxecto no alumnado de primeiro curso dos graos de educación, tanto de educación infantil como de primaria, xa que se trata de graos de formación de futuros formadores, nos que estas competencias resultan de especial relevancia. Como primeira técnica de recollida de datos, deseñamos un cuestionario formado por catro partes: a primeira sobre datos sociodemográficos, a segunda sobre gustos e hábitos lectores, a terceira sobre competencia lectora a partir dun fragmento da obra Alicia no país das marabillas (traducida ao portugués e ao galego respectivamente), e a última sobre competencia metalingüística, tanto a nivel fónico como morfosintáctico. Distribuímos o cuestionario a comezos do curso 23-24, no primeiro curso, como xa indicamos, co obxectivo de obter un perfil do alumnado de novo ingreso destes graos. O feito de realizar o estudo tanto na Galiza como en Portugal permítenos acadar unha visión comparativa de ambas realidades. Nesta comunicación, presentaremos os primeiros resultados, tras a análise cuantitativa dos datos, que nos permitirán confirmar ou rexeitar algunhas das nosas hipóteses, como a interrelación entre unha maior frecuencia lectora e un máis alto grao de competencia lingüística.
CV	ANA IGLESIAS Doutora en lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora contratada doutora na Universidade de Vigo. Os seus intereses de investigación céntranse na sociolingüística e a innovación didáctica na área de linguas. ISABEL MOCIÑO Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora no Departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo. Forma parte de ANILIJ (Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil), de ELOS (Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) e da Asociación Galega da Crítica (AGC). EULALIA AGRELO COSTAS Profesora na área de Didáctica da Lingua e da Literatura da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Universidade de Vigo). Participa en proxectos de investigación relacionados coa literatura infantil e xuvenil, a lectura e a súa mediación, cuestións de xénero, a aprendizaxe-servizo etc. CLARA AMORIM

Doutorada em Linguística pela Faculdade de Letras da Universidade do Porto. É professora adjunta convidada da Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico de Viana do Castelo e investigadora integrada do Centro de Linguística da Universidade do Porto (CLUP – UID-FCT n.º 22)

ANA ISABEL PINTO

Professora adjunta convidada na Escola Superior de Educação e do IPViana do Castelo e na Escola Superior de Desporto e Educação no IPJean Piaget. É Doutorada em Ciências da Educação. Faz parte do Centro de Investigação & Inovação em Educação (InED) e da Unidade de Investigação em Educação e Intervenção Comunitária (RECI) e integra o grupo Protexos (CIDTFF, Universidade de Aveiro).

CARLA MÍGUEZ

Profesora axudante doutora no Departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo. A súa investigación céntrase principalmente na lectura no alumnado de Educación Infantil e Primaria e nos mestres/as en formación, así como outros temas entre os que se inclúe o ensino das linguas estranxeiras (francés e inglés), a adquisición da linguaxe e a innovación educativa.

SALA 0.01 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a XOÁN L. LÓPEZ VIÑAS (UDC)

Autor/a ANTONINA WRÓBEL (UJ)

Título LA CULTURA POP JAPONESA COMO MEDIO DE REINTERPRETACIÓN DE LA FIGURA DE LA MUJER GALLEGA

Resumo La fascinación por Japón parece ser un fenómeno contemporáneo. El éxito mundial del manga y el anime no parece contradecirlo. Al contrario, la estrategia Cool Japan ha generado una especie de moda por "lo japonés" y ha convertido la cultura japonesa y la cultura pop en un poder blando que genera grandes réditos económicos para el país. Pero, ¿cuál puede ser la conexión de Galicia con Japón? En el arte gallego del siglo XIX se pueden encontrar importantes huellas del arte japonés, y de la estampa japonesa en particular, como se analiza en la obra "El influjo de la estampa japonesa en la pintura gallega" de José Manuel B. López Vázquez. Este fenómeno sigue produciéndose en la actualidad, aunque de forma modificada. La influencia de la cultura pop japonesa se encuentra en las obras del muralista gallego Yoseba_mp, que forman parte de su proyecto "Mega Abuelas". En mi presentación, me gustaría centrarme en el análisis de sus obras para responder a las siguientes preguntas: (1) ¿Cómo se entremezclan elementos de la cultura pop japonesa con elementos de la identidad gallega?; (2) ¿Qué funciones cumple el uso de elementos tomados de la cultura pop japonesa?; (3) ¿Cómo influye la estilística japonesa en la imagen de la mujer gallega representada en los murales? La presentación permite una reflexión en profundidad sobre el impacto de la introducción de elementos de un estilo/estética diferente en el arte mural gallego.

BIBLIOGRAFÍA

Bernardi López Vázquez, J.M., 2006, "Castelao y la creación de una pintura gallega", [en:] "Castelao pintor", Vigo, págs.134-147.

Bernardi López Vázquez, J.M., 2014, "El influjo de la estampa japonesa en la pintura gallega", [en:] "La huella impresa: textos e imáxenes para una historia del arte gallego", C. Fernández Martínez (red.), J. M. Monterroso Montero (red.), Santiago de Compostela, págs. 265-290.

Romero Leo, J., 2019, "Estética del iberomanga: confluencias entre España y Japón en el contexto del del cómic", [en:] "Actas del simposio conmemorativo 150 años de relaciones diplomáticas entre España y Japón España y Japón en un mundo cambiante", Reiko Tateiwa, Lluís Valls, Gisele Fernández (red.), Kioto, págs. 171-181.

Wagoner, B., 2015, "Collective remembering as a process of social representation, [w:] The Cambridge Handbook of Social Representations", G. Sammut, E. Andreouli, G. Gaskell & J. Valsiner (red.), Cambridge, págs. 134-162.

CV Antonina Wróbel, Universidad Jagellónica de Cracovia, Polonia
Desde niña me ha fascinado México y esta pasión se transformó en hacer una licenciatura en Estudios Americanos. Después continué mis estudios, esta vez en una disciplina nueva para mí, la sociología, lo que me permitió adquirir importantes

competencias metodológicas y teóricas. Actualmente estoy haciendo mi doctorado en la Universidad Jagellónica, especializándome en estudios sociológicos. En mi labor investigadora, trabajo principalmente sobre los países hispanohablantes, así como sobre la sociología de la ciudad y la sociología del arte. Mi principal interés es el arte de los murales, que entiendo como una forma de comunicación, una expresión de la identidad individual y de grupo, pero también como un espacio de conflicto político. Siempre que viajo o incluso me desplazo por una ciudad que me resulta familiar, fotografío cualquier manifestación de arte en el espacio con el fin de aprender algo nuevo sobre el contexto sociopolítico local.

Autor/a	IRIA AMEIXEIRAS CUNDÍNS (COLUMBIA)
Título	A DESMATRIALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA: UNHA NOVA EPISTEMOLOXÍA DA MATERNIDADE
Resumo	Nesta comunicación reflicto sobre a "desmatrización" da cultura galega como un proceso de resignificación identitaria a través de diferentes achegas estéticas e teóricas. Así, mediante da lectura e análise dos traballos artísticos e intelectuais de Olga Novo, Yolanda Castaño e María do Cebreiro sosteño que o mito da Galicia maternal piadosa e sacrificada, traballadora e abnegada está mudando cara a novas taxonomías do ser nai ou ser muller. Estes traballos cuestionan a institución da maternidade desde a esfera do privado achegando as súas experiencias vitais como ferramentas de reflexión para unha relectura dos roles tradicionais da nai e, en concreto, do ser nai na Galiza contemporánea. Esta metodoloxía novidosa que inaugurara Adrienne Rich na súa obra "Of Women Born" e que mestura a voz poética coa tensión teórica supón unha nova achega epistemolóxica para pensar a cultura galega.
CV	Iria Ameixeiras Cundíns é doutora pola Columbia University coa tese: "Staging Deviant Traditions: The Politics of Folklore under the Iberian Fascist Regimes". Desde 2022 exerce como profesora de Lingua Galega e Literatura no Sistema Educativo Público de Galiza.

Autor/a	OLGA CASTRO (WARWICK)
Título	A AUTOTRADUCIÓN COMO ESTRATEXIA FEMINISTA? O PECADO (DA LINGUA) ORIXINAL NA NARRATIVA DE AUTORAS GALEGAS CONTEMPORÁNEAS
Resumo	A autotradución é unha estratexia común utilizada por escritorxs bilingües para chegaren a públicos máis amplos e obteren así recoñecemento. A tendencia cúmprese especialmente no caso de autorías que escriben en linguas minorizadas coma o galego, dado o fácil que lles resulta facer que os seus libros estean dispoñíbeis en castelán, como xeito tanto de entrar no mercado literario hexemónico de fala hispana como de atraer potencialmente a atención de editoriais internacionais. Para as escritoras galegas contemporáneas, en particular aquelas que formando parte do chamado "boom das narradoras" gañaron un status e prestixio significativos na escena literaria galega desde o 2000, a autotradución podería funcionar como estratexia feminista para axudarlles a superar os obstáculos que atopan ao intentar acceder aos circuitos da tradución, pois malia o

seu éxito na casa [e a diferenza dos seus homólogos masculinos] as novelistas galegas rara vez están dispoñíbeis en tradución. Ora ben, dada a posición diglósica e asimétrica entre as linguas e literaturas implicadas na autotradución vertical do galego ao castelán (Grutman 2009), xorden decote unha serie de tensións culturais arredor de cuestións de hexemonía, resistencia, dominio, subversión e (inter)dependencia. Neste contexto, as decisións individuais dxs autotradutorxs adquiren un forte cariz político. Alén do ámbito textual (isto é, as recreacións e licenzas que tomen desde a súa posición privilexiada como reescritor/a) a nivel extratextual as decisións individuais determinarán o grao de visibilidade como mediadoras, como o establecemento máis ou menos explícito do galego como 'lingua orixinal' na autopromoción das autotraducións nas redes sociais, aspecto este potencialmente problemático no caso da saída simultánea da novela nos dous idiomas. Trátase este último un aspecto que até o momento non ten recibido atención crítica. Para encher este baleiro, neste relatorio pretendo achegar novas perspectivas sobre autotradución e poder nas literaturas non hexemónicas desde un enfoque feminista interseccional que considera como a variábel xénero interactúa inextricablemente coa identidade cultural. A partir da traxectoria recente de dúas das escritoras autoproclamadas feministas máis consagradas e prolíficas da última década, María Reimóndez (n. 1975) e Inma López Silva (n. 1978), o meu obxectivo é avaliar as estratexias que usan á hora de autopromocionar as súas autotraducións, negociando a súa dobre filiación como feministas e como escritorxs dunha literatura minorizada.

CV Olga Castro é profesora titular en Estudos de Tradución na University of Warwick, Gran Bretaña, en excedencia no período 2024-2027, ao estar contratada na Universitat Autònoma de Barcelona como investigadora distinguida sénior ao abeiro do programa de atracción de talento "Beatriz Galindo". As súas liñas de investigación inclúen os estudos feministas de tradución desde unha perspectiva transnacional e interseccional, as políticas de tradución en culturas non hexemónicas, a tradución no mercado editorial angloamericano e a autotradución en contextos plurilingües. É fundadora e editora xefa da revista académica *Feminist Translation Studies* (Taylor & Francis). Coeditou os libros *Translating Women in the Anglosphere: Activism in Action* (ITI, 2020), *Feminist Translation Studies: Local and Transnational Perspectives* (Routledge, 2017), *Self-translation and Power: Negotiating Identities in Multilingual Europe* (Palgrave, 2017), *Trama e urda: Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos* (Consello da Cultura Galega 2015), e variados números especiais sobre feminismos, tradución e estudos galegos. Foi investigadora principal de dous proxectos de investigación con financiación externa titulados "Changing the translation landscape from multilingual Spain" (2022-2023) e "Stateless Cultures in Translation" (2018-2021). En 2022 coorganizou a Warwick School of Feminist Translation. Foi cofundadora e vicepresidenta da Asociación de Programas de Traducción e Interpretación do Reino Unido e Irlanda (2017-2021). É membra correspondente da Real Academia Galega e membra da Cátedra Galicia-América da Universidad Nacional de San Martín, en Arxentina. Para máis información: <https://warwick.ac.uk/fac/arts/modernlanguages/academic/oc/>

SALA 2.06 - CPII

COMUNICACIÓNS

Moderador/a MARIA ARÁNZAZU FERNÁNDEZ (UH)

Autor/a CRISTINA NEGREIRA BARCIA (USC)

Título O HIBRIDISMO EN LUZ POZO GARZA: DILUÍNDOLAS BARREIRAS CREATIVAS

Resumo Luz Pozo Garza (1922-2020) é unha artista galega coñecida, principalmente, polos seus textos poéticos. Ao longo de sete décadas de creación, a súa actividade cultural estendeuse alén da publicación de libros; tendo as súas producións unha gran presenza en múltiples revistas culturais. Dentro de toda a obra creativa nas mencionadas cabeceiras, obsérvanse poemas, ensaios (principalmente literarios) e textos heteroxéneos. Baixo esta última denominación atópanse numerosas publicacións, moi diversas entre si, gran parte das cales non permiten adscripción a unha categoría determinada pois as fronteiras xenéricas e tipolóxicas dilúense. Esta comunicación propón afondar nos textos heteroxéneos e híbridos pozogarcianos exhumados (entorno a medio cento dende 1951 ata 2018) para coñecer un pouco máis a evolución tanto destas creacións como da súa creadora.

BIBLIOGRAFÍA

1)

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA:

1.1-TODAS AS CREAMIÓNS ASINADAS POR LUZ POZO GARZA NAS SEGUINTES REVISTAS CULTURAIS (por orde alfabética): Ágora do Orcellón , Alba, Anduriña , Anfora, Atenea , Aturuxo, Boletín da Real Academia Galega, Boletín galego de literatura, Canal , Casahamlet, Clave Orión, Contemporánea, Cuadernos hispanoamericanos, ECO: Revista do Eixo Atlántico, Encrucillada, Escrita contemporánea, Evohé, Fadamorgana, Ferrol análise, Festa da palabra silenciada, Fiestas Vivero, Dorna , Grial , Hablar de poesía , Insula, La revista áurea, Letras Perennes de Folla Caduca, Lumieira , Lunula, Luzes de Galiza, Mensajes de poesía, Mundo gallego , Nordés , O currunchiño , Olga, Ólisbos , Poesía española , Poesía Galicia, Reverso, Revista de estudos rosalianos , Semana Santa Viveiro, Tránsito, Tribuna , Unión libre, Vida Gallega , Xistral e Zurgai

1.2-TODOS OS LIBROS (POÉTICOS E ENSAÍSTICOS) ASINADOS POR LUZ POZO GARZA

2)

BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA: Artigos académicos/libros escritos por:

BLANCO, CARMEN:

(1998). A figura literaria de Luz Pozo Garza: A ave da luz sabe onde está o Norte.

(2002). Pozo Garza: a ave do norte.

(2004). Luz Pozo Garza: memoria radiante de una mujer solar

(2004). Obra total. Opera omnia

(2009). Tras Luz Pozo Garza na Mariña.

(2021). "Amor contra morte: a edición do Códice Calixtino de Luz Pozo Garza

LÓPEZ, AURORA e POCIÑA ANDRÉS: (2014). Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza. Santiago de Compostela: Alvarellos.

RODRÍGUEZ-GONZÁLEZ, OLIVIA:

(2008). A poética de Luz Pozo Garza

(2017). Un pozo de luz: homenaxe da Real Academia Galega á poeta Luz Pozo Garza no seu 95 aniversario. ;

(2020). Luz Pozo Garza (1922-2020),

LIBRO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN SOBRE O CENTENARIO DE LUZ POZO:

(2022) C. Blanco & O. Rodríguez González (Ed.), Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022). Santiago de Compostela: Arquivo de Galicia

CV EXPERIENCIA LABORAL

(2018- actualidade): Profesora de Secundaria, na especialidade de Lingua Castelá e Literatura da Consellería de Educación (funcionaria de carreira)

(2016- 2018): Profesora de Secundaria, na especialidade de Lingua Castelá e Literatura na Consejería de Educación del Principado de Asturias

ESTUDOS

(2019-2023) DOUTORAMENTO EN ESTUDOS CULTURAIS, na USC (especialidade de literatura)

Tese de doutoramento sobre a obra de Luz Pozo Garza dispersa nas revistas culturais

Cualificación: Sobresáinte “Cum Laude”. Enlace:

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/humanidades-exhuma-recompila-cataloga-obra-dispersa-revistas-culturais-ribadense-luz-pozo-garza>

(2014/2015) MESTRADO DE PROFESORADO, ESPECIALIDADE EN LINGUAS, na USC

Cualificación: 8.9/10

(2012/2013) MESTRADO EN ESTUDOS INTERNACIONAIS, na USC

Cualificación: 8.2/10

(2008-2012) LICENCIATURA EN XORNALISMO, na USC

Cualificación: 8.6/10

(2001-2011) GRADO PROFESIONAL DE MÚSICA, ESPECIALIDADE EN FRAUTA TRAVERSEIRA, no Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela.

(ACTUALIDADE): GRADO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS, na UNED

LINGUAS:

Galego: nativo e título do C2 pola EOI (Escola Oficial de Idiomas)

Español: nativo

Inglés: título do C2 pola EOI de A Coruña

Francés: título do C1 pola EOI de A Coruña

Portugués: título do B2 pola EOI de Santiago de Compostela

PREMIOS

(2020)1º Premio do VI concurso literario, expedido pola Universidade de Santiago de Compostela. A obra premiada foi un texto teatral titulado "As aldeas non deben apargarse"

(2015) 2º Premio en la IV Edición do Certame de Poesía Ardeiro

Expedido polo Concello de Negreira

(2012)1ª Premio á mellor oradora na Competición Internacional de debate académico "Trivium"

Expedido pola "Universidad Pontificia de Salamanca" ·

(2010)1ª Premio da VI Edición dos Premios á calidade lingüística dos traballos académicos da Facultade de Comunicación. Expedido pola Universidade de Santiago de Compostela ·

Autor/a	MARIA BOGUSZEWICZ (UW)
Título	NOVO (ECO)CINEMA GALEGO: A PAISAXE COMO PERSONAXE NA OBRA DE LOIS PATIÑO
Resumo	Aínda que o Novo Cinema Galego se caracteriza en xeral por unha marcada sensibilidade ecolóxica, Lois Patiño é probablemente o director que máis se inscribe na corrente universal chamada “ecocinema”. O termo foi acuñado por Macdonald en 2004 quen calificou así as películas cunha importante mensaxe medioambiental. Dende aquel tempo moitos teóricos traballaron con este concepto enriquecendo e proveendo as ferramentas adecuadas para a análise do material filmico (Brereton, McMahon, Pick e outros). As técnicas exploradas polo ecocinema, como a democratización da representación do humano e non humano, a apertura non xerárquica ao entorno, atención ás axencias non humanas, etc. non só son presentes na obra de Patiño senón que a vertebran. O obxectivo desta comunicación é indagar sobre o trato que este director lle da á paisaxe tanto nas súas curtas como nas longametraxes. Baseo a miña análise principalmente nas teorías ecocríticas (Ivakhiv) e do ámbito do novo materialismo (Alaimo). Este achegamento permite ver como a paisaxe se converte nunha personaxe principal nas películas de Patiño non como resultado dunha humanización da natureza (como nas películas de medo ou debuxos animados) senón dunha personalización desta. A actitude de Patiño pódese calificar como personalismo ecolóxico que entende a natureza como unha ‘comunidade de persoas’ e unha persoa como ‘un modo de ser’ (Kohák). En consecuencia, as películas de Patiño contribúen á unha remodelación da perspectiva do espectador sobre a natureza e axudan a crear unha sociedade máis sensible ecolóxicamente. BIBLIOGRAFÍA Alaimo, S. 2010 <i>Bodily Natures: Science, Environment, and the Material Self</i>, Bloomington. Ivakhiv, A. 2013 <i>Ecologies of the Moving Image: Cinema, Affect, Nature</i>, Wilfrid Laurier University Press. Kohák, E. 1991 “Speaking of Persons: Mirror or Metaphor?”, <i>Personalist Forum</i>, vol. 7: 41-57. MacDonald, S. 2004 “Toward an Ecocinema”, <i>Interdisciplinary Studies in Literature and Environment</i>, vol. 11, no. 2: 107-132. CV Profesora adxunta no Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Varsovia. Na súa investigación enfócase principalmente na cultura galega, vasca y catalana. Membro do grupo de investigación EcoCultureLab. Foi coordinadora dos convenios entre a Universidade de Varsovia e a Xunta de Galicia, o Institut Ramon Llull e o Instituto Vasco Etxepare así como presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos nos anos 2018-2021.

Autores/as	JUAN DAVID DÍAZ LÓPEZ (USC) MARIO REGUEIRA (USC)
Título	CONSTRUÍNDO A GALIZA POSÍBEL. O DISCURSO IDEOLÓXICO NA ARQUITECTURA GALEGA DO SÉCULO XX
Resumo	Dentro das posibilidades de elaborar un discurso cultural, as que ofrecen a arquitectura e o urbanismo formulan unha serie de problemáticas que só teñen sido moi escasamente analizadas. A imposibilidade de realizar un proxecto como parte dun discurso individual, a súa función no espazo público e a forte dependencia dos poderes económicos ou políticos son só algunhas das perspectivas que veñen acoutando a posibilidade do seu estudo. Con todo, consideramos que a través dos proxectos urbanísticos arquitectónicos se abre unha parte importante do debate sobre aspectos tan relevantes para a idea de cultura como a representación identitaria, a imaxe do pasado e o futuro proxectado como misión colectiva. A idea de comunidade constrúese tamén baixo estes presupostos, tanto naqueles que se realizan como, moi particularmente, nos que son abandonados, entran no ámbito do utópico ou son eliminados como consecuencia directa ou indirecta dunha pugna ideolóxica. Neste sentido propoñémonos dar unha ollada analítica sobre unha representación selectiva de obras, baixo unha perspectiva que soborde a simple descrición física ou estilística. Trataremos de percorrer os elementos que apuntan a unha idea de proxección colectiva, particularmente nun país como Galiza, sometido a unha loita de reivindicación de futuro respecto da organización metropolitana española, pero tamén a un proceso de reorganización da súa propia identidade, na que esas propostas van artellar, ao seu xeito, un discurso propio. Nun diálogo intenso co proxecto “Arquitecturas soñadas” (PID2022-137098NB-I00) no que o Dr. Juan Díaz participa activamente, e tratando de vinculalo á liña de investigación do Dr. Mario Regueira sobre utopías e futuros alternativos, non perderemos de vista o elemento de realidade posíbel que este discurso urbanístico trazou e como se vinculou intensamente co pensamento político da súa época. As arquitecturas que non chegaron a ser, así como aquelas que desapareceron, forman parte dunha sorte de identidade fantasmal, cuxa proposta continúa viva en elementos como a saudade dun país que non puido ser ou na ambición dunha realidade que continúa convidando a unha construción futura. BIBLIOGRAFÍA Beramendi, Justo. 2007. De provincia a nación: historia do galeguismo político. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Casas, Arturo. 2011. “O compromiso como posición no campo cultural. Luís Seoane no campo cultural galego.” En Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina, ed. Ramón Villares, 311–38. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Garrido Rodríguez, Xaime. 2001. Vigo, la ciudad que se perdió: arquitectura desaparecida, arquitectura no realizada, arquitectura antigua, arquitectura modificada. 4a ed. corregida y Aumentada (1a ed. en 1991). Deputación Provincial de Pontevedra. Garrido Rodríguez, Xaime, y Xosé Ramón Iglesias Veiga. 1995. Manuel Gómez Román: mestre da arquitectura galeguista. Vigo: Xerais. Iglesias Veiga, José Ramón, y Jesús Ángel Sánchez García. 2002. «Bases ideológicas para la recuperación del pazo gallego en los años 30». En Actas del congreso internacional «Arquitectura, ciudad e ideología antiurbana» [Pamplona,

14 y 15 de marzo de 2002], 123-32. Pamplona: T6 Ediciones.
<https://dadun.unav.edu/handle/10171/23633>

Iglesias Veiga, Xosé Ramón. 2018. Arquitectura rexionalista galega. Antonio Palacios, Gómez Román & outros arquitectos. Vigo: Engaiolarte Edicións.

Jameson, Fredric. 2005. *Archaeologies of the future: the desire called utopia and other science fictions*. New York: Verso.

López Vázquez, José Manuel B. 2006. «O primitivismo na arte galega ata Luis Seoane: na procura da identidade». En *Do primitivo na arte galega ata Luis Seoane: procesos de creación artística e de identidade nacional* [catálogo da exposición], 33-193. A Coruña: Fundación Luis Seoane.

Sánchez García, Jesús Angel. 2020. «As concepcións urbanísticas de Antonio Palacios: Influencias e modelos para o plan de Vigo e outras propostas en Galicia». En Antonio Palacios: Soños de modernidade. *Compromiso con Galicia*, 283-322. Vigo: Fundación Museo do Mar de Galicia.

Vieira, Fátima. 2010. "The concept of utopia." In *The Cambridge Companion to Utopian Literature*, edited by Gregory Claeys, 3-27. Cambridge Companions to Literature. Cambridge: Cambridge University Press.
<https://doi.org/10.1017/CCOL9780521886659.001>

CV JUAN DAVID DÍAZ LÓPEZ

Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese *Cidades e hoteis na Galiza contemporánea (1779-1948)*, centra o seu labor investigador nas transformacións urbanas ligadas á cultura burguesa e particularmente as do mundo dos viaxeiros e o fenómeno turístico. A realización dunha estancia predoutoral no Institute of Historical Research da University of London impulsa o seu interese polas conexións anglosaxoas da temática hoteleira, o que se plasma en estudos como *Unha casa para o viaxeiro*. Da orixe do hotel ao caso galego (2015). Colaborador do equipo Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo (HAAYDU), da USC, participou en diversos proxectos de investigación do Estado español e realizou diversas publicacións sobre historia da arte, arquitectura e urbanismo na Galiza, entre as que destacan os libros *Fondas e hoteis da Compostela burguesa* (2020), *O pazo de San Lourenzo de Trasouto* (2015) ou, sobre arquitecturas desaparecidas, os volumes colectivos titulados *Arquitecturas desvanecidas* (2019) e *Arquitecturas añoradas* (2023). A todo isto contribúe a súa faceta como xornalista e tamén como docente, que actualmente exerce na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo e no centro asociado da UNED na Coruña.

MARIO REGUEIRA

Licenciado en Filoloxía Galega e Dr. en Teoría da Literatura e Literatura Comparada. Autor/de Narrativa e imaxinario nacional. A reconstrución do campo literario na posguerra (1936-1966) (Xerais, 2020), edición parcial da súa tese de doutoramento. As súas liñas de investigación pasan pola aplicación do marco bourdieano aos estudos literarios galegos, así como un interese moi marcado pola teoría queer e a ficción científica, con particular atención ao tratamento da técnica e das relacións sexo-afectivas. É tamén autor literario en lingua galega premiado varias veces en ámbitos como a narrativa e a poesía, ademais de ter participado como crítico literario en diversos medios. Actualmente (curso 2023/2024) é profesor da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela.

19 ABRIL – CAMPUS DE GUALTAR

15:30 – 17:15

AUDITÓRIO B1 - CPII

PANEL

Título	ROSALÍA ENTRE GALIZA E PORTUGAL
Coordenador/a	OLIVIA NOVOA FERNÁNDEZ (UALG)
Resumo	Este panel temático propón un percorrido pola figura de Rosalía de Castro cuxo fio condutor é a relación da súa obra con Portugal. En primeiro lugar, e partindo dun texto crítico seriado de López de la Vega publicado en Galicia, Revista Universal de este Reino, analizarase o posible impacto deste na recepción da autora galega en Portugal nesas décadas. En segundo lugar, explorarase o influxo da literatura portuguesa en Rosalía e moi especialmente de Camões, a partir da análise do poema “Dende as fartas orelas do Mondego” en homenaxe ao vate luso. Por último, presentaremos unha análise das noticias que contaron a inauguración en 1954 do monumento dedicado á poeta na praza da Galiza da cidade de O Porto.

Autor/a	MARÍA XESÚS LAMA (USC)
Título	ROSALÍA, PORTUGAL E A RECEPCIÓN DE CANTARES GALLEGOS
Resumo	No mesmo ano da publicación de Cantares Gallegos (1863) publícase na revista coruñesa Galicia, Revista Universal de este Reino un artigo seriado de José López de la Vega co título "La poesía portuguesa y la poesía gallega", onde se dedican dous dos cinco capítulos a comentar a obra de Rosalía ao mesmo tempo que chama a atención sobre a analogía entre os idiomas a ambos lados do Miño. López de la Vega loa o compromiso cívico da poeta fronte á poesía individualista e escéptica. Explorase ata que punto este marco crítico puido influenciar na recepción de Rosalía en Portugal, desde as primeiras mostras da súa poesía en Diario Ilustrado (1873) á presenza da segunda edición do seu libro entre outros de poesía folclórica na biblioteca de Antero de Quental ou na antoloxía de poesía galega que inclúe Teófilo Braga no seu Parnaso português moderno (1877).
CV	María Xesús Lama é profesora de Estudos Gallecs i Portuguesos na Universitat de Barcelona e membro de ADHUC - Centre de Recerca Teoría, Género, Sexualidad. Actualmente dirixe a revista Abriu. Estudis de textualitat en Galicia, Portugal y Brasil e codirixe o proxecto GenViPreF-“Género, violencia y representación. Los textos de creación en la prensa femenina peninsular (1848-1918)”. É autora de diversos artigos sobre literatura galega contemporánea e o libro Cantos de independencia e liberdade. Rosalía de Castro (1837-1863) (2017). Editou poemarios como Cantares gallegos de Rosalía de Castro e Cantos do pobo disperso de Paz Andrade e coeditou monográficos de revistas e monografías como Mulleres en Galicia/Galicia e otros

pobos da Península (2007) ou Papeles del crimen. Mujeres y violencia en la ficción criminal (2019)

Autor/a ANXO ANGUEIRA VITURRO (UVIGO)

Título ROSALÍA, PORTUGAL E CAMÕES

Resumo O impacto da literatura portuguesa, especialmente de Camões, é ben perceptible na obra da nosa autora, como xa foi recoñecido en Cantares gallegos. Agora ben, o poema “Dende as fartas orelas do Mondego”, que formaba parte dunha publicación extraordinaria do Jornal de Viagens (Portugal a Camões, 1880) coa que se conmemoraba o tricentenario do autor d’ Os Lusíadas, dá unha visión rosaliana moi específica no contexto dos restantes textos de homenaxe.

CV Anxo Angueira Viturro é profesor Titular da Universidade de Vigo, Presidente da Fundación Rosalía de Castro e académico da RAG. As súas investigacións céntranse na obra de Méndez Ferrín e no período de emerxencia do S. XVIII e XIX, especialmente en Sarmiento e en Rosalía de Castro, da que fixo a edición crítica da súa obra poética. Como poeta leva publicadas obras coma O valo de Manselle (1996), Fóra do sagrado (2007) e Palmeiras, piueiros (2021). Como narrador publicou entre outras novelas Pensa nao (1999) e Iria (2012).

Autores/as OLIVIA NOVOA FERNÁNDEZ (UALG)
MARÍA JESÚS BOTANA VILAR (UALG)

Título INAUGURACIÓN NO 1954 DO MONUMENTO DE ROSALÍA EN PORTO: COBERTURA MEDIÁTICA E RECEPCIÓN

Resumo Na praza da Galiza de O Porto eríxese un monumento dedicado a Rosalía de Castro. Esta homenaxe da cidade á poeta é obra do escultor Barata Feyo e foi inaugurada a 4 de agosto de 1954 nunha cerimonia na cal participaron personalidades da política e da cultura de ambos países, entre outras, Gala Murguía. Tratouse, sen dúbida, dun acontecemento que foi destacado nos xornais locais e excepcionalmente no noticiario cinematográfico Imagens de Portugal. Setenta anos despois, as imaxes e os textos xornalísticos transpórtannos ata esa data documentando e testemuñando aquela xornada. A partir destes documentos, presentaremos e discutiremos a cobertura mediática do acontecemento nos xornais portugueses e españois.

CV OLIVIA NOVOA FERNÁNDEZ
Doutora (2019) en Comunicación, Cultura e Artes pola Universidade do Algarve (Portugal). É lectora e profesora nos graos de Linguas, Literaturas e Culturas, e Linguas e Comunicación Intercultural. É membro do CIAC (Centro de Investigação em Artes e Comunicação), onde desenvolve a súa investigación en áreas relacionadas coa literacia dos medios, o cinema e o ensino de linguas estranxeiras. Desde 2011, estuda a representación das relacións entre Portugal e España nos noticiarios cinematográficos.

MARÍA JESÚS BOTANA VILAR

Profesora de Linguas, Literaturas e Culturas, e de Linguas e Comunicación, na Universidade do Algarve, membro integrado do CIAC —Centro de Investigación en Artes e Comunicación — e directora do Centro de Estudos Galegos (CEG) da UAlg. É autora de diversos artigos na área da lírica medieval e autora do libro O léxico do sufrimento nas Cantigas de Santa María. Campos sémicos e campos léxicos (2018). Na actualidade dirixe e edita a colección do CEG-CIAC, Textos e Estudos (<https://publicacoes.ciac.pt/index.php/ceg-ciacyissue/archive>), composta por sete volumes monográficos que abranguen temáticas diversas desde o romanceiro ou Afonso X até a materia artúrica na literatura galega

SALA 0.11 - CPII

PANEL

Título	“BEYOND SENTIDIÑO”: REFLEXIÓNS DIASPÓRICAS SOBRE A CULTURA GALEGA
Coordenadores/as	LAURA LESTA GARCÍA (MIDDLEBURY) DANIEL AMARELO (UOC)
Resumo	O presente panel pretende servir como punto de encontro e presentación do libro Beyond sentidiño: New diasporic reflections on Galician culture (Routledge, 2024). O propósito deste panel, logo, é interrogar o concepto de sentidiño, unha metáfora do que entendemos como o sentido común que guía de maneira normativa e institucional o entendemento da cultura galega. Esta forma específica e concreta de galeguidade xurde no momento da Transición, no cal se impón un consenso que evite a tensión política entre o estado español e as diferentes “nacionalidades históricas”. Consideramos que esta maneira rixida de entender a identidade galega resulta caduca no período contemporáneo e debe ser revisitada. Para iso, botamos man dos estudos diaspóricos que definen conceptos como identidade, cultura e linguaxe dun xeito híbrido, fluído e complexo. Esta perspectiva diaspórica ten tamén moito que ver co contacto que a cultura galega ten co mundo da Lusofonía: as conexións cos países de fala portuguesa desde unha perspectiva histórica fan que (re)formulemos os límites culturais e lingüísticos dun espazo en constante tensión. As autoras do volume situamonos, xeográficamente, fóra das fronteiras da comunidade autónoma de Galiza. Este feito convértenos en suxeitos desprazados, o que nos permite ofrecer unha perspectiva creativa e anovadora da cultura galega nun mundo post-pandémico, globalizado e transnacional, que complementa a xa existente. Presentamos un panel interdisciplinario en consonancia coa disciplina dos estudos galegos internacionais, no que atopamos achegas sobre antropoloxía, música, danza e sociolingüística. BIBLIOGRAFÍA Alonso Alonso, María. Transmigrantes: fillas da precariedade. Axóuxere, 2017. Anderson, Benedict. Imagined Communities: Reflection on the Origin and Spread of Nationalism. Verso, 2006. Bhabha, Homi. The Location of Culture. Routledge, 1994. Blanes, Amanda and Domingo, Andreu. “The Galician Diaspora in the 21st Century: Demographic Renovation as a Response to the Economic Crisis” in Galician

Migrations: a Case Study of Emerging Super-diversity, edited by Reneé de Palma and Antía Pérez Caramés. Springer, 2018, pp. 93-111.

Castro, Obdulia, et al. Gender, Displacement, and Cultural Networks of Galicia: 1800's to Present. Palgrave Macmillan, 2022.

Colmeiro, José F. Peripheral Visions/Global Sounds: From Galicia to the World. vol. 16;16. Liverpool University Press, 2017.

Hall, Stuart. "Cultural Identity and Diaspora" in Identity: Community, Culture, Difference, edited by Jonathan Rutherford, Lawrence & Wishart 1990, 222-37.

Hooper, Kristy. Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics. vol. 5, Liverpool University Press, 2011;2017.

Hooper, Kirsty, and Manuel Puga Moruxa. Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global. Modern Language Association of America, 2011.

Martínez, Guillem (coord.). CT o la Cultura de la Transición. Crítica a 35 años de cultura española. Debolsillo, 2012.

Miguélez-Carballeira, Helena. Galicia, a Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics. University of Wales Press, 2013.

Miguélez-Carballeira, Helena. A Companion to Galician Culture. Edited by Helena Miguélez-Carballeira. Boydell & Brewer, 2014.

Moraña, Mabel. Líneas de fuga: Ciudadanía, frontera y sujeto migrante. Iberoamericana, 2021.

Rei-Doval, Gabriel, and Fernando Tejedo-Herrero. Lusophone, Galician, and Hispanic Linguistics: Bridging Frames and Traditions. Edited by Gabriel Rei Doval, and L. F. Tejedo-Herrero. Routledge, 2019.

Romerales, Laura. "'Chegar e encher', 'sentidiño' y otras expresiones típicas para celebrar el Día de las Letras Gallegas." Verne, El País, 17 May 2020. https://verne.elpais.com/verne/2020/05/14/articulo/1589465599_103239.html

Romero, Eugenia R. Contemporary Galician Culture in a Global Context: Movable Identities. Lexington Books, 2012.

Sampedro Vizcaya, Benita, and José A. Losada Montero. Rerouting Galician Studies: Multidisciplinary Interventions. Edited by Benita Sampedro, et al. Palgrave Macmillan, 2017.

Vilarós, Teresa M. El mono del desencanto: una crítica cultural de la transición española [1973-1993]. Siglo XXI, 1998.

Autores/as	DANIEL AMARELO (UOC) LAURA LESTA GARCIA (MIDDLEBURY)
Título	INTRODUCCIÓN A “BEYOND SENTIDIÑO: NEW DIASPORIC REFLECTIONS ON GALICIAN CULTURE” (ROUTLEDGE, JULHO 2024)
Resumo	
CV	DANIEL AMARELO Daniel Amarelo ten un mestrado en Lingüística Hispánica pola Universidade de Colorado-Boulder e na actualidade cursa o seu doutoramento no programa de Humanidades e Comunicación da Universitat Oberta de Catalunya. A súa tese estuda falantes cuir na Galiza e Cataluña e as suas ideoloxías lingüísticas relacionadas coa intersección entre lingua, nación e sexualidade. Daniel editou o primeiro volume de estudos cuir galegos, Nós, xs inadaptadxs. Representações, desejos e histórias LGBTIQ na Galiza (Através Editora, 2020) e publicou en revistas especializadas sobre temas de sociolingüística. Entre os seus intereses de pesquisa

encóntranse tamén a antropoloxía lingüística, a lingüística cuir, a sociolingüística crítica, e os estudos lusófonos.

LAURA LESTA GARCÍA
Assistant Professor no departamento de Estudos Luso-Hispánicos en Middlebury College (EUA). A súa investigación analiza a o humor é o papel que ten nos procesos de formación nacional e identitaria na Península Ibérica dende un punto de vista histórico, especialmente en Galicia. A profesora Lesta García publicou en revistas como Bulletin of Hispanic Studies e Romance Notes e na actualidade está a co-editar o volume Beyond Sentidiño: New Diasporic Reflections on Galician Culture (Routledge, febreiro 2024). Forma parte do comité executivo do foro de Galicia da Modern Language Association (MLA).

Autor/a **KALEE R. PRENDERGAST (UNL)**

Título **ASÍ FAI O QUE BEN BAILA: BAILE E IDENTIDADE CULTURAL EN GALICIA**

Resumo Esta presentación ilustra o papel que o baile “tradicional” ten na identidade cultural galega. Inclúe as achegas realizadas durante un estudo etnográfico de tres meses no contexto urbano da cidade de Santiago de Compostela no que se observaron as coñecidas como foliadas –prácticas sociais comunitarias de música e baile – e a súa función no emprego da lingua galega. Para iso, evaluáronse obxectivos e identificáronse elementos das foliadas contemporáneas a través de observacións, opinións e entrevistas individuais que constitúen a base do traballo de campo. Recoñecida como unha práctica comunitaria participativa, debatíranse diversas perspectivas de participación dentro da foliada – especificamente no baile – xunto con nocións de “autenticidade”. Esta análise ten como finalidade establecer as prácticas modernas do baile tradicional como unha valiosa forma de expresión para a identidade cultural galega, e, como consecuencia, para o emprego da lingua.

CV Kalee Rose Prendergast conta cun mestrado en Etnomusicoloxía pola Universidade Nova de Lisboa. A súa tese, “‘Cantarte hei, Galicia, na lingua gallega’: Musica, baile e normalización da lingua galega en Santiago de Compostela”, ten como tema de análise principal a relación entre a música e o fenómeno sociolingüístico que presenciou durante os cinco anos que viviu en Galicia. A súa pesquisa reflexiona sobre a identidade cultural presente na música e baile, especialmente nas foliadas, e a interrelación que teñen eses ambientes co uso do galego. Está interesada en desenvolver proxectos culturais sobre a conexión musical entre as músicas galega e portuguesa.

Autor/a **ALICIA PAJÓM (UNIOVI)**

Título **GALICIA SITIO DISTINTO?: MÚSICA EN GALICIA DURANTE A TRANSICIÓN**

Resumo Durante a transición cara a democracia en Galicia hai tres espazos musicais que se conectan coa situación política e a contracultura: os cantautores, a música tradicional e a Movida de Vigo. Estos espazos dialogan co contexto histórico do país dun xeito moi claro. Nesta comunicación discútense as tensións que xorden nun

momento no que se está a construír o que se considerará “España” e no que a nación galega, xunto coas outras “nacionalidades históricas”, negocian a seu futuro. Analízase como estas estas escenas musicais xogan un papel importante neste marco e como os estereotipos sobre os galegos influenciaron o xeito en que miramos os e as artistas hoxe en día.

CV Alicia Pajón Fernández é investigadora asociada pre-doutoral na Universidade de Oviedo onde acaba de completar o seu doutoramento grazas a unha bolsa Severo Ochoa do Principado de Asturias. Ten un mestrado en Música pola Universidades de Oviedo, Granada e Internacional de Andalucía. O seu traballo analiza os discursos ao redor da música durante a Transición española, como parte do grupo de investigación “Grupo de Investigación en Música Contemporánea de España y Latinoamérica Diapente XXI”. Como resultado da súa investigación, publicou varios capítulos en volumes colectivos e artigos en revistas e participou en conferencias no estado español e no estranxeiro. Pertence ao consello editorial da revista galega de pensamento crítico Clara Corbelhe e participa como crítica musical no periódico asturiano La Nueva España.

Autor/a **XOÁN LAGARES (UFF)**

Título GALEGO, UNHA LINGUA NA LUSOFONÍA?

Resumo Nesta presentación delibérase sobre a complexa relación histórica entre as variedades do galego e a diversidade de grupos que constitúen o espazo político da lingua portuguesa no mundo. A idea da Lusofonía identifícase cunha “comunidade imaxinada” (Anderson 1991) que non se corresponde coa nación portuguesa, pero si co soño dun Portugal amplificado, rico en misticismo (Faraco 2016), resultado da expansión colonial deste pequeno país do Atlántico europeo. Revisións desta idea de esencia imperial, escritas sobre todo no Brasil, o país máis grande de fala portuguesa, defende o encontro co pasado galego para desenvolver a percepción dunha admitida como heteroxénea “comunidade de linguas”, que o lingüista brasileiro Marcos Bagno (2011, 2013) denomina “grupo portugués”. Tendo en conta este contexto, esta comunicación busca pensar opcións sobre políticas para a lingua galega que vain alén da identificación entre “lingua” e “norma”, imaxinando oportunidades nas que estas relacións históricas e culturais poidan axudar a sobrepasar a nosa condición de minorización.

CV Xoán Carlos Lagares é profesor no departamento de Linguas Modernas e investigador do Programa de Posgrao de Estudos Lingüísticos na Universidade Federal Fluminense (Brasil), onde coordina o grupo “Historia, Política e Linguas en contacto”. Tamén é co-Coordenador do Centro de Estudos Galegos da UFF, membro do comité “Multilingüismo, Dereitos Lingüísticos e Inxustiza Social”, e Coordinador do comité de políticas públicas da Associação Brasileira de Linguística. A súa investigación versa sobre a historia do español, portugués e galego, a linguaxe estandarizada e o conflito lingüístico cunha perspectiva glotopolítica. Entre as súas publicacións, destácanse: Qual política linguística? Desafios glotopolíticos contemporáneos (Parábola: São Paulo, 2018); e Políticas da norma e conflitos lingüísticos (Parábola: São Paulo, 2011), Galego e Portugués Brasileiro: historia, variação e mudança (Eduff: Niterói-RJ, 2012) e Glotopolítica e prácticas de linguagem (Eduff: Niterói-Rj, 2021) das que é co-editor.

SALA 0.14 - CPII

PANEL

Título	CAMPO EDITORIAL E CULTURA AUTONÓMICA. BIBLIOMETRIA E PRIMEIROS RESULTADOS DE UM PROJETO DE INVESTIGAÇÃO EM CURSO
Coordenador/a	ROBERTO SAMARTIM (UDC)

Autores/as	ROBERTO SAMARTIM (UDC) ISAAC LOURIDO (UDC)
Título	APRESENTAÇÃO DO PROJETO "CAMPO EDITORIAL E CULTURA AUTONÓMICA: INDUSTRIALIZAÇÃO E INSTITUCIONALIZAÇÃO DO LIVRO NA GALIZA (1978-2026)"
Resumo	Projeto virado para o conhecimento da cultura autonómica galega através do estudo do campo editorial, em concreto da sua estrutura e funcionamento, das relações internas e externas, das questões ligada ao relacionamento entre produção, tradição e tradução, dos principais agentes e repertórios (nomeadamente línguas, géneros e temáticas), e das relações estabelecidas com outros campos como o da crítica, a historiografia, o ensino e os campos do poder. Este projeto entende o campo editorial como um objeto de estudo privilegiado para se aproximar do conhecimento 1) da circulação de produtos culturais em formato livro e das ideias que eles suportam, 2) dos programas e estratégias de ação de grupos e agentes que participam em sistemas culturais complexos, ou 3) das relações internas e externas destes agentes quer entre eles, quer com outros campos (culturais ou do poder) ou com sistemas literários e culturais em contacto.
CV	ROBERTO SAMARTIM Professor da Universidade da Coruña (UDC) e investigador do Grupo de Estudos Territoriais (GET-UDC) e da Rede Galabra (grupos na USC e na UMinho). Estuda o funcionamento dos campos culturais (nomeadamente o literário) e os processos políticos e ideológicos com eles relacionados. É investigador principal do projeto "Campo Editorial e Cultura Autonómica: Industrialização e Institucionalização do livro na Galiza (1978-2026)", financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do governo da Espanha (PID2022-139351OB-I00) ISAAC LOURIDO Licenciado em Filologia Hispânica (2004) e em Filologia Galega (2007) pola USC e doutor em Teoria da Literatura e Literatura Comparada (2011) pola mesma universidade. Na atualidade é docente no Departamento de Letras da UDC. A sua atividade investigadora está centrada nos processos de conflito e a conformação das identidades nos domínios literário e sociocultural, nomeadamente na poesia como ferramenta de intervenção social. Entre as suas publicações destacam os volumes História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza (2014) –vencedor do XX Prémio de Investigação Linguística e Literária Ricardo Carvalho Calero–, Livros que nom lê ninguém. Poesia, movimentos sociais e antagonismo político na Galiza (2014), La poesía actual en

el espacio público (2015), coeditado con Alba Cid, e Non-Lyric Discourses in Contemporary Poetry (2012), coeditado con Burghard Baltrusch.
--

Autores/as	ROBERTO SAMARTIM (UDC) VIVIANA FERNÁNDEZ MARCIAL (UDC)
Título	REPOSITÓRIO BIBLIOGRÁFICO DO CONHECIMENTO SOBRE O CAMPO EDITORIAL DA GALIZA AUTONÓMICA: PROCESO DE CONSTRUÇÃO E POSSIBILIDADES DE EXPLORAÇÃO
Resumo	Apresentação pública e exploração das possibilidades de abordagem da informação presente no repositório bibliográfico que preenche um dos défices identificados polo sector do livro galego e recolhe o conjunto do conhecimento sobre o campo editorial da Galiza autonómica. O processo de levantamento e fixação de referências confirmou que a exploração de fontes de informação deve ser baseada na recuperação de autoridades, de forma a estabelecer uma rede de atores nesse domínio específico e, após a revisão das bibliografias individuais e coletivas, lançar pesquisas concretas em todas as fontes e serviços disponíveis. A exploração dessa rede de conhecimento permite reunir agentes intervenientes no campo, cuja produção é recuperada em formatos estándares e analisada agora para mostrar algumas das potencialidades desta ferramenta bibliográfica, tais como a definição de subconjuntos, a geolocalização ou a Análise de Redes Sociais.
CV	ROBERTO SAMARTIM Professor da Universidade da Coruña (UDC) e investigador do Grupo de Estudos Territoriais (GET-UDC) e da Rede Galabra (grupos na USC e na UMinho). Estuda o funcionamento dos campos culturais (nomeadamente o literário) e os processos políticos e ideológicos com eles relacionados. É investigador principal do projeto "Campo Editorial e Cultura Autonómica: Industrialização e Institucionalização do livro na Galiza (1978-2026)", financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do governo da Espanha (PID2022-139351OB-I00) VIVIANA FERNÁNDEZ MARCIAL Doutora em Biblioteconomia e Ciência da Informação pela Universidade Carlos III de Madrid (2001) e professora titular na Faculdade de Humanidades e Documentação da UDC. Pesquisa sobre comportamento informacional, marketing de serviços de informação e gerenciamento de informações. Atualmente trabalha sobre transferência de conhecimento vinculada à Universidade do Porto.

Autor/a	LUCIA CERNADAS (OX)
Título	REFERÊNCIAS PARA O ESTUDO DA POESIA GALEGA NO PERÍODO 2000-2019: ANÁLISE BIBLIOMÉTRICA E RELACIONAL
Resumo	Apresentação e classificação dos contributos bibliográficos relativos ao estudo da poesia galega e à sociabilidade literária no período 2000-2019, retirados de um conjunto amplo de repositórios institucionais e catálogos de bibliotecas. A síntese do processo de levantamento destes materiais e, sobretudo, a análise bibliométrica das referências censadas atendem às necessidades da tese de doutoramento "A poesia no campo editorial galego (2000-2019): produção e consagração". A apresentação analisa uma parte específica da Base Bibliográfica construída no Projeto de acordo com parâmetros de natureza quantitativa, qualitativa e relacional. Ao mesmo tempo, delimita o conhecimento necessário para abordagens posteriores sobre poesia galega e sociabilidade no Campo Editorial Galego Autónómico. Essas futuras abordagens atenderão aspectos como a fixação do estado da questão e o estabelecimento do conhecimento construído sobre este objeto de estudo. BIBLIOGRAFÍA Cernadas, Lucia (2022). "A study of literature translated by Galician publishing houses established after 2003". Deusto Journal of European Studies, special number "Minority Languages and the Future of Europe". Deusto: Universidade de Deusto. https://doi.org/10.18543/ced.2478 Cernadas, Lucia (2022). "Estudo da poesia publicada pelas editoras incorporadas ao campo editorial galego entre 2003 e 2019". Apresentação no XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Varsóvia: Universidade de Varsóvia. Samartim, Roberto e Lucia Cernadas (2023). "Apresentação do Projeto Livro Galego". Apresentação no VI Encontro Internacional da Rede Galabra: Investigar na cultura. Para uma área de culturologia?. Braga: Universidade do Minho. Samartim, Roberto & Cernadas, Lucia (eds.) (2020). Base de Dados do livro galego no período autonómico (1978-2019) [Base de dados bibliográfica]. Projeto Livro Galego.

SALA 1.04 - CPII

PANEL

